

A NOSA TERRA

Pepe Carreiro

POIS EU PENSO
QUE A SOCIE-
DADE XA ES-
TÁ BEN
MADURA



O alcalde de Pontareas pide a cesión gratuita de terreos para a universidade do Marcote

11

Desde a chegada do PP aumentaron as actuacións policiais con violencia

10



Xosé López, decano de Xornalismo: "Hai que volver a separar a información da publicidade"

9

A oposición tilda de chafallada a lei da Xunta sobre Fundacións

7

Rato contabiliza como galegos os investimentos en Castela

16

24 DE OUTUBRO • 1996 • ANO XIX

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Nº 749 • 200 PTA

Raxoi ignora os proxectos de infraestruturas do Eixo Atlántico

O Eixo Atlántico reclama desde hai catro anos a posta en marcha dun proxecto tan elemental para vertebrar a eurorexión coma un tren moderno que comunique Ferrol con Porto. No Congreso celebrado en Vigo, tanto o director xeral de Estradas do ministerio de Fomento como o ministro Raxoi salientaron a necesidade de coesionar o Estado e ignoraron este e outros proxectos de comunicación entre Galiza e Portugal. (Páx. 5)

Os sandinistas non acadan a presidencia pero logran case a metade dos escanos

Os sandinistas terán na Asemblea 37 parlamentarios fronte a 39 da dereita, un resultado que asegura de feito o seu protagonismo na gobernación do país, a pesar das protestas por máis de setenta mil votos perdidos no recuento das candidaturas. (Páx. 17)

Os mexiloeiros peden mellores prezos e culpan á Xunta

Os integrantes dos piquetes viñan os peiraos da Ria de Arousa para evitar desembarcos de mexilón a baixo prezo. (Páx. 13)


Pena de morte para as abortistas

Unha muller morre desangrada na súa casa a causa dun aborto realizado precariamente. Non é a volta ao tempo de silencio senón un suceso que tivo lugar o Martes 15 nunha parroquia de Covelo. Con tres fillos xa e con poucos recursos económicos, non se pode falar de opcións nen de escolhas. Pero, que pode pasar para que unha muller sangre durante tres días sen ser hospitalizada? Como se pode morrer a raíz dunha das operacións máis simples que se dan na medicina? A xuiza intenta coñecer a razón polo que os familiares non aceptaron ingresala até causarlle a morte. Por que unha muller se somete a un aborto en precarias condicións cando a corenta quilómetros hai centros que realizan as intervencións con todas as garantías sanitarias? Nen a maternidade nen o aborto son libres cando alguén morre polo seu propio medo a contar a verdade. Puido máis o temor que a propia vida. Ao fin e ao cabo, á muller da Coruña que condearon o pasado ano a seis meses de cárcere por abortar en Portugal descubriuselle no hospital, ao ter unha infección despois da intervención. A actual lexislación permite, por moito que o neguen desde o PP, que exista prisión por abortar. Ou morte. Todo grazas á clandestinidade e o descoñecemento. ♦

A alta porcentaxe de matriculadas contrasta co número de profesoras e decanas

Cara unha universidade de mulleres

Con excepcións moi contadas, nas facultades galegas predomina o número de alunas mulleres: un 56% en xeral chegando ao 62% na Universidade de Santiago. Sen embargo, as cifras de alunado non obteñen correspondencia coas de postos de responsabilidade nesta institución na que as decanas e catedráticas cóntanse cos dedos das mans. Os homes seguen rexendo unha universidade da que, en poucos anos, máis da metade dos títulos serán para as mulleres, que racharon co veto secular en licenciaturas como Medicina ou Física.



A. PANARO

OS GROMOS DO PENSAMENTO


Domingo García-Sabell

Unha recompilación de escritos sobre diversas cuestións da nosa época a cargo dun dos máis brillantes ensaístas galegos.



galaxia

Duas mil quíntas persoas arroupan a Beiras na súa presentación como candidato



A. PANARO

En tono presidencial, Xosé M. Beiras dirixiuse ás 2.500 persoas que ategaban o Palácio de Congressos de Santiago. Era a súa proclamación como candidato á presidencia da Xunta polo BNG. Beiras fixo un chamamento "ao extenso empresariado autóctono" e aos portadores da intelixencia e da creatividade comprometidos co país. (Páx. 4)

O Galeusca réunese en Andorra para falar de literatura e novas tecnoloxías

O val pirenaico de Andorra acolleu os días 18, 19 e 20 a XIII edición do Galeusca, pertinaz desafío de tres culturas históricas, galega, basca e catalana, á hexemonia do castelán. Andorra reunía ademais o atractivo de ter por lingua oficial o catalán que, deste modo, é recoñecido, sequer simbolicamente, nos organismos internacionais nos que esta pequena comunidade ten representación. Por parte galega asistiron trece autores e dúas autoras. As novas tecnoloxías non asustan aos escritores, que ven nelas un novo lugar de difusión. (Páx. 21)

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.

VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.

CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.

VOCAIS:
Alberto Ansedo, Xosé M^a
Dobarro, Manuel Díez, Manuel
Veiga, Xosé Castro Flatón,
Manuel Portas e Xan Costa.

SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:
Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vixande,
Aranza Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro.

FOTOGRAFIA:
Anxo Iglesias

EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Enrique Acuña.

DESEÑO GRAFICO:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

PESCA:
Severino Xestoso.

SANIDADE:
María Alonso.

AGRICULTURA:
Xoán C. Garrido.

DEPORTES:
Rodolfo Dacuña.

MADRID:
Manuel Seoane.

BARCELONA:
Iria Varela.

PORTUGAL:
Gonzalo Nuno.

CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupe Gómez,
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Val,
Xosé M^a de Castro Erroteja,
Xesus González Gómez.

LECTOR:
Iago Luca

Fotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Cairos Sílvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraides

Redacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371, 36200 Vigo

Teléfonos:

REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01

ADMINISTRACION, SUBSCRIPCIONS E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

As enxeñerías son as únicas titulacións nas que predomina o alunado masculino Só 53 catedráticas de 412 nunha Universidade co 56% de alunas

♦♦ PAULA CASTRO - MÓNICA CURRÁS

As mulleres representan hoxe en día máis do 56% do alunado universitario galego. Así o reflicten as estatísticas do curso 95/96, marcando unha evolución ascendente que continuará aumentando, segundo predin as cifras provisionais deste ano. Este dado podería significar a fin da relegación feminina ao ensino superior e a consecución total dunha igualdade dos sexos neste ámbito, de non ser porque a porcentaxe entre o profesorado é aínda a inversa. O optimismo diminúe incluso máis cando se trata de buscar mulleres catedráticas ou con cargo dentro dos centros académicos. No curso pasado, só houbo 53 entre os 412 catedráticos das universidades galegas e 7 entre os decanos e directores de centro.

A elevada porcentaxe de alunas na Universidade de Santiago, do 62,51% no curso 95/96, fixo que o reitor, Dario Villanueva, a catalogase como "universidade feminina". Sen embargo, as mulleres

non representan sequer o 35% do profesorado dos campus de Lugo e Compostela e apenas supoñen un 24% entre os altos cargos académicos (decanos ou directores, vicedecanos ou subdi-

rectores e secretarías). Isto, que semella un paradoxo, non é máis que a consecuencia lóxica da seródica incorporación das mulleres ao eido universitario galego. Así, a irrupción da muller na ensinanza

superior, aínda que a pasos axigantados tal como confirma o feito de que tan só catro titulacións desta universidade teñan alumnado maioritariamente masculino, é un fenómeno tan relativamente recente que non deu tempo ás mulleres a concluir a traxectoria cara aos pasos máis altos da escaleta do poder académico.

Para María do Carme García Negro codirectora, xunto con Rita Radl, do congreso *Muller e Universidade*, celebrado en Compostela no mes de Xuño deste ano, non hai contradición algunha entre os datos do alumnado e os dos cargos e mestres universitarios porque "pertencen a xeracións totalmente distintas que non se poden comparar". Ela mesma, como parte dese 34,4% de profesoras da Universidade de Santiago, tras licenciarse en Economía en 1972 cunha promoción en máis dun 75% masculina, entende que non hai tantas mulleres en cargos académicos, igual que non as hai en cargos administrativos, porque en promocións como na dela, "xa non entraron en proporción semellante á dos homes".

Isto explica por que para a economista compostelana as actuais cifras só poden acollerse con optimismo. As porcentaxes de alunado amosan, ao seu xuízo, que "se van gañando espazos tendencialmente", co que o resto "é cuestión de tempo". referíndose ao acceso aos postos do ensino académico.

O profesorado feminino é dun 40% na Universidade de Vigo e nen sequer chega ao 35% na Universidade de Santiago. Na da Coruña a balanza inclínase aínda máis cara ao profesorado masculino, con 73 homes de cada 100 mestres. Este último caso é, se cabe, aínda máis significativo por canto esta mesma universidade é a única na que a porcentaxe de alumnos era aínda lixeiramente superior á de alunas no curso pasado, cun 50,1%.

Eles enxeñeiros, elas enfermeiras

Nen sequer o 62,5% de estudiantado feminino en Compostela e Lugo nen o 53% de Vigo han tomarse como espello dunha óptima presenza da muller no global das titulacións das universidades. Baixo estas cifras xerais homoxeneizadoras agóchase unha



En titulacións como Medicina, as mulleres conforman máis da metade do alunado.

A. PANARO

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

realidade heteroxénea herdeira dunha sociedade machista/sexista que prepara aos nenos para seren enxeñeiros e as nenas para seren mestras ou enfermeiras.

Que aínda hai *carreiras de mulleres e carreiras de homes* compróbase coa comparación entre o alumnado das Enxeñerías Técnicas Superiores e o das Diplomaturas de Enfermería e/ou Profesorado, por exemplo. Así, se nas primeiras a porcentaxe feminina non chega ao 25%, nas últimas sobrepasa sempre o 75%.

Novo de cada dez estudantes de Enfermería nos campus de Vigo e Pontevedra son mulleres, cifra que só se reduce nun dígito nos outros campus universitarios galegos que ofertan esta mesma diplomatura. Pola contra, tan só hai dúas mulleres de cada dez futuros Enxeñeiros Técnicos Industriais formados en Vigo e nen sequera iso nalgunhas das Enxeñerías Técnicas Superiores da Universidade da Coruña. Na Enxeñería Técnica de Informática e Sistemas, por exemplo, as mulleres conforman o 13,3% do alumnado, e o 17,15% na Enxeñería Técnica Naval.

Tamén na Universidade de Santiago, na que a maioría feminina predomina máis claramente, existen cotos masculinos en determinadas carreiras. Trátase da licenciatura de Físicas, no campus compostelano e, de novo, as Escolas Técnicas Superiores, no campus de Lugo. No primeiro caso, a porcentaxe de homes entre o alumnado é dun 66,7% mentras que, no segundo, é do 76% na E.T.S de Montes, do 63% na E.T.S de Explotacións Forestais, do 61,1% na E.T.S de Agrónomos e do 59% na E.T.S Agrícola.

Razóns de fondo

A codirectora do congreso *Muller e Universidade* insiste en matizar a importancia do protagonismo feminino ou masculino en determinadas titulacións. No primeiro caso, porque situacións como as de Enfermería responden, ao seu xuízo, "á consideración social do propio traballo". No segundo, porque entende

que as excepcións masculinas das Enxeñerías Técnicas Superiores non son quen de negar o fin da mitificación da existencia de *carreiras de homes e carreiras de mulleres*.

Na Universidade da Coruña, de cada 100 profesores 73 son homes.

"Se nos centramos no que interesa, que é analizar a tendencia do alumnado—explica M. Carme García Negro— atopámonos con que en 15 ou 20 anos a situación deu a volta. Quén ía pensar, an 1970 ou 1975, que Medicina se ía converter nun 65% feminina, sendo, ademais, das titulacións que máis coeficiente académico (7,4) requiren? De feito, engade a economista, tamén carreiras como Dereito, Económicas ou Químicas se consideraban masculinas e non tardaron en seren masculinizadas por mulleres".

O afondamento nas estatísticas históricas danlle a razón neste aspecto á profesora García Negro. Por unha banda, as primeiras mulleres que entraron na Universidade no Estado español, fixérono na rama de Ciencias, concretamente en Química e Medicina. Pola outra, os mellores expedientes académicos galegos na actualidade son

os femininos, o que indica que, aínda que tardiamente, as mulleres "entraron con forza" na Enxianza Superior. "Sen ir mais lonxe—engade García Negro— o expediente número 1 do MIR do Estado o curso pasado foi o dunha luguesa que estudou en Santiago".

Universidade, espello da sociedade

Pero nen sequera o seu optimismo lle fai esquecer á profesora García Negro a difícil situación actual das mulleres de cara a acceder aos cargos universitarios. E imposible negar as cifras e, segundo a economista, "dicer que actualmente non hai atrancos e problemas para a muller na Universidade é negar a realidade".

Unha realidade que sitúa a presenza feminina entre decanos ou directores de centro e vicedecanos ou subdirectores de centro nunha porcentaxe do 12,2% na Universidade da Coruña e do 18,9% na de Santiago.

A xuízo desta profesora da facultade de Económicas de Compostela esta situación non debe sorprendernos, dado que "se cumpre algo semellante ao que aínda acontece noutros eidos da vida social". Afirma que "a Universidade é un reflexo/espello da sociedade".

'Quen ía dicir en 1975 que na facultade de Medicina ía haber un 65% de mulleres estudantes?'



Mª DO CARME GARCIA NEGRO

Xornalismo, en Santiago, é unha das facultades con maior porcentaxe de mulleres.



A. PANARO

Unha carreira de obstáculos

Cincocentos anos de historia ten a Universidade de Santiago pero tan só oitenta para as mulleres galegas. O veto masculino rachou por primeira vez no curso de 1913, cando dúas irmás asturianas, Ximena e Elisa Fernández de la Vega, acederon á facultade de Medicina. Acadaron a licenciatura en 1919, xunto co premio extraordinario da universidade compostelana, para pasar despois a desenvolver o doutoramento como investigadoras.

Ximena conseguiu especializarse en herdanza xenética, cunha intensa actividade científica que a levaría a percorrer media Europa e a publicar máis de trinta traballos. Foi, ademais, directora do Seminario de Estudos de Herdanza e Constitución anexo á catedra de Patoloxía Xeral de Compostela, e recibiu o premio *Azbeitua* da Academia Médica Cirúrxica.

Durante o século XIX tres galegas pasaron á historia por ter adicado a súa vida á defensa dos dereitos da muller: Concepción Areal, Rosalia de Castro e Emilia Pardo Bazán. A primeira, autora de *Muller do porvir*, atreveuse a contrariar publicamente aos círculos culturais masculinos a mediados do XIX denunciando a situación na que vivía a muller da súa época. Através das súas obras amósase unha constante preocupación por elevar o nivel cultural feminino.

A andaina destas precursoras, así como das irmás de la Vega tivo axiña seguimento noutras estudantes que, de xeito progresivo, fóronse enfrentando coa prohibición secular do acceso das mulleres á cultura. A primeira profesora universitaria foi Luisa Cuesta, especializada en Filosofía e Letras, no ano 1924. Nese mesmo curso, a presenza feminina supera apenas as cincuenta estudantes, fronte a 1.500 homes que non asumen ás "nova compañeiras" máis

que como algo anecdótico. Coa chegada da II República a cifra ascende a duascenas matriculadas, mentres a comunidade estudantil de Compostela ronda xa as 2.000 persoas. Estas primeiras mulleres procedían na súa totalidade das máis altas clases sociais, familias acomodadas de tradición intelectual e posicionamento liberal. Aínda así a decisión de adicarse aos estudos superiores exixía unha grande determinación e o enfrentamento social, sen esquecerse que moitas delas para poder ter a oportunidade de mostrar a súa capacidade chegaban a difrazarse de homes.

O parón do franquismo

O novo réxime franquista cortou de raíz o que comezaba a ser a emancipación cultural da muller. A sección feminina e a Igrexa católica foron as encargadas de arrincar calquera pretensión universitária das estudantes da época. Tan só quedaban libres os camiños que conducían a profesións "máis femininas", tales como o maxisterio ou a enfermería. Nestes anos de represión política e propaganda, as mulleres que optaron polas facultades técnicas víronse obrigadas a aturar un papel secundario, marxinalas en innumerábeis ocasións polo seu sexo. O control sobre as actividades desenvolvidas na universidade tamén procuraba que as mulleres que a ela chegaban non o fixeran máis que por un simple afán de

coñecemento, quedando completamente excluída a posibilidade de desenvolver a súa actividade no mercado laboral. Na década dos 60 nen o franquismo é capaz de frear o ascenso dos movementos feministas e as mulleres aceden á universidade por morreas aínda que actualmente o número de mulleres con responsabilidade na institución sexa minoritario.

A primeira profesora universitaria foi Luisa Cuesta, de Filosofía e Letras, no ano 1924

Por estas razóns, fronte ás cifras de alunas universitarias hai que contraponer as do paro nas mulleres e ter en conta a chamada feminización da pobreza. Coma sempre, o optimismo dos datos sobre mulleres dáse cando aínda non poden exercer unha independencia real, cando aínda cubren eses ocos que de quedar descubertos provocarían unha catástrofe. Nengun goberno asume a demanda de emprego das mulleres do mesmo xeito que a dos homes. *Xa casarán e deixarán de pedir traballo*. Para que dean as contas, non se pode ceder o que se gañou dentro das aulas.

As contas non casan na oficina de emprego

Bulras e críticas acompañaron ás primeiras alunas universitarias cando entraron na facultade alá polos anos vinte. Hoxe, as aulas teñen un predominio de mulleres que elixen os estudos superiores e, sen a necesidade de remontarse setenta anos atrás, unha ollada aos últimos vintecinco, amosa un cambio sorprendente polo rápido. O esforzo desas pioneiras tradúcese en que unha das saídas profesionais que a muller escolle estea na universidade.

Se a muller gaña terreo é gracias a moitas renúncias que no caso dos homes case nunca se teñen en conta. A renuncia aos fillos e mesmo a relacións persoais estábeis acompañan ese camiño xa que aos homes aínda lles custa entender a liberdade de opcións cando vai acompañada dunha superioridade académica e, sobre todo, económica. De calquer xeito, o positivo destes datos choca con moitas contradicións. Nun prazo de poucos anos, serán moitas as mozas que

teñan titulación universitaria pero, como se aprecia no exemplo dos postos de responsabilidade dentro da universidade, non poderán exercelo.

Nun panorama de crise xeral no que as perspectivas de traballo son poucas, as mulleres son as candidatas a renunciar. Porque na sociedade segue sendo o home o predestinado a asegurar a supervivencia, e o esforzo da muller universitaria pode quedar nun curruncho, como o seu título. Ademais, quen se encargaría do *traballo social*, sexa criar fillos, manter unha casa ou coidar aos máis vellos, cando a depositaria desa tarefa, é a muller? A balanza tamén se inclina cara outro lado: ninguén voluntariamente renuncia a un traballo e unha independencia para a que leva preparándose anos. Cunha masa importante de mulleres con formación académica cuestiónanse moitos valores, ponse sobre a mesa a teórica igualdade de oportunidades que se converte na práctica en excepcións: por exemplo, as das

decanas de facultade e as catedráticas. Algunhas teñen que recurrir ao traxe chaqueta para que socialmente se lles outorgue a categoría que xa acadaron co seu traballo. Este é o intre histórico en que se lles garda praza ás mulleres na metade da escada como un regalo.

Por estas razóns, fronte ás cifras de alunas universitarias hai que contraponer as do paro nas mulleres e ter en conta a chamada feminización da pobreza. Coma sempre, o optimismo dos datos sobre mulleres dáse cando aínda non poden exercer unha independencia real, cando aínda cubren eses ocos que de quedar descubertos provocarían unha catástrofe. Nengun goberno asume a demanda de emprego das mulleres do mesmo xeito que a dos homes. *Xa casarán e deixarán de pedir traballo*. Para que dean as contas, non se pode ceder o que se gañou dentro das aulas.



A subida ao estrado dos membros do Consello Nacional provocou os maiores aplausos dos asistentes.



A. IGLESIAS

Beiras proclamado candidato ante 2.500 persoas

O BNG afirma que 'é hora de poñer en práctica o vello lema de *Governo galego xa'*

➔ MANUEL VEIGA

Nos últimos anos sucede sempre igual. Beiras demórase uns minutos no adro, neste caso o do Pazo de Congros de Santiago. Cando todos están xa sentados, entra. Todo o mundo, en pe, comeza a aplaudir. Posta en escea? A xulgar polos aplausos e as miradas concentradas, máis intensas incluso nos menos achegados á organización, Xosé Manuel Beiras será dos políticos galegos deste século que pasen á historia, con independencia de que as próximas eleccións o fagan ou non presidente.

Por tras do escenario hai outra grada, aberta por primeira vez. En todo o local non se contan máis de tres ou catro dúcias de prazas valeiras, das 2.500 que posúe. Nesas bancadas, que observarán aos oradores de costas, conéganse todas as bandeiras. Ao saír, Fermin, un mozo do Condado, quéixase de que membros da organización lle indicasen o ritmo para mover o pau. "Polo menos o 25 fago coa bandeira o que quero", sinala. Os pais de Fermin viven do viño que lles dá o suficiente como para telo a el a estudar. Fermin non ten nada contra a competencia, a xulgar pola camiseta que porta e na que se pode ler: *Nen Pesoes, nen Pepés, viño tinto do Salnés*.

A presentación do acto é a duo. Mário López Rico e Encarna Otero dan lectura a un guión que reparte os seus papeis. "Parece un remedo dos *Prémios Goya*", comentarán varios militantes ao final. Outros coidan que o fan bastante ben.

Os oradores

O turno de oradores comeza con Alfredo Suárez Canal. A tarefa non vai resultar doada

para ningún: o acto está programado como unha mestura de mitin e congreso. As intervencións poden resultar demasiado áridas para un acto electoral ou simples abondo para unha ponencia. Suárez Canal, en tono algo elevado de arenga, afirma que o PP pretende que a súa estrutura clientelar o sobreviva e el cre que o BNG debe garantir o contrario, é dicir que as ofertas de emprego señan públicas, que as contratos señan transparentes, porque a democracia só existe cando hai igualdade de oportunidades para todos.

Seguirá Xosé Rodríguez Peña, outro ourensán. Fala do casal, da aldea, da parroquia, da vila, da comarca, de que o campo e a cidade necesitan convivir en equilibrio.

Alberte Rodríguez Feixó toma o relevo, co especial acento que caracteriza aos galegos que residiron ou residen en Catalunya. Critica o servizo militar e defende a saúde pública universal e gratuita. Este tema, xunto co da educación tamén pública, defendida por Pilar García Negro, logra as palmas máis fortes da xornada.

A última intervención, baseada na división sectorial do programa, tócalle a Pilar García Negro. "Fumos reino e non apéndice, fumos planeta e non satélite", afirma. "O que se deforma na historia, na historia se pode revirar". Camilo Nogueira, nas filas destinadas ao Consello Nacional, debe estar asentando. Acaba de escribir un traballo no que abunda sobre ese tema. García Negro realiza aínda unha cita, da escritora portuguesa Natália Correia: "Os que din que non usan a política para non luxar as mans, soen usar esas mes-

mas mans para petar na porta dos políticos para pedir prebendas".

O candidato

Beiras comeza a súa intervención. Alguns xornalistas din que o tono é presidencial, nada exaltado, filosófico. Fai un claro chamamento ao extenso empresariado medio autóctono: "sistematicamente engaiolado, defraudado e finalmente vendido por un poder que actúa con iles como o raposo metido nun galiñeiro: pápalle os ovos primeiro, e a galiña

choca despois". E realiza un segundo convite: "aos portadores da intelixencia, da creatividade e da cultura que exercen nos diversos eidos, en coordenadas progresistas e galegas", porque "o reto co que nos defrontamos non é o propio dunha forza política, senón dun pobo enteiro".

Os presentadores chegan ao colofón e insisten na divisa do acto: a certeza de que o BNG ten posibilidades de acadar o goberno. Roberto Maquieira, empregado de Citroën e membro da Asociación de Veciños de Castrelos en Vigo, comenta que "as caras da militancia míranse animadas". Moncho F. Leal, concelleiro no Rosal tira conclusións por reflexo: "xa se ve o PP a quen lle ten medo". Xavier Paz, biólogo, afirma que o acto é a réplica ao congreso do PP, pero que "a súa cantilena está raiada e nós somos a esperanza". Anxo Quintana, alcalde de Allariz, non cre que o BNG se exceda en optimismo. "Antes era o momento de crecer —sinala— hoxe pode ser o de darlle un volco á situación". Severino Xestoso, profesor na Escola Náutico Pesqueira, veciño de Bouzas, e bon coñecedor das crises que venen sufrindo os caladoiros, prefere falar do país: "Como non espabilemos imos mal".

Chega o intre de poñer o ramo. Mário López Rico recordara ao principio os vellos lemas de *Governemos nós a nosa terra e Governo galego xa*. "Agora é o momento de facelos realidade", afirma. ♦

A. EIRÉ

Vázquez e as eleccións

A actuación política de Francisco Vázquez parece evidenciar que non está interesado en conseguir unha derrota do PP nas próximas eleccións autonómicas. Coa polémica sobre a modificación da lei electoral, para permitir a elección de alcaldes como deputados autonómicos, quixo deixar ben sentado que era o *único valor do socialismo*. Agora, no anuncio da executiva socialista de que Abel Caballero vai ser a cabeza de cartel, o candidato ten que permanecer mudo. Por se fose pouco, Vázquez, máis preocupado polos resultados do BNG que polos do PP, non só fala, dun *entendemento* entre nacionalistas e conservadores, senón dunha especie de *corrente de simpatía* entre Fraga e Beiras. O que pretende Vázquez, poñendo no mesmo lado, a PP e BNG e tentar que ambos candidatos non acaparen o debate electoral. Faino usando un enunciado non creíbel e, xa se sabe, os axiomas evidenciados como falsos vóltanse contra o propagandista. Mentres tanto, no PP sorrin, afanándose en convencer aos socialistas de que o BNG nunca vai pactar con eles. Mosttran, deste xeito, cal é o seu temor. ♦

Mariano Raxoi e o director de estradas de Madrid ignoraron os proxectos de colaboración entre Galiza e Portugal

O congreso do Eixo Atlántico revela aos alcaldes do Douro a intransixencia do centralismo español

♦ G. LUCA

O Eixo Atlántico reclama desde hai catro anos a posta en marcha dun proxecto tan elemental para vertebrar a eurorexión coma un tren moderno que comunique Ferrol con Porto. No Congreso celebrado en Vigo, tanto o director xeral de Estra-

das do ministerio de Fomento como o ministro Raxoi salientaron a necesidade de coesionar o Estado e ignoraron este e outros proxectos de comunicación entre Galiza e Portugal. Fraga repetiu palabras xa pronunciadas diante dos alcaldes do Douro e da Galiza e calificou ao Eixo de "magnífico exemplo de colaboración institucional".



Mariano Raxoi non fixo mención dos proxectos interfronteirizos e defendeu o reforzamento do Goberno Central.

A. IGLESIAS

Mariano Raxoi explicou aos alcaldes do Douro que o prioritario para o seu departamento é reforzar Estado nación para o que considera precisa unha drástica reforma fiscal e o aumento do poder local. Acrecentando a proposta electoral do PP de *café para todos*, no que as autonomías de menos competencias ficarían igualadas coas históricas, o ministro pontevedrés quer un Estado que ceda competencias para manter o seu poder e recusa expresamente o horizonte federal. A institución autonómica parécele rematada a Raxoi que prefire potenciar as competencias dos concellos, daccordo co modelo centralista francés.

Juan Lazcano, director xeral de Estradas do ministerio de Fomento, veu ao Congreso do Eixo Atlántico a defender unha rede de carreteras *integradora e de coesión do territorio español* na que concede primeira importancia ás comunicacións Leste-Oeste. En relación ao tren, Lazcano coída que "de especial importancia para o Eixo Atlántico será a introdución da velocidade alta no corredor Madrid-Valladolid, que significará unha redución dos tempos de desprazamento ao centro e Sul de España en case 2 horas".

O alcalde de Porto Fernando Gomes lembra dous obxectivos irrenunciábeis do Eixo Atlántico: a autovía entre o Miño e Braga e o ferrocarril de Ferrol a Porto. Coincide nesta preocupación con Ludgero Marques, presidente da As-

sociação Industrial Portuense que considera primordial unha rede de infraestruturas capaz de promover e desenvolver de forma sustentada as actividades económicas.

España dorsal do sistema

No estudo estratéxico do Eixo Atlántico dirixido por António Manuel Figueiredo e Anxel Viña (editado pola Cámara de Porto) califican a comunicación ferroviaria como *espiña dorsal do sistema*, tendo en conta que pode permitir a relación directa entre os principais portos marítimos e as áreas de superior potencial demográfico e maior dinámica produtiva.

Esta preocupación por construír un sistema estábel de comunicación sobre o cantil atlántico aparece perdido noutros discursos, daccordo cun modelo de memorial que val para calquera congreso. "Faise necesario que desde as dúas rexións se articulen instrumentos políticos comúns que permitan coordinar esforzos en materia de estradas, ferrocarris, portos, aeroportos, enerxía, telecomunicacións, parques empresariais e solo industrial e políticas de medio ambiente", di por exemplo Xesús Mosquera, secretario xeral da UGT-Galicia e presidente do Consello Sindical Interrexional de Galiza e Norte de Portugal.

Nos obxectivos estratéxicos formulados dentro do estudo sobre o Eixo, Anxel Viñas e António Manuel Figueiredo colocan no primeiro lugar a mellora das condicións

de accesibilidade entre as cidades do Eixo e destas co resto de Europa. Outras propostas son estruturar e consolidar redes de cooperación entre cidades, promover a imaxe do Eixo Atlántico tanto no interior como no exterior para o que deberán criarse redes de centro e unha loxística de transporte.

A Asociación Galega da Lingua (AGAL) reclamou no Congreso maior atención ara a lingua e a cultura común de galegos e portugueses e denunciou que nas xuntanzas do Eixo Atlántico "a cultura estivese desaparecida". Na opinión de Carlos Otero, de CC.OO, o reto está na creación de redes interactivas que poidan integrar intereses comúns ou fracasarse nunha sociedade desvertebrada. Non é esta a única dúbida sobre unha cultura urbana que consideran máis ben "adición de culturas rurais agregadas". O alcalde de Vigo e actual presidente do Eixo defende un clube de cidades que parece deseñado por Milton Friedman: "Non podemos apostar por unha sociedade inmóvil, por un tecido económico anquilosado ou pouco competitivo; en suma por unha sociedade subsidiada. Apostamos por unha sociedade que saiba apreciar o valor do esforzo e a dimensión do sacrificio. Non pode ser doutra maneira". Os directores do estudo estratéxico coídan que se pode chegar a este horizonte olímpico a paso de burro e defenden unha "actitude de pequenos pasos antes que unha aventura de alargamento sen consolidación". ♦

A fiscalía xeral do Estado investiga a Malvar polo topónimo da Coruña

O 10 de Outubro a fiscalía xeral do Estado notificou á Mesa pola Normalización Lingüística que comezaba a recabar información en relación ao caso do topónimo da Coruña que, máis varias sentencias do TSXG, continua a ser utilizado polo alcalde na súa forma en castelano. A Mesa enviou este escrito despois de o fiscal xefe de Galiza, Ramón García Malvar, declinar actuar contra o alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, por non utilizar correctamente e de maneira oficial o topónimo da cidade. O TSXG enviou tres providencias ao fiscal xefe para que procedese ante a desobediencia de Vázquez pero García Malvar non respondeu chegando a afirmar que tiña moito traballo que facer antes de ocuparse dese caso. A non resposta por parte do fiscal pode constituir un delito, segundo entende A Mesa, que remitiu un escrito á fiscalía xeral do Estado. Ademais, en Setembro presentaron unha denuncia no xulgado de instrución da Coruña contra o fiscal. Desde A Mesa valórase moi positivamente a apertura da investigación. ♦

Mantilla di non á recuperación pesqueira porque "as costas nos españolas"

PP e CIU votaron en contra dunha proposición non de lei apresentada polo BNG no Congreso na que se instaba a elaborar un plano de recuperación da riqueza pesqueira da plataforma continental galega. O PSOE apoiou a proposta na que Francisco Rodríguez incidía en non padecer "unha dependencia exclusiva das políticas exteriores nunha materia crucial". A resposta de Carlos Mantilla, deputado galego polo PP, foi que o seu grupo considera que "as costas son españolas e, xa que logo, non se pode facer un plano específico para Galiza". Rodríguez reseñou na súa proposta a necesidade de regular a pesca para conservar a flota de baixura, que supón o 90% do total dos barcos galegos. ♦

O alcalde de Redondela impón modos autoritarios no pleno

Amado Ricón (PP), recién chegado á alcaldía de Redondela nunha moción de censura gañada con votos de tráfugas, deixou asomar un talante autoritario para dirixir o pleno da Corporación. Na sesión do Martes 22 de Outubro, cando se debatían os orzamentos do concello para 1997, non permitiu votar as emendas presentadas polos dous grupos da oposición, PSOE e BNG, máis estes lemballe cal é o procedemento legal nestes casos. Ricón tampouco permitiu a un concelleiro do BNG facer uso da palabra. Ante a actitude do alcalde, os edis do PSOE abandonaron o pleno e calificaron de "fascista" o comportamento de Amado Ricón. ♦



Amado Ricón.

O límite de prazas na Universidade deixa fóra a 8.000 alumnos

As 16.768 prazas dispoñíbeis en licenciaturas, diplomaturas e enxeñerías con acceso limitado non foron de abondo para os 24.429 solicitantes das mesmas, sendo os máis perxudicados os alumnos e alunas que aprobaron o exame de Selectividade en Setembro. Oito mil persoas quedan fóra da elección que fixeron, unha vez pechado o proceso, nun problema que se repite todos os anos ao ser os aprobados en Xuño os que poden elixir titulación e os de Setembro teñen que conformarse coas prazas restantes. ♦

O agro galego como exemplo en Catalunya

Os técnicos agrícolas de todo o Estado que se reunirán en Novembro en Barcelona nun curso organizado pola asociación *Vida Sana* poderán estudar ao agro galego como exemplo do que nos últimos anos chamouse agricultura biolóxica. Os responsábeis do seminario reseñan de Galiza o minifundio e a combinación de produtividade con ecología e matizan o que se debe considerar atraso no agro xa que se deben valorar os sistemas que aseguren a pervivencia do méio. En Catalunya analizarán o beneficio de árbores como o carballo e da utilización de abonos naturais. ♦

OPINIÓN

A POBREZA É A REALIDADE MÁIS ESCANDALOSA E VERGONHENTA NESTA SOCIEDADE OPULENTA NOS FINAIS DE MILÉNIO. NUNCA O SER HUMANO TIVO TANTA CAPACIDADE TECNOLÓXICA PARA SUPERAR OS PROBLEMAS; NUNCA HOUBO

TANTA RIQUEZA, E, ENTROQUES, NUNCA TANTA POBREZA E MISÉRIA, NUNCA O NUMERO DE XENTE SUMIDA NA POBREZA RELATIVA OU NA MISÉRIA FOI TAN GRANDE; MÁIS AINDA, NUNCA O ABISMO ENTRE RICOS E POBRES FOI TAN GRANDE.

FRONTE A POBREZA, SOLIDARIEDADE

VICTORINO PÉREZ PRIETO

No Terceiro Mundo, nos últimos quince anos empioraron as condicións de vida para 1.600 millóns de persoas. Os periódicos golpeábanos hai unhas semanas cunha información bestial: 350 persoas riquísimas teñen hoxe tantos ingresos anuais como outros 2.500 millóns sumidas na pobreza! Xa non é só a cuestión do Terceiro Mundo, senón do Cuarto Mundo que malvive nas nosas cidades; no estado español arredor dun millón e medio de persoas están nunha situación severa de pobreza, e outros seis millóns e medio en situación de pobreza máis relativa, pois á pobreza tradicional sumáronse nos últimos anos as *novas pobreza*s que resultan do desemprego, a economía submerxida, o emprego precario e os "contratos lixo". Por iso, moitos analistas falan cinicamente da sociedade dos *dous tercios*, o outro tercio xa non conta, nen económica, nen politicamente.

Sabendo isto e sendo consciente desta realidade, como falar de "Boa Nova", como falar do *Evanxeo* como Boa Nova hoxe? Ou o que é o mesmo: como dicir unha palabra verdadeira e convincente para que a *evanxelización* sexa realmente unha *boa noticia* para a xente, no canto de "facer cristiáns a cristazo limpo", xa sexa material ou ideoloxicamente? Sen dúbida, na atención á realidade dos que menos poden e dos que non poden nada, é onde se xoga a verdade ou mentira do cristianismo e da mesma Igrexa, se quere ser fiel á vida e a mensaxe daquel xudeu de orixe humilde que foi Xesús de Nazaret, a quen confesa como salvador. Só cunha praxe que teña privilexiadamente presente a realidade dos pobres, a Igrexa poderá ter unha mensaxe salvadora-liberadora, e non instrumento ao servizo do poder. Por iso, os Santos Padres, os primeiros pensadores cristiáns, chamaban aos pobres "vicários de Cristo", ou sexa "representacións persoais" de Cristo, aínda que este título lles fora roubado logo polos papas. Nunca dirixentes da Igrexa falaban coa liberdade daqueles grandes crentes dos catro primeiros séculos da Igrexa.

"Os desafíos da pobreza para a acción evanxelizadora da Igrexa" foi o lema dun congreso celebrado en Madrid nos últimos días de Setembro, e organizado por varios colectivos da Igrexa católica, sobre todo Caritas, que xa hai ben anos que superou planteamentos puramente asistencialistas, para levar adiante proxectos de promoción humana e denuncia social das situacións de pobreza. "No ano internacional da erradicación da pobreza —dixo un coñecido líder sindical— este congreso é o único importante que se fixo en España. Vai facer ronzas, pois hai moito neoliberalismo no ambiente". Non imos poñernos con flores, porque os verdadeiros protagonistas disto, os máis pobres, nunca reciben a primeira; e, ademais, a Igrexa tamén ten sido e segue a ser cómplice de moita da inxustiza que se comete cos pobres. Con todo, o Congreso supuxo un gran esforzo, con moita participación e bastante representativa das distintas zonas do estado, particularmente de Galiza, e nel saíron cousas interesantes que implican á base e aos dirixentes cristiáns e á mesma sociedade. Ademais dos boas relatos de sociólogos, teólogos e pastoralistas como Luis González-Carvajal, Antonio Bravo, Ildefonso Camacho, Martín Velasco...

Se o vello Catecismo dicía "fronte a preguiza dilixencia", hoxe compre dicir "fronte a pobreza solidariedade". *Solidariedade* converteuse ultimamente nunha palabra máxica, capaz de xerar as realidades máis

bonitas neste mundo inxusto. Pero a realidade cotián é que, o que priva no noso Primeiro Mundo, o "barrio residencial" da aldeia global que vive cuns status de opulencia a custa do que lle roubamos cada día ao Terceiro, é maiormente unha insolidariedade enmascarada ideoloxicamente tanto polos poderes de sempre como polos progres posmodernos, coa escusa de que nada se pode cambiar fagas o que fagas, todos os esforzos son inútiles, as utopías sociais resultan moi románticas, pero están condenadas de antemán ao fracaso. Mesmo hai *apóstolos da insolidariedade*, aínda que isto non é cousa de agora. No século XVIII fíxose famoso o dito de que "Os vicios privados fan a prosperidade pública", e os que non os poden levar adiante, que se f...astidien. Pero hoxe non necesitamos acudir aos discursos de Le Pen, ou os de Fernández de la Mora para atopar frases coma esta: "A miña solidariedade remata onde se me nega o que eu quero, o demais é cristianismo primitivo" (Arroyo). O lema posmoderno podería ser, como dixo González-Carvajal: "Ter un bo traballo e facerse o parvo".

Certamente, tamén existe a solidariedade. Desde as relacións primarias de familia e vecindade, ás máis organizadas socialmente. Se hai moitas familias *en-si-mesmas*, e moitos veciños que non se dan nen os días, tamén cumpriria erguer nalgún sitio un "monumento á veciña". No meu barrio das Sindicais de Catabois, no Ferrol, podía contar moitos casos ben fermosos. Hai tamén profesionais que conciben o seu traballo como un servizo á xente, máis que en función do lucro económico ou do medre social. E hai a realidade do voluntariado que traballa aquí en realidades marxinais e das ONGs a prol do Terceiro Mundo. En fin, a mesma Igrexa; se ben moitos dos seus dirixentes dan pouco exemplo de compromiso coa xustiza e cos pobres, conta con moita xente que manifesta por todo o mundo a súa aposta comprometida pola "civilización do amor", que dixerá o papa Paulo VI; é a "Igrexa samaritana", da que organizacións como Caritas, espalladas polas diócesis de todo o estado, é un bo expoñente, ao pe de tantas congregacións e organizacións que traballan nos sectores marxinais e no Terceiro Mundo.

A pobreza é un reto permanente para a Igrexa, desde a mesma entraña do Evanxeo.

Non só como exixencia de denuncia e compromiso contra a inxustiza, na liña dos vellos profetas de Israel. Senón tamén como camiño para coñecer o verdadeiro rostro de Deus, que escoita o clamor dos pobres, que é o aliado dos pobres e que se manifesta na realidade do Cristo pobre e indefenso, o Servo de lavé que fai o camiño dos asoballados e non salva desde a prepotencia dos poderosos, senón desde a impotencia da cruz, onde rematan a súa vida a lexión dos oprimidos da historia; pero cunha Cruz que apunta cara a vitoria do día de Pascua, coa Resurrección e o triunfo do crucificado. Un Deus da xustiza e a solidariedade, que se revela no camiño dos pobres, que se fai presente no lugar dos pobres. Un Deus que elixe o insignificante, o que non conta socialmente, para soste a esperanza de todos.

É por iso, que, fronte ao neoliberalismo e o darwinismo social dunha cultura do mercado e da competitividade, onde non hai lugar máis que para os fortes, os pobres retan ás comunidades cristiás a seguir a Xesús Cristo pobre cos pobres, libre fronte ao poder. E a acción da Igrexa debe manifestar o amor gratuito de Deus, afirmando a súa liberdade, potenciando a súa denuncia da opresión, cultivando a solidariedade e a comunión, traballando por abrir canles de participación dos pobres e confiando na súa capacidade de cambio e a súa responsabilidade fronte ao futuro.

Entre as conclusións do Congreso, compre salientar o compromiso de ser "voz dos sen voz" fronte aos poderes públicos e as institucións económicas e sociais; colaborar con outras institucións sociais na loita contra a miséria e polo desenvolvemento dos povos; estimular unha actitude esperanzada fronte á pobreza, que estimule todos os recursos persoais e comunitarios de cara a súa superación, para que os pobres sexan os protagonistas do seu desenvolvemento. Non deixou de estar presente nas conclusións a aposta de destinar, polo menos, o 0,7% dos presupostos de todos os grupos eclesiais a fondos para o Terceiro Mundo. Oxalá non se quede só en boas palabras, das que os pobres están cheos cada día, e a Igrexa sexa o que non debeu deixar de ser nunca: a Igrexa dos pobres. ♦

VICTORINO PÉREZ PRIETO é crego e escritor

UNHA MURALLA DEFENSIVA

MANUEL MERA

O sindicalismo estatal sofre unha febre negociadora, pactista, que pon nun segundo plano as medidas antiobreiras, de rebaixa de salários dos traballadores públicos, redución de cadros de persoal no naval, menor cuantía das pensións futuras, o anuncio de reforma laboral... e tamén as mobilizacións. Transmítese á sociedade que o principal é o pacto, o acordo, o demais: son discrepancias lóxicas, dun momento difícil. De divulgar esto encárganse os meios de información do sistema, coa preciosa colaboración do sindicalismo negociador (por non chamarlle doutro xeito).

Neste marco resulta moi difícil conseguir a unidade sindical en Galiza, pero tiñamos que intentalo, porque é vital unha fronte común que nos permita ter unha postura moi forte, sen fisuras, que eviten a desfeita e freen o asoballamento do país. Unha e outra vez desde a CIG convocamos a CCOO e UGT, e tivemos como resposta: unhas veces o insulto, outras o silencio, e nos últimos tempos reunións que había que pospor por motivos técnicos ou imprevistos. Todo aparentemente para gañar tempo, mentras as Executivas en Madrid tecen a tearaña do pacto, da concórdia cos intereses do capital, coa aparente finalidade de construír a súa hexemonía sindical sobre métodos retorcidos e antidemocráticos, sobre un novo vertical.

Estamos a finais de Outubro, os sindicatos estatais en Galiza mesmo se atreven a convocar mobilizacións en defensa do metal, despois de asinar unha semana antes a perda de máis de 200 empregos no naval. Non se pode esperar máis, a unidade está hipotecada! Por iso, neste contexto desde a CIG tomamos a decisión de apoiar as mobilizacións sectoriais (mantendo a unidade na base, se é posible) e convocar ao mesmo tempo manifestacións de todos os traballadores, primeiro nas comarcas, para Novembro, e logo unha gran manifestación nacional o 14 de Decembro en Santiago de Compostela. Porque son problemas de todos, de cada galego e galega.

Non será unha resposta de toda a poboación, pero si será masiva. Seguro que se convertirá en punto de atención para o Goberno Central e vai condicionar a actuación do sindicalismo estatal e da Xunta. Será un berro contra as privatizacións, a rebaixa dos salários, as limitacións na produción láctea, a redución da flota pesqueira, as menores pensións... Se cadra non frea totalmente o recuar económico e social, pero vai ser un punto de encontro dos patriotas e defensores de Galiza, dos traballadores concetes e dos desempregados, e máis tarde ou cedo esta muralla defensiva (que só a CIG pode liderar) vai ser primeira liña de avance. O que sabe todo o mundo e que anos de pacto e entreguismo non conseguiron máis que desemprego, piores condicións laborais e a constante destrución do país. Lembrémonos do Pacto de Moncloa e do A.E.S. ♦

MANUEL MERA é secretario confederal da CIG



PARLAMENTO

Cortizo pede responsabilidades penais por entregar 2.400 millóns a Huarte sen certificar

Acusan á Xunta de trato de favor á Fundación San Rosendo e a Huarte

⇨ P.C.

Unha solicitude de comparecencia presentada polo grupo socialista e unha interpelación parlamentaria presentada polo BNG obrigaron ao Conselleiro de Educación, Celso Currás, a intervir dous días consecutivos, Martes 22 e Mércores 23, para defender a actuación do Goberno galego diante da subvención concedida á Fundación San Rosendo, unha reconversión de Cáritas Diocesana criada para conseguir con maior facilidade axudas procedentes do Goberno central, da UE e da Xunta.

A Consellaría de Educación subvencionou con 450 millóns de pesetas á Fundación San Rosendo, de carácter privado, para construír unha Residencia de Estudiantes no campus de Ourense. Desá cantidade, 200 millóns fixéronse efectivos no presente ano e, os 250 restantes serán entregados en 1997.

Os terreos estaban calificados como de uso universitario, pero desde o concello de Ourense, gobernado polo PP, foron transferidos para poder construír un edificio privado. A Universidade de Vigo viuse obrigada a presentar un recurso diante do Tribunal Superior para reclamar a súa propiedade. Falta aínda unha decisión firme, pero xa decidiu retornar os terreos á universidade péis ao que continúan as obras.

Para xustificar os cartos destinados á entidade privada, o conselleiro alegou o labor de servizo social realizado pola fundación nos últimos anos, o feito de nos seus Estatutos recoller o carácter de beneficencia e, sobretudo, a urxente necesidade dunha residencia uni-



Celso Currás foi obxecto de censura por parte da oposición.

versitaria en Ourense.

O conselleiro asegurou que todos os trámites seguidos para a concesión da subvención eran legais, así como os terreos onde se está a construír a residencia, que foron cedidos polo concello.

Malia os argumentos esgrimidos polo conselleiro, os grupos da oposición lembraron que o edificio da Fundación estase construíndo sobre uns terreos da universidade e con cartos públicos. Neste sentido, o parlamentario nacionalista Henrique Rodríguez Peña preguntou "por que non se dan eses cartos á universidade e si a unha fundación privada?"

Alfredo Suárez Canal, tamén do BNG, asegurou que en todo o proceso obsérvase trato de favor cara a Fundación San Rosendo porque desde a Consellaría "non se falou coa Universidade de Vigo para ofrecer eses 450 millóns e que fora a propia

institución a encargada de destinar esta partida de cartos a coléxios ou residencias de estudantes". O parlamentario do BNG engadiu tamén que as obras "non se presentaron a concurso público" e asegurou que no "trámite de licéncia pasouse por riba do concello de Ourense". Suárez Canal asegurou que se "está a favorecer descaradamente a unha fundación que se aproveita das necesidades da xente", engadindo que funciona como "unha oficina para recadar votos".

Pola súa banda, Miguel Cortizo, do grupo socialista, comparou os orzamentos que se destinan ao ano á Universidade de Santiago, 250 millóns, coa subvención á Fundación e recordou que no plano de financiamento da universidade, vixente até este ano, estipulábase que se destinarian uns cartos para a construción de residencias universitarias, e dentro dese plano, "a universidade de Vigo recibiu cero pesetas".

Posibeis responsabilidades penais da Xunta


Foi no caso da construtora Huarte onde Cortizo incidiu máis para pedir "responsabilidades penais" á Xunta por unha actuación presuntamente irregular. O portavoz socialista preguntou pola localización do material acopiado polo que pagou a Huarte 2.400 millóns sen recibir certificacións coa relación dos bens adquiridos, "facendo caso omiso da lei e non verificando se os materiais existían". Cargado de papeis, o socialista inquiriu sobre como a Unión Temporal de Empresas que se fixo cargo da obra do Hospital de Santiago vai construír os dous tércios da obra cobrando só o importe de un tércio, se non son "samaritanos".

A comisión de investigación proposta polos socialistas foi apoiada polo BNG. O nacionalista Francisco Trigo afirmou que "a administración era sabedora de que se acopiaban materiais inexistentes".

O PP deu por rematado o debate coa intervención nun pasado pleno do conselleiro de Sanidade, Hernández Cochón, e nesta ocasión, o deputado Rodríguez Pérez limitouse a dicir que os materiais "teñen que estar nos almacéns dos provedores" e a sinalar a "total transparencia da Xunta neste tema", ademais de asegurar que a UTE que se fixo cargo da obra xa depositou o aval dos cartos pagados a Huarte. ♦

Pornografía da Xunta nunha garrafa de auga

"Fagan a proba. Pescuden as súas señorías nos seus petos", dixo a deputada do BNG Pilar García Negro nunha enérxica intervención para dar conta da ausencia do galego nos diferentes obxectos comerciais e tentar convencer ao grupo do Goberno de que votara a prol da proposición de lei promovida polos nacionalistas co fin de que se garantan os dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios. Nen panos de papel, nen caramelos, nen tarxetas de crédito... a ausencia case total do galego nos produtos comerciais non fixo que os populares repararan na necesidade de corrixir o desaxuste nun país que, segundo os datos aportados polo presidente da Xunta no debate sobre o Estado da Autonomía —e lembrados para a ocasión pola deputada nacionalista—, un 96% da poboación entende o galego e un 90% fála-lo.



García Negro entrega a Fraga unha garrafa etiquetada en castelán.

O Partido Popular rexeitou unha proposición na que só se pedía que os poderes públicos promoveran o uso do galego para "cumprir co deber de normalización establecido na Lei de normalización Lingüística" ante a indignación da deputada nacionalista, que botou man da garrafa de auga galega que tiña no estrado para ler en alto o texto da súa etiqueta en español. Xa co tempo cumprido e visiblemente indignada ante a postura do grupo de Goberno de impedir que se artellen os mecanismos necesarios para potenciar o uso da lingua en todos os ámbitos, García Negro dirixiuse ao escano de Manuel Fraga e entregoulle en man o envase de auga para que el mesmo tivese constancia da realidade que o Goberno que el rexente non quere mudar. O presidente da cámara Victorino Núñez demandou á parlamentaria que fixera gala da "cortesía que a caracteriza" e Pilar García volveu de novo á fileira do Goberno para recoller a garrafa. Minutos antes, a deputada nacionalista calificara a actitude do Goberno de "pornográfica" por executar unha política de "maldade sádica co galego, sadismo público aplicado ao país". ♦

Victorino Núñez consegue agachar a imaxe chafalleira da Xunta

O PP dalle rango legal á administración das Fundacións

⇨ C.V.

Nen votaron a favor, nen en contra, nen se abstiveron. O BNG eludiu pronunciarse sobre a lei que vai regular a política de contratación en entes participados pola Xunta, despois de cuestionar o trámite da aprobación dun texto calificado pola oposición de "chapuza" polas incongruencias no aspecto formal. A man de Victorino Núñez permitiu que se corrixiran as graves faltas no último momento.

O texto chegaba ao debate final sen modificacións do proxecto do Goberno. Mesmo gardaba as "incongruencias" técnicas que alteraban a orde dos artigos e aplica-

ban títulos que non correspondían cos enunciados. O deputado Suárez Canal dixo que quedaba á vista a intención do Goberno de presentar un balance engrosado de leis e cobrir un valeiro legal que "deba cobertura ao entramado de fundacións". A prazas non aparecerán na Relación de Postos de Traballo, non haberá membros dos comités de empresa nos procesos de selección, non se porán límites ás grandes fichaxes, non será obrigada a publicidade dos procesos selectivos, nen os grupos parlamentarios terán acceso ás auditorías.

Para Suárez Canal dásele "cobertura legal a un texto que deixa ás fundacións nun auténtico

burato negro" nun afán de afortalar unha administración á marxe do control parlamentario que pon, segundo o nacionalista, ao "executivo de saldo, daqui a pouco aparecerá un cartel en San Caetano dicindo Fundación Xunta de Galiza".

Ceferino Díaz do PSdeG-PSOE tildou á lei de "chapuza desde o punto de vista formal e engano desde o punto de vista político". A aprobación do texto converteuse para os socialistas nunha "provocación innecesaria que permite legalizar un modelo propio de poder onde colocar os seus afíns".

Barata Quintas, do PP xustificou a existencia de fundacións e pe-

Os galegos entre os que menos se identifican como españois

Galiza é a comunidade máis escéptica coa Unión Europea

O 53% dos galegos responden que non á pregunta de si cren que a pertencencia á Unión Europea os beneficia. O 31% contesta que si e o 16% non se pronuncia, segundo o último sondeo Eurobarometre.

Con esta cifra os galegos móstranse como os máis escépticos coa comunidade. A media española de rechazo é do 39%. Os máis optimistas son os cataláns (50% de *sis* e 31% de *nons*), seguidos dos asturianos, casteláns e navarros.

Conflitos como o pesqueiro e as cuotas lácteas pesan na opinión dos galegos, aos que só se aproximan, na súa postura crítica, os cántabros (cun 52% de *nons*). Os demais sitúan a súa negativa bastantes puntos por baixo. No resto de Europa, Galiza só se ve igualada no seu escepticismo por algunhas rexións do Reino Unido, Dinamarca e Suecia.

España e Bélxica, dous Estados en crise

O mesmo cuestionario ofrece as porcentaxes de conciencia nacional en cada comunidade. Globalmente, españois e belgas son os que asumen en menor medida a súa nacionalidade oficial. En ambos Estados europeos existe actualmente un forte cuestionamento do marco nacional.



Manifestación galega en Madrid en protesta polo recorte da cuota de fletán. A. PANARO

Máis do 50% dos cidadáns de Bélxica decláranse flamencos ou valóns antes que belgas. No Estado español esa porcentaxe acadou o 38%, pero como é lóxico presenta fortes oscilacións entre comunidades. Así, mentres que o 71% dos rioxanos e o 70% dos madrileños se declaran españois antes que nada, só o 21% dos cidadáns das Balears, o 27% dos canários e o 31% dos bascos admiten en primeiro lugar esa condición.

En Galiza o 49% dos cidadáns identifícanse como galegos, o

43% como españois e 7% como europeos. En Catalunya a proporción está igualada: 44-44-12. As comunidades máis "españolas" serían, ademais da Rioxa e Madrid, as dúas Castelas (65 e 63), Extremadura e Murcia (ambas 61) e Valéncia (57).

Xunto coas nacionalidades históricas, andaluces e asturianos son os que presentan unha maior identificación coa súa comunidade (45 e 42, respectivamente), aínda que predomine entre eles a identificación como *españoles* (49%, en ambos casos). ♦

ENSINO

As alternativas a esa materia repiten os mesmos ou semellantes contidos

Relixión católica ou relixión católica

♦ H.V.

A regulación do curriculum da asignatura de estudos alternativos á relixión coloca aos alumnos do segundo ciclo do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) e primeiro ciclo do bacharelato ante a posibilidade real de non ter opción á relixión.

As actividades alternativas no segundo ciclo da ESO e primeiro ciclo do bacharelato "versarán sobre as manifestacións escritas, plásticas e musicais das diferentes concesións relixiosas", indicaba a Orde do 16 de Outubro de 1995 que regula a materia os estudos de cultura relixiosa. Agora, unha resolución do 16 de Outubro de 1996 ven a regular o curriculum desa orde.

En realidade nada cambia nesta asignatura, só se establece o curriculum da asignatura, que está determinado por un anexo á Orde de 4 de Outubro de 1995, que regula as actividades alternativas á relixión. Nese anexo figura que "a comprensión das relacións entre os elementos de procedencia relixiosa con outros fenómenos importantes, tanto naturais como sociais, axudará á valoración crítica da

sua aportación á construción do patrimonio da humanidade e á constitución da identidade sociocultural galega".

Para o mestre, xurista e sindicalista da Confederación Intersindical Galega, CIG, Henrique del Bosque Zapata, "os recursos aos que fai referencia a Orde do 16 de Outubro de 1996 [os da Orde do 4 de Outubro de 1995], fan difícil que nestas clases podan estudarse outras relixións, posto que se refiren aos elementos que contribúen á constitución da identidade sociocultural galega, e aquí a crenza maioritaria é a católica".

Mentres no segundo ciclo da ESO e no primeiro do bacharelato a única alternativa á asignatura de relixión é a cultura relixiosa, no caso na educación infantil, no ensino primario e no primeiro ciclo da ESO ademais da cultura relixiosa hai outra alternativa á relixión, que é a realización doutras actividades, aínda que cunha forte presenza de contidos temáticos relacionados co feito relixioso e centrados na Galiza, o que limita as distintas opcións a ser complementarias da asignatura de relixión católica.

Sen cambios reais

Para Henrique del Bosque, "non hai cambios, a regulación limita-se a completar o contido da actividade sen modificala, atendendo a unha clara concesión aos bispos. Particularmente na educación infantil todas as referencias están orientadas á cultura relixiosa católica".

Outro aspecto desta regulación é que a asignatura de relixión vai formar parte do expediente académico, mentres que as alternativas non. En todo caso, a avaliación da asignatura de relixión non será incluída no expediente do alumno a efectos de facer media nas probas de acceso á universidade nen na concesión de bolsas ou axudas para estudos.

Para a Confederación Intersindical Galega-Ensino, hai que primar un sistema educativo público, galego e laico. A central nacionalista estima que "o feito relixioso é un feito cultural máis que se estuda no ámbito das ciencias sociais, pero non corresponde ao ensino público entrar na formación de aspectos persoais e privados como é o caso da relixión". ♦



A lenda negra da empresa pública

Xavier Vence Deza di no voceiro da CIG TEMPO SINDICAL, que a decisión do PP de privatizar as empresas públicas non se apoia en razóns económicas ou de eficiencia, senon políticas e ideolóxicas. "Faise circular a idea de que as empresas públicas dan perdas -todas e sempre-. Esta idea é sostida ás veces de forma explícita e outras de forma subliminal. Funciona en todo caso como argumento popular contra as empresas públicas. Nada máis falso que esa xeneralización: a maioría das empresas públicas están entre as máis rendíbeis". Vence Deza salienta que o INI levou a situación rendíbel a empresas privadas en crise coma Barreras ou Inespal. "A inmensa maioría das empresas públicas dan beneficios (Endesa, Repsol, Ence, Telefónica, Indra, Tabacalera, Argentaria etc.) e hai sectores nos que as empresas públicas son máis eficientes que as privadas (Repsol contra Petromed, Endesa contra calquera eléctrica privada; Caixa Postal ou Argentaria contra bancos que non dan feito ou desapareceron". Fronte a idea de que as privatizacións supoñan un impulso á modernización da nosa economía "cabe considerar que polo contrario pode supor un serio atranco para esa modernización, pode frear o ritmo de investimento ao canalizar unha grande parte dos excedentes financeiros cara unha simples transmisión de patrimonio e polo tanto restar recursos para promover outras actividades produtivas (...)". ♦

MIKE SMITH / LAS VEGAS SUN



Colonizados polo mercado

O mercado dicta as súas leis por riba da organización e a comunicación social, di o galego Ignacio Ramonet, profesor de Teoría da Comunicación e director de *Le Monde Diplomatique* nun artigo que publica a revista HIKA titulado *Un mundo sen rumbo*. "Observamos que non son as leis da mecánica as que organizan aos cidadáns e ás súas actividades, senon ás leis do mercado, as leis da oferta e da demanda, as leis do proveito e do beneficio que son as que se filtran ao conxunto das actividades humanas. Todos os sectores que antes podían estar organizados dalgún xeito e nas que o mercado non tiña pé, vémoslos hoxe colonizados polo mercado. De feito non existe actividade humana nas nosas sociedades industriais desenvolvidas e liberais que non estea organizado daccordo coas leis do mercado. Pensáramos que cultura e mercado eran conceptos antinómicos, pero xa nos vamos afacendo á que a cultura sexa un mercado coma calqueroutro e a que todos os aspectos culturais, desde o máis esixente ao máis avanguardista, teña que se submeter ás leis do mercado. A grande diferenza entre o mercado e a mecánica é que desaparece a solidariedade por que non é precisa para que o mercado funcione a xeito. O que o mercado require é circulación económica entre os que poden participar nel e así vemos que o abandono do Estado do Benestar non está en contradición co paradigma do mercado (...) Os mercados financeiros teñen enorme influencia no destino dos Estados, porque a partir das leis que permiten a libre circulación de capitais, supresión dos cambios e alfandegas, constitúese un cirber-espazo das finanzas internacionais que está fora do alcance da autoridade dos políticos e nesa área hai borrascas financeiras que poden desestabilizar aos Estados. Isto pasou en Decembro do 94 coa crise de México e pode volver a pasar onde as masas monetarias sexan absolutamente xigantesas. Os tres primeiros fondos de pensións norteamericanos, por exemplo teñen unha forza financeira que representa medio billón de dólares e o conxunto destes fondos calcúlase en 4 billóns de dólares, só nos Estados Unidos. Non ai Estado que poida resistir unha operación concertada destes fondos de pensións". ♦

As dúas primeiras promocións de xornalistas formados na Galiza están a modificar en algo os medios?

Penso que si e é obxectivo da Facultade o formar a xornalistas que estén próximos á realidade da Galiza e neste sentido achegarles unha serie de coñecementos tanto da realidade como dos propios medios que contribúan a conseguir profesionais ben formados.

A forte demanda destes estudos significa que a profesión ten prestixio?

A demanda responde ao papel que a comunicación ten neste momento e tamén, como non, a que a profesión está un pouco mitificada. O papel xogado polo xornalismo tanto na transición como posteriormente fixo que estivese bastante ben valorado.

Coincide tamén cunha precarización das condicións de traballo dos xornalistas.

Efectivamente pero non é acertado reduci-lo só aos medios de comunicación. A comunicación está nun momento de grandes cambios que están no marco de grandes transformacións na sociedade e hai aspectos concretos que mudan como son as relacións laborais e iso contribúe a que neste período se dea unha precarización xeral sobre a que hai que reflexionar para ver as posibles vías de solución.

Hai vontade nos medios para dar solución a esta situación?

Quero presupoñer que si porque os medios beneficiaríanse dunha situación de estabilidade dos seus traballadores. As condicións de inestabilidade non benefician a ningunha empresa que queira ofrecer un produto atractivo, o que acontece é que nunha situación de cambio hai unha maior permisibilidade con situacións que non se debían dar en condicións normais.

Aparece así o papel do xornalista-comercial que ao tempo que informa contrata publicidade. Non vai contra os códigos deontolóxicos da profesión?

Nesta fase de cambio ao mellor alguén non ten clara esa fronteira que separa información e publicidade, pode haber certa confusión e, tanto desde os medios como nos centros de investigación e formación como a Facultade, debemos tratar de delimitar onde están as fronteiras para que quede claro para todos os sectores implicados. Ao mellor tamén compre revisar as convencións aceptadas até agora, pero, en todo caso, teñen que estar de acordo todas as partes. Creo tamén que as cuestións deontolóxicas cada vez teñen máis importancia, no tema das redes estámolo vendo, e non só na xente que suministra información senón nos xornalistas como mediadores. Existen unha serie de principios básicos e elementais que non temos só o deber senón tamén o dereito de que sexan cumpridos.

A tendencia é que os xornalistas pasen a desenvolver traballos de gabinete de prensa?

Vanse creando máis intermedios da información, sobre todo para influir nos medios de comunicación, para conseguir colocar a información. A ten-

Decano da Facultade de Xornalismo

Xosé López

'Podemos ter moitos medios de comunicación e todos coa mesma liña editorial'

♦♦ CARME VIDAL

CUNHA LONGA TRAXECTÓRIA COMO XORNALISTA QUE COMEZOU NESTE SEMANARIO, VEN DE RECOLLER O TÍTULO DO DECANATO DA FACULTADE DE PERIODISMO DA MAN DE MARGARITA LEDO, CO AFÁN DE DAR "CONTINUIDADE AO PROXECTO" E AMPLIAR A PRESENCIA DA FACULTADE TANTO NA UNIVERSIDADE COMO FÓRA DELA, XOSÉ LÓPEZ TOMA AS RENDAS DUNS DOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE MÁIS DEMANDA NOS CAMPUS QUE FORMA AOS TRABALLADORES DUNHA PROFISIÓN NA QUE PRIMA OS ALTOS ÍNDICES DE PARO E PRECARIZACIÓN. O NOVO DECANO DESTACA TAMÉN OS CÁMBIOS QUE ESTÁ A SOFRER A PROFISIÓN XORNALÍSTICA E ADVIRTE SOBRE A NECESIDADE DE QUE OS MEIOS SAIBAN ADAPTAR O SEU TRABALLO AOS NOVOS INTERMEDIARIOS.



A. PANARO

dencia vai ir nesa dirección e iso ten que obrigar a uns novos criterios de actuación; temos que ser quen de cambiar ante esa nova realidade. Ten aspectos positivos como son a ampliación do mercado da comunicación e o aumento de postos de traballo, pero tamén vai ter que coidar a relación cos medios que non debe estar imposta só

pola súa presión, hai que buscar os puntos de equilibrio.

A función do xornalista non vira entón en propaganda?

A información leva sempre un sesgo de interese de quen a xenera e o papel do xornalista é facela chegar o mellor posible. Habendo novos actores no proceso

comunicativo tamén teñen que aparecer uns novos filtros á hora de seleccionar a información desde as redaccións e formular e presentar as noticias, porque senón estaríamos sendo só reprodutores, e iso si que iría contra a calidade da comunicación.

Están os medios filtrando a información que lles chega dos

gabinetes de prensa?

O que é certo é que unha porcentaxe alta dos temas que saen dos gabinetes aparecen recollidos nos medios. Isto tamén ten unha lóxica xa que se as administracións que até agora eran moi pechadas comezan a abrirse teñen que ter maior presenza, outra cousa é que os medios se limiten a reproducir a información que lle envían. Neste momento o equilibrio non é o desexábel, prima a recepción masiva de información suministrada por gabinetes e isto nos debería levar á reflexión. É interesante saber que nos din esas fontes, pero tamén nas redaccións hai que reelaborar a información. No caso de que fosen reproducións exactas estaríamos ante unha deixación de funcións.

É bon para os gobernos que os medios reproduzan textualmente como propias as informacións que lle remiten?

Non o creo, contribúe en certa medida a que teñan máis eco nos medios, pero ás administracións tamén lles favorece que informacións que poden resultar controvertidas aparezan e que sexan contrastadas xa que move a dinámica social fronte á mera imposición dos seus criterios.

Entón por que hai tanto medo a calquer noticia que critique a actuación das administracións?

Porque todo o mundo ten medo a crítica e non hai ninguén que non trate de protexerse, esté onde esté e sexa quen sexa quen exerza o poder. Ten que haber relación entre os distintos actores, se quen exerce esa capacidade intervénto totalmente entón actúa, non hai un mediador. O emisor e o mediador son o mesmo.

O poder exercease con máis forza sobre os medios locais?

O poder, canto máis próximo, máis oprime ou máis tende a intervir, pero nos medios, canta máis proximidade teñan máis posibilidades existen de chegar á xente e en mellor situación se atopan para estar en contacto coas cousas. O incremento de medios, sempre e cando sexan viábeis economicamente, permite unha maior participación dos distintos actores locais. Se non reflexan a realidade próxima a ninguén lle interesan eses medios. Todos os medios son bons en canto contribúen á participación, non pode ser que só uns poucos esten xenerando discursos.

A esquerda continua a ter baixo sospeita aos medios de comunicación?

As distintas correntes de opinión teñen que saber promover os seus medios e actuar no mercado da comunicación, porque na medida en que saiban comunicar ben mellor chegarán aos seus públicos. É necesaria a pluralidade para contribuir a democratizar os medios porque podemos ter moitos medios de comunicación e a mensaxe ter unha liña editorial e ideolóxica moi parecida. Abarcamos máis se as distintas opcións teñen capacidade de actuar no mercado da comunicación.

O director da Garda Civil pretende cobrar os servícos deste corpo

Aumentan as cargas policiais contra traballadores, veciños e xóvenes

⇨ M.V.

A toma de posesión dos gobernadores civís designados polo Partido Popular parece ter traído consigo un incremento notábel dos incidentes de orde público. O caso de Povisa, o dos veciños de Merza, o da comarca do Morrazo ou o das manifestacións disoltas sen previo aviso parecen síntomas dunha posíbel escalada represiva.

O Luns 7 de Outubro douscentos policías cargaban contra catrocentos oitenta veciños de Merza que protestaban contra a instalación dunha liña de alta tensión. Xurxo Guzmán describía así os feitos: "Botáronsenos enriba a golpes e mocazos e nós, que non estabamos alí para recibir leña, liscamos como poidemos. A un abríronlle unha fenda na cabeza e acabou no hospital e ao seu irmán, por botarse ao policía que lle dera o leñazo, levárono detido á comisaría de Lalín". Despois dos incidentes, o gobernador civil de Pontevedra, Alexandre Millán Mon, escudou a súa responsabilidade decindo que facía o que lle mandaba o Conselleiro de Industria. Este, á súa vez, amparouse no Delegado do Goberno en Galiza.

Tempo antes, o Martes 18 de Xuño, os traballadores do hospital Povisa de Vigo sofrian os impactos dunha carga policial no interior da propia clínica. Como resultado da mesma producíranse 32 feridos. O Ministro do Interior tería que respon-



Collarin e escaioles, resultado da carga policial no interior da clínica privada de POVISA.

der no Congreso desta actuación, interpelado por un deputado do BNG. A maior parte das vítimas tiñan feridas na cabeza, con numerosos traumatismos craneo-encefálicos. Un neno e unha visitante do hospital resultaron tamén feridos pola acometida policial. A presidenta do comité de empresa, Consuelo Martínez, calificou a actuación das forzas de orde público de "tipicamente franquista".

Máis recentemente, o 12 de Outubro, as seis e media da tarde, unha manifestación pacífica era embestida por detrás na rua Panaderías da Coruña, a áltura do Museu de Belas Artes. Sen mediar aviso algún, varias dúcias de policías, fortemente armados e con vestimenta de cor azul, batían nos xóvenes convocados

pola *Assembleia da Mocidade Independentista*. Minerva, unha rapaza de quince anos, era golpeada e sofria a rotura dun dedo. Outra rapaza da mesma idade resultou detida cando trataba de acudir na súa axuda. A policía mantivo ás dúas mozas de pe, contra unha furgoneta, durante media hora. Logo foron interrogadas, sen a presenza de avogado ou familiares.

Continxente especial de León para o Morrazo

Apenas oito días despois, coarenta mariñeiros do banco sahariano que se dirixían a unha reunión sindical en Vigo, sofrian as consecuencias dun inusitado despregue policial. O autobús, encargado de recoller aos traballadores, era *escaltado* ao seu

paso por Bueu, Cangas, Moaña e Vigo, por un continxente especial da Garda Civil de León destacado á zona. Unha vez que o autobús chegaba a Vigo, as forzas da Benemerita eran relevadas por un continxente aínda máis numeroso da Policía Nacional. Os veciños da rua Gregorio Espiño preguntaban asombrados polo que sucedía no local central da Confederación Intersindical Galega ao que se dirixían os mariñeiros.

O Consello Confederal desta central pedira xa dous días antes "a retirada inmediata das forzas policiais das ruas de Cangas e do resto dos concellos do Morrazo". Eran moitas as testemuñas que non dubidaban á hora de falar de ocupación policial desta zona ao longo de varias semanas. O comunicado da CIG indicaba tamén que "nas actuacións das forzas despregadas no Morrazo téñense atacado a persoas indefensas, como é o caso dunha rapaza menor de idade que sofre doenzas de carácter respiratorio e que foi brutalmente apaleada en Cangas, pésie a advertir que non estaba a participar en nengun tipo de acto reivindicativo".

Como se dun acceso de humor negro se tratase, o Domingo día 20, o director xeral da Garda Civil, Santiago López Valdivieso afirmaba que os cidadáns deben contribuir máis no pago dalgúns servícos e en concreto os da Garda Civil. "Hai que esquecer —sinalaba— o principio de que a seguridade é gratis". ♦



Unha tropa do carallo

A í están todos os días irremediavelmente afeitados, aceptablemente limpos, cos seus revólveres ao cinto, con esa mirada que cataloga de principio a caña dos que entran, saen ou pasan, coa profesionalidade posta ao servizo da vixilancia de portas, roldas de prensa e chalets varios.

Forman o nada laureado corpo da policía autonómica. Limitan-se a intentar solucionar pequenos e simples altercados no aparcadouro da caravana presidencial, e tomarlle declaración a un paisano que queimava uns toxos no seu eido, ou afanar-se en retirar unhas cariocas do mesmo tamaño das que despois tomarán de tapa antes do xantar.

Seique van vir outros douscentos. Despregue que se antolla inecesario para a pouca operatividade que demostran. Se ademais consideramos o gasto en uniformidade, vehículos, e armas a cousa excede con moito o soportábel para un destacamento que aporta moi pouco á diminución do índice de criminalidade na Galiza.

Cando ás sete da mañá toca dianna no cuartel de Fontiñas e a soldadesca se dispón para comezar unha nova xornada de plátons e imaxinarias, un deses números, adestrado antes de recibir o escudo azul e branco, en idiosincrasia e folclor da terra, matina na súa sorte; moita disciplina e acicalamento pero pouca acción e nengun gasto de munición.

O Director Xeral, se é que o hai, vive do protocolo. Sería bom ir pensando en dar-lles algo de choio a estes rapazes. Desafectos do idioma, cuatreiros das pensións, asesores do lucro e a prebenda, animosos xestores electorais, servidores públicos apegados ao beneficio propio ou da parentela e demais caciques varios formarían un nutrido grupo de foras de Lei cos que poder ir facendo prácticas de enchironamentos, porrazos e outros usos policiais á galega. ♦

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSTROS RECURSOS

COMARCAS

O concello comprométese a facilitar terreos, dotalos de acceso, auga e luz ademais de non cobrar taxas

O negocio de montar unha universidade privada en Ponteareas

♦♦ A.L.

En Ponteareas, o anuncio da instalación da primeira universidade privada da Galiza sorprendeu aos veciños. A opinión xeral é que a universidade pode conlevar prosperidade, crear postos de traballo e afianzar o camiño cara á progresiva *urbanización* da vila máis estar composta de vintecatro parroquias rurais. O convenio asinado entre o grupo Marcote e o alcalde popular Xosé Castro reflicta un grande desequilibrio entre os compromisos adquiridos por unha e outra parte. Pero Castro asegura que a universidade vai ser unha revolución económica no Condado e que a cesión dos terreos por parte dos veciños "debería ser gratuita".

Nestes días, o alcalde comezou a recibir aos veciños da parroquia de Moreira para tratar a doación de terreos. Este é o punto que precisa resolución para presentar o plano de viabilidade da universidade no Parlamento. O que se refire a terreos é levado polo concello, segundo aclara Fernando Marcote, director dos centros educativos do mesmo nome e cabeza visible da proxectada *Universidade do Atlántico*. "Pero non se van dar bolsas de estudos a cambio de terreos", di. Sen embargo, a negociación vai da man de Castro, que quere acadar os terreos do xeito máis barato posible, ofrecendo o valor en accións de 10.000 pesetas da futura empresa.

"Imos pagar o prezo que nos pidan os veciños", di Marcote. "A doación debería ser gratuita", afirma Xosé Castro, para o que todo son bondades en relación coa universidade privada: creación de emprego e 3.500 estudantes que chegarán a estudar á vila. Pero a realidade é que haberá residencias no complexo universitario tanto para alumnos como para traballadores e que os estudantes poden desprazarse até as súas vivendas desde Moreira, polo que non é probable que medre espectacularmente a cantidade de pisos alugados. Por outra parte, a preferéncia dos veciños á hora de traballar na universidade sempre estará por debaixo da súa cualificación profesional. As facilidades económicas para que estuden na universidade os veciños de Ponteareas serán avaliadas

por unha comisión mixta presidida polo alcalde. A elección desta vila para ubicar a universidade fíxose, segundo Fernando Marcote, porque ofrecía máis garantías aínda que é de mencionar a existencia dun centro Marcote en Mondáriz, a seis quilómetros de Ponteareas. A este empresario non lle parece determinante na viabilidade do proxecto o momento de crise económica. "Ten que haber oferta pública e privada. O que facemos é ofrecer unha posibilidade que non hai. Se imos esperar a tempos mellores, xa se nos adiantaría alguén", di Marcote, que representa, neste proxecto, a empresarios de Vigo e galegos en América que "queren ter a súa universidade aquí".

Todo pola universidade

O primeiro que chama a atención do convenio asinado é a cantidade de compromisos que adquire o concello: colaborar e facilitar a adquisición no concello de solo rústico necesario para o proxecto (entre 300 e 600 mil metros cadrados), recalificación de solo rústico en urbano de uso universitario, considerar de interese social as actividades realizadas pola universidade e efectuar a cargo do concello as obras necesarias para dotar á parcela de acceso, auga, luz, teléfono e alcantarillado. Xosé Castro valou os gastos de infraestructuras en 200 millóns, dos que parte serán desviados do plano de actuación nas parroquias, nas que non hai alcantarillado, nen recollida de lixo.



O centro Cemar de Mondariz atópase a seis quilómetros de Ponteareas e conxuga áreas educativas e de ocio. Desde a súa abertura estreitáronse as relacións entre Fernando Marcote e Xosé Castro, á dereita, Alcalde de Ponteareas.



O quinto punto do convenio exíme á *Universidade Internacional do Atlántico* do pago de licéncia de obras ou de calquer taxa municipal derivada da súa construción, posta en funcionamento e exercicio de actividades. É dicir, non terá que pagar nunca taxas de recollida de lixo, de alcantarillado, abastecemento de auga ou imposto de actividades económicas. Tamén os gastos correntes destes servizos van a cargo do concello. Só pola licéncia de obra, o grupo municipal do BNG calcula que se deixan de ingresar 95 millóns. Aínda que Fernando Marcote non quixo precisar a inversión necesaria para poñer en funcionamento a universidade, comparouna coa de Vigo. "Ten un

orçamento anual de 16.000 millóns pero nós teremos só dez titulacións", di. O cálculo do proxecto sube de 4.000 millóns. O BNG afirma que non se opón á instalación da *Universidade do Atlántico* pero sinala que non se pode admitir un compromiso tal do concello.

'Parte dos douscentos millóns de gasto do concello desvíarase do previsto para as parroquias'

Sen embargo, Fernando Marcote só espera que o popular Xosé Castro arranxe os terreos en Moreira para presentar o seu plano no Parlamento. "Non hai especulación posible", di. Se o proxecto se converte en realidade, os veciños terán ocasión de comprobar se as

promesas que Xosé Castro fai nestes días se cumpren: traballo, prosperidade e prestíxio. ♦

O ex alcalde de Foz encausado polo Tribunal de Contas

O departamento terceiro da sección de enxuzamento do Tribunal de Contas abriu un procedemento contra o ex alcalde de Foz, o popular Manuel María Neira Rodríguez, e outros dous funcionarios do concello de Foz despois de faltar de ingresar 8.036.902 pesetas no departamento de recadación de Foz



M. Neira Rguez.

mentres Neira era alcalde. O caso está dentro do orde xurisdiccional penal e Neira foi embargado para facer fronte a unhas responsabilidades contábeis que acusación pública considera probadas. En Novembro de 1994, Neira organizara un altercado que rematara no cuartel da Garda Civil cando un xornalista de *A Nosa Terra* preguntara polo destino dos cartos que agora enxuiza o Tribunal de Contas. ♦

O Tribunal Superior anula a licéncia dunhas torres en Vigo

A licéncia de construción de dúas torres de dezasete plantas que se estaban a edificar na antiga parcela da Unión cervecera de Vigo, foron anuladas polo Tribunal Superior ao considerar o trámite no concello non axustado ao ordenamento xurídico vixente, xa que a altura supera o límite do Plano Xeral de Ordenación Urbana e falta un informe xurídico do secretario municipal. Carlos Príncipe, que era alcalde cando foi concedida a licéncia, manifestou que os erros na tramitación eran subsanables. O rexidor actual, Manuel Pérez, non se monstrou tan seguro e amosou a súa preocupación pola eventualidade de que haxa que indemnizar aos promotores. ♦

O vertedoiro do Rapadiño, en Pontevedra, aínda non foi pechado

Malia que o conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuiña, prometera en 1991 o selado do vertedoiro pontevedrés do Rapadiño e que informes técnicos datados en 1993 indicaban que xa tería que estar pechado, hoxe continua verténdose lixo. O lugar está nunha situación límite e hai grave perigo para a saúde pública, pero o concello non tomou ningunha decisión de pechalo. Mentres sucede isto, na Coruña o BNG ven de denunciar "a utilización política que están a facer do derrubido do vertedoiro de Bens tanto o Goberno municipal da Coruña como da Xunta (...) mentres a cidadanía paga as consecuencias". ♦

O Congreso de medicina xeral reclama a universalización da asistencia

♦♦ M. CASTELO / A CORUÑA

A universalización do sistema público de saúde e o traspaso de competencias sanitarias ás autonomías son as dúas reclamacións principais dos participantes no III Congreso de Medicina Xeral que procedentes de todo o Estado se reuniron a semana pasada na Coruña.

Na véspera da clausura, na que se botou en falta a presenza do Ministro do ramo, a derradeira mesa de traballo analizou os

dez anos de vida da Lei de Sanidade. Para o doutor Solla Camino, presidente do Comité Científico do Congreso "a unha década da promulgación, a Lei está ben lonxe do que sería de desexar. Os participantes no Congreso identifican intervencións alleas ao mundo da medicina e limitacións orzamentarias como causa deste retraso.

Nos obradoiros prácticos do Congreso tomaron parte máis de 800 facultativos e foi importante a participación no apartado de

comunicacións libres que nesta convocatória chegaron a 166. Neste apartado suscitaron especial interese as mesas sobre a descentralización e a homologación. O concurso de traslados convocado para fin de ano polo Sergas, significativamente en coincidencia coa oferta de empregos, foi criticado pola Federación de Interinos da Primaría que xa anunciou mobilizacións de protesta.

O presidente do Comité Organizador, doutor Fernández To-

rrente, valorou o desenvolvemento do Congreso concebido desde unha visión humanista e dixo que o compromiso do médico xeral debe abranger os problemas da poboación que atende. O colectivo participante ponderou a capacidade da equipa organizadora. "Coido -declarou o doutor Fernández Torrente- que deixamos o listón a boa altura o que supón un interesante desafío para os compañeiros do País Valenciá que no 97 han saber superarnos". ♦

Nengun representante acudiu ás xornadas da *Regal*

A Xunta non escoita as propostas alternativas sobre a pobreza

Agás o concello da Coruña, nengunha institución galega quixo estar presente na semana de actividades organizada pola *Rede Galega de Loita contra a Pobreza*, que tivo lugar do 15 ao 20 de Outubro. Unha vez máis ráchanse coas posibilidades de diálogo que esta rede, integrada por cincuenta colectivos, podería ter con Familia e Servizos Sociais na procura de vías que palien o progresivo crecemento da pobreza. A actitude institucional repercute, segundo os responsables da *Regal*, na sensibilización da sociedade, que aínda non cae na conta da gravidade do problema. Aínda que a resposta dos participantes nas xornadas celebradas na Coruña valorouse como boa, queda moito por andar para acadar a participación real, din desde a *Regal*.

Despois duhas xornadas de cinema, exposicións e conferencias, o Domingo 20 pecháronse as actividades cunha mesa redonda na que os participantes tiñan entre dez e doce anos: tres procedían do rural e dous da cidade. Esta xornada infantil deparou moitas sorpresas xa que os cinco rapaces criaron un extenso debate. "Pensabamos que non ían ser capaces de desenvolver o tema e quedámonos abraiados. Criaron un diálogo co público sobre a pobreza. Ademais, os rapaces aportan moitas ideas que nós, por moito que esteamos en contacto co problema non nos damos conta. Un exemplo é como eles sinalan que as apariencias xogan un papel moi importante á hora de xulgar a unha persoa necesitada xa que ademais de ser pobres, exixímoslle determinado aspecto", conta Xacome Santos, responsable da *Regal*.

Os intercambios con persoas procedentes de Madrid, País Basco e Cataluña serviron para analizar a pobreza e posibles



"O sistema fai que a pobreza medre en todas partes".

A. IGLESIAS

solucións alternativas en diferentes zonas. "Hai unha situación xeral xa que o sistema fai que a pobreza medre en todas as partes. Pero despois hai diferencias nas solucións: as cuantías das rendas mínimas en Euskadi son moito máis altas que aquí. En troques, na Galiza a lei da *Risga* ten unha filosofía moi progresista; no seu título terceiro contéplase a inserción dos beneficiarios das rendas. O que acontece é que se queda na teoría, non se aproveita ese suposto para actuar", di Xacome Santos, que sinala que a lei é restrictiva en canto os requisitos que se esixen e os cartos que se entregan. Hai dous anos, a *Regal* presentara unha proposta para modificar a *Risga* aos grupos parlamentarios aínda que "non houbo vontade política de modificala". Cando rematen o informe desta semana de actividades, acudirán de novo ao Parlamento. Desde a *Regal* cren que se debería elaborar unha marco legal para todo o Estado para que, máis a autonomía das comunidades, non se estableceran graves diferencias e os beneficiarios das ren-

das non tiveran que solicitarlas de novo cando se desprazaran.

Datos agachados

"Aínda hai moito que traballar na sociedade e moito máis no Goberno galego", di Xacome Santos, que reseña a ausencia de representantes da Xunta nas xornadas. "Non lles interesa escoitar a unha ONG e tampouco lles interesa facer públicos datos da pobreza no país", sinala e engade que o Mapa da Pobreza realizado por Familia e Servizos Sociais "está agachado cando é fundamental para os traballadores sociais poder traballar con el". Segundo a opinión de Santos, as asociacións que son críticas coa política seguida pola Xunta en materia de pobreza non reciben subvencións nen son escoitadas. "Calquera sabe que sen un mínimo de cartos non se pode presentar un proxecto serio. Na Galiza, só poden traballar neste campo o Instituto de Desenvolvemento Comunitario e as organizacións que dependen do *Opus Dei*. Esas son as que reciben as subvencións", di. ♦

TEMPO SINDICAL

MELLORAR OS SERVICIOS PUBLICOS

MANOELA ARIAS

A ofensiva privatizadora anunciada polo goberno do Partido Popular e os recortes nos presupostos do Estado dos principais servizos públicos veñen a cuestionar o Estado do Benestar. O Goberno vai a seguir a profundizar nos anos sucesivos no recorte do gasto público limitando tanto prestacións sociais, como medicamentos e pensións, ampliando a presenza de capital privado nos investimentos e nos servizos públicos e coa intencionalidade clara do deterioro do público en contraposición co privado.

No ensino incrementáanse as subvencións aos centros privados mentres se diminúen os presupostos do ensino público, na sanidade liberalízase as concertacións coa privada e privatízase a xestión dos centros públicos, na administración en xeral fanse contínuas cesións de existencias técnicas, asesorías así como o propio traballo administrativo a empresas privadas. Todo iso feito con fondos do patrimonio público —que dará beneficios para uns poucos— argumentando supostos criterios de rendibilidade económica, en perxuício da maioría da sociedade.

Na Galiza xa temos abonda experiencia, por vía do Real Decreto, da introdución da xestión privada, dando soporte legal á creación de empresas e fundacións xa iniciadas polo goberno do señor Fraga. Por exemplo, o Hospital Fundación de Verín, Centro de Transfusións, etc. Sentando as bases da desestruturación do sistema sanitario público.

De seguir avanzando na política de privatizacións dos servizos públicos vaise provocar un descenso moi importante na calidade de vida da inmensa maioría da sociedade, que remataría coa exclusión dos sectores con rentas máis baixas, producindo insolidariedade e diminución da cohesión social en beneficio do lucro duns poucos.

Fronte a todo iso, agora máis que nunca, temos que defender a millora dos servizos públicos e de calidade, esixindo unha xestión pública eficaz, contra as políticas neoliberais e privatizadoras. ♦

MANOELA ARIAS SEOANE pertence á Executiva Confederal da CIG

Policia autonoma galega

MANUEL CAO

Galiza é a única CCAA histórica que non conta cunha policía autonómica que mereza tal nome. A presenza dalgúns policías transferidos para misións menores é pouco significativa. Velei-quí onde se ve palmariamente a diferenza entre ter partidos nacionalistas fortes e non telos. Que os partidos centralistas non se interesen por crear un corpo policial autonómico é totalmente lóxico, pois están no seu papel. É, nembargantes, o PP o único que encetou a vía de dispoñer de policías propios dependentes da Xunta de Galiza. Creou a Academia Galega de Seguridade e asinou un convenio co Ministerio do Interior, polo que se transferían algúns policías á Xunta. Sabemos que existen xa estudos para poder crear unha policía autonómica integral, pero tal cousa non se fai, simplemente, porque non hai demanda social, nen política, por parte do goberno ou da oposición.

Moi probablemente, algúns recorrerían ao chiste fácil de acusar a Fraga de querer facer realidade aquilo de *la calle es mía*. Qué pensaría, por exemplo, o Deputado do BNG Francisco Rodríguez detido e reprimido noutras épocas por algúns policías que hoxe seguen en servizo se se lle propón que defenda que eses mesmos policías ou similares pasen a depender da Xunta de Galiza por ser unha reivindicación claramente nacionalista? E, nembargantes, o nacionalismo galego e os seus representantes teñen que reivindicar e propoñer a creación desta policía autonómica integral, esquecendo posíbeis agravios que, en todo caso, só afectarían a algúns perseiros históricos colindantes co nacionalismo.

Nada sería máis fácil, barato, eficiente e de xustiza que criar unha policía autonómica. Temos excedentes de excelentes policías e gardas civís que están noutras áreas do Estado desexosos de voltar á terra. A maioría son de zonas rurais e membros das clases populares, a maioría conserva o idioma galego como propio e, a maioría, son e actúan como cidadáns normais e correntes. É dicir, estamos diante dun colectivo que non sería nada difícil de integrar no país, tanto por razóns de orixe como de exercicio. Quizáis a discrepancia principal poida estar na creación dunha policía ex-novo, tipo Ertzaintza ou Mossos de Escuadra, ou ben decantarse por unha segregación a partir dos actuais Corpos de Seguridade do Estado. Desde o punto de vista nacionalista parecería máis lóxica a primeira vía, máis dados os custos económicos asociados e a abundante disposición de capital humano xa formado, podería negociarse a segunda opción sempre, iso sí, que a nova policía autonómica pasase a ser integral e a ter todas as competencias no territorio de Galiza ao tempo que se artellarían as medidas de coordinación cos Corpos policiais do resto do Estado, da Unión Europea e o resto dos países do mundo.



A. IGLESIAS

‘A discrepancia principal poida estar na creación dunha policía ex-novo, tipo Ertzaintza ou Mossos de Escuadra, ou ben decantarse por unha segregación’

Actualmente, a persecución do delito supera o ámbito de estados ou rexións, sendo necesario o coñecemento directo do terreo e a coordinación e colaboración a nivel internacional. Narcotráfico, máfias internacionais, redes de crime organizado e delitos económicos requiren dun tratamento global e local ao mesmo tempo, debido ás novas tecnoloxías da información e comunicación. ♦



Entre os incidentes ocorridos está a queima dun camión en Cabo de Cruz, Boiro.

A. IGLESIAS

Os produtores querén regular o sector fronte aos cartos negros que tiran cos prezos

Contrabandistas contra mexiloeiros

◆ H. VIXANDE

"Toda a culpa tena a Xunta", é a opinión unánime que expresan os integrantes dos piquetes que desde a última semana víxian os peiraos da Ría de Arousa para evitar desembarcos de mexilón pagados a un valor inferior ao fixado. É a guerra dos prezos, un conflito que as partes implicadas tratan de solucionar antes de que "haxa mortos".

Os ánimos están exaltados nas vilas de Arousa, as xentes das rías teñen xénio, pero non son ruins, o que sucede, din, é que cando ven ameazada a súa forma de vida, fan todo por defendela.

Nengun integrante dos piquetes que tomaron os peiraos estes días para evitar descargas incontroladas quer identificarse, pero todos teñen unha versión semellante. "Son propietario de sete bateas e vivo delas —explicaba un home que o Venres 18 compartía mesa con outros integrantes dun piquete que se acubillaba da choiva no bar do porto de Vilanova de Arousa—, eu teño unha familia que manter e non vou consentir que catro anden a vender máis barato".

En realidade, o que sucede na ría de Arousa está relacionado cun problema de profesionalización do sector mexiloeiro e a regularización da actividade produtiva. Os profesionais, que viven da acuicultura, acusan de tirar cos prezos a aqueles que teñen esa actividade como mero complemento salarial e á Xunta, que permite que non respeten os prezos fixados pola Organización de Produtores de Mexilón de Galiza (OPMEGA).

O Regulamento 3190/82 da UE establece as modalidades de

aplicación de ampliación a non membros das medidas adoptadas polas organizacións de produtores do sector pesqueiro. Isto quer dicir que as medidas de regulación de prezos poden ser adoptadas polas asociacións de produtores recoñecidas —a OPMEGA é a única do sector mexiloeiro en Europa que disfruta desta condición— e deben ser respetadas por aquelas persoas e asociacións que están á marxe.

Nas rías galegas hai 2.500 bateas e todas, agás 300, están sometidas á disciplina da OPMEGA. Pero algúns dos propietarios das trescentas bateas que están fora da organización non respetan os prezos fixados por OPMEGA e provocan unha caída dos mesmos en todo o sector.

Os mexiloeiros acusan á Xunta e a determinadas depuradoras "relacionadas co narcotráfico" de estar interesadas en continuar con esta situación. "Xa queimamos camiões e planeadoras, isto pode rematar con algun morto", ameaza o propietario das sete bateas de Vilanova.

Reunións dos implicados

Tamén en Vilanova, na parroquia de Corón, o Venres 18 os dirixentes das asociacións de mexiloeiros trataban, de costas á prensa, de chegar a acordos que puxesen fin ao conflito. Reunións similares reproducíanse ao longo de toda a semana. A falta de costume na relación cos medios de comunicación leva a organizacións e

asociados a non explicar a súa postura nun momento no que están a producirse sucesos violentos que son desacreditados polas autoridades.

Mentres se producían incidentes nos peiraos, no porto de Cabo de Cruz, no municipio coruñés de Boiro, a caseta da Asociación A Boirense, que non acepta a autoridade de OPMEGA, está pechada con sete chaves, a poucos metros só quedan o chasis e unhas poucas cinzas dun camión de frío industrial sorprendido cargando mexilón dunha lancha.

Para OPMEGA, a Xunta de Galiza está a promover a división do sector fomentando a actitude das asociacións que están fora da organización de produtores e rexitando intervir para regular o sector e as vendas completamente. Algo que defenden os produtores é que a Xunta retire a concesión administrativa de explotación das bateas cuxos propietarios non se queren someter á disciplina de OPMEGA.

"Estamos pagando á Facenda polas nosas vendas —explica un dos mexiloeiros en pé de guerra—, e os que están por fora [de OPMEGA] non pagan porque os seus ingresos polas vendas proceden do diñeiro negro dos narcotraficantes". A guerra dos prezos do mexilón está botando por terra a vella idea de que na Ría de Arousa todos estaban co contrabando, e no sector pesqueiro e na acuicultura comezan a ser conscientes dos problemas

que acarrean esas actividades.

Despois dos primeiros incidentes, as declaracións do presidente da Xunta, Manuel Fraga, acusando duramente aos integrantes dos piquetes, molestaron aos mexiloeiros. "Que cre Fraga?", din. Coas súas declaracións, o presidente está alonxándose máis dun colectivo que até hai ben pouco se proclamaba parte da súa base social.

Unha aposta pola profesionalización

A OPMEGA é unha asociación de produtores que aposta por unha profesionalización de sector e que avoga pola intervención da Administración para regular prezos e sistemas de venda, aínda que como tal organización xa está a levar adiante un sistema de turnos nas vendas que impede situacións de inxustiza e garante as vendas de todos de xeito ordenado.

Se nas lonxas os prezos están regulados, non sucede o mesmo co mexilón que se vende ás depuradoras. Esta situación provoca unha sensación de discriminación no sector que palpa unha realidade: que os prezos están ao mesmo nivel que en 1990, mentres a calidade mellorou substancialmente.

Máia as repetidas críticas do sector, que xa se enfrentara coa Xunta en Decembro de 1995 no meio duns sonados incidentes pola discriminación sanitaria do mexilón galego fronte ao foráneo, desde a Consellería de Pesca non se quer emitir unha opinión até que non estexan concluídas as conversas que mantén de forma discreta cos mexiloeiros, mesmo o seu Gabinete de prensa non se pronunciou sobre as acusacións de fomentar a división. ◆

Xuízo polos despedidos do Banco Herrero de Ourense

O Mércores 23, no xulgado do social número un de Ourense, tivo lugar a vista oral polo xuízo a raíz de dous despedimentos no Banco Herrero, aos que a patronal acusaba de negligencia nas súas funcións e non denunciar a trama de diñeiro negro que se producía na sucursal. No xuízo quedou claro que os traballadores descoñecían tal trama e as testemuñas que o banco empregara para xustificar o despedimento, acudiron á vista desdicindo ao banco e asegurando que a dirección terxiversara as súas declaracións. A defensa dos traballadores tamén considera probado que o banco aproveitou a situación para facer unha regulación de emprego encuberta que recomendaban as auditorías. ◆

Baixa da economía, baixa da poboación

Galiza ten, ao ano 1996, 2.743.364 habitantes, segundo os datos que recolle o Instituto Galego de Estatística no tomo *Proxección da poboación de Galiza 1991-2026*. Precisamente, no ano que se toma de referencia, 1991, a poboación era de 2.733.318 habitantes e os autores do estudo falan dunha tendencia á baixa na entrada do século XXI. "A evolución recente da poboación galega presenta unha tendencia de crecemento moi baixo, que se torna incluso negativo nalgunha provincia", din. O proceso de envellecemento e a baixa natalidade concúganse co crecemento do paro e a crise económica sufrida nos últimos anos. ◆

O SLG quer máis contundencia na defensa do sector lácteo

Para o Sindicato Labrego Galego o acordo tomado pola Asociación de Empresas Lácteas de actualizar os pagos aos gadeiros que cumpran a lexislación vixente é negativo. "O pago ten que realizarse a todos, absolutamente todos, os produtores e productoras de leite de Galiza, independentemente que teñan excedida ou non a súa cota", afirman despois de facerse público o acordo das empresas de actualizar pagamentos atrasados. O SLG, que pediu a inmediata convocatoria da reunión da Mesa do Leite, é partidario de lanzar medidas de presión máis contundentes e rexente o posicionamento das industrias porque "na práctica tomaron a decisión de executar o que non foi capaz de aplicar o Ministerio de Agricultura desde 1986". Asímismo, desde a organización agraria rexenteitan as propostas da consellería de Agricultura de adoptar un sistema de risco para a supertaxa, a compra de cotas a través dun banco e un observatorio lácteo. ◆

De Clinton a Ieltsin acabando cun pederasta Cando os meios de comunicación informan do que non queren

◆ M. VEIGA

Un debate das eleccións norteamericanas entre os candidatos Clinton e Dole ven de poñer en cuestión a idea vertebral da comunicación, arte na que os estadounidenses son mestres. Que queren os eleitores? Ou, empregando un sinónimo, que queren os televidentes? Segundo o conservador Bob Dole, aspirante á presidencia, os norteamericanos perderon a súa fe no goberno, porque "ven escándalos case a diario, ven problemas éticos na Casa Branca". Eses problemas éticos refírense sobre todo a unha antiga amante de Clinton que fixo declaracións á prensa, probablemente a cambio de diñeiro. Pero o que pasou no debate de San Diego, moi perto da fronteira con México, é que os candidatos foron interrogados por personas do público que nunca preguntaron directamente por asuntos relacionados coa corrupción ou coas críticas sobre a ética do presidente.

A campaña, calificada de aburrída polo 73% dos norteamericanos, podería terse animado se as preguntas tivesen sido formuladas por periodistas, "sensíbeis ás acusacións de escándalos e entrenados para obter titulares", din as crónicas de prensa. Pero "os cidadáns de San Diego, como a maioría dos norteamericanos, están interesados pola sanidade, a educación, o emprego e as pensións". Peter Jennings, da cadea de televisión ABC, dixo que os profesionais da información deben reflexionar sobre isto. Quizá a reflexión oportuna indique que unha cousa son os titulares espectaculares que captan a atención como un divertimento máis e outra o que realmente preocupa.

Ieltsin financiou a Lébed

Pero non se pode dicir que os medios de comunicación non digan a verdade. O que sucede é

que moitas veces esta ven na letra pequena. Cumprir co requisito das 64 ou 72 páxinas diárias ou coas máis de dúas horas de noticias exige dispoñer de grande cantidade de información, parte da cal contén sen dúbida un enorme valor. O día que os teletipos informaron da destitución de Alexandr Lébed por Boris Ieltsin, os máis observadores poideron ler que na primeira volta das eleccións presidenciais rusas "a equipa de Ieltsin fixo un investimento financeiro e técnico importante



A policía belga detén a un manifestante. O periódico que publicou a foto non se molestou en explicar a razón do apresamento.

na campaña de Lébed". Este xeneral, como se lembrará, foi votado polo 14,52% dos eleitores e grácias á súa alianza na segunda volta con Ieltsin conseguiu que este se mantivese na presidencia, superando a ameaza dos comunistas que logran uns magníficos resultados.

A mesma información apunta unhas das posibles causas da saída de Lébed do Kremlin: "os novos ricos rusos que querían convertilo nun novo Pinochet importábanlle moi pouco". Indirectamente, como se ve, a noticia informa de quen manda hoxe en Moscova.

Unir a flamencos e valóns contra un pederasta

O caso do pederasta e asesino belga aconsella tamén unha lectura entre liñas. O Estado, formado como se sabe por dúas comunidades diferenciadas: flamencos e valóns, necesitaba dun tema de choque que integrase a ambas e renovase o decaído prestixio do



Morte por un aborto en Covelo

A xuíza de Ponteareas decretou segredo de sumario no caso dunha muller que morreu desangrada nunha parroquia de Covelo. As investigacións apuntan a un aborto caseiro onde a negligencia dos médicos locais ao atendela despois da intervención e o medo da muller a revelar o aborto e quen o levara a cabo puideron ser determinantes na morte de Maria Isabel V.F., que tiña 36 anos e tres fillos. O medo e a clandestinidade que rodea ao aborto fixeron que durante tres días esta muller se fora desangrando até morrer, sen que familia nen centro de saúde tomaran unha decisión drástica.

Dous médicos foron xa interrogados neste caso no xulgado de Ponteareas, no que leva o caso a xuíza Dores Galabar, xa que un dos puntos a clarear é porque a muller non foi trasladada a un hospital. Isabel V. F. morreu o Martes 15 aínda que xa sofriá hemorraxias graves desde o Domingo 13. Cando o Martes o médico de Covelo foi avisado de urxencia, xa a atopou morta despois de ter perdi-

do moita sangue. Levaba tres días mal, nos que, entre outras probas, se lle extraxira sangue e se lle suministrara medicación para subir a tensión.

O silencio nos xulgados tamén se respira na parroquia de Maceiras, en Covelo, onde ningún sabía que a muller estaba embarazada. Ela mesma tentou ocultalo, aínda despois do aborto, afirmando que só se trataba dun mareo produto dunha forte menstruación. Maria-Dorés Galabar, a xuíza, xa interrogou aos familiares da morta xa que a chave está en saber porque Maria Isabel non foi ingresada. O segredo sumarial decretado no xulgado impide coñecer as declaracións e conclusións ás que chegou a xuíza. Antes de ser interrogados os familiares, pasaron polo xulgado os médicos de Covelo e un ATS.

A vítima deste suceso vivía no Carballiño aínda que o seu domicilio natal estaba na parroquia de Maceira, en Covelo. Os viciños da zona reseñan que se trataba dunha casa pobre e humilde, na que os membros da familia adicábanse as tarefas do campo. Ninguén se atreve a afirmar que as razóns económicas puideran levar a Maria Isabel a interromper o embarazo. Un dos médicos interrogados foi o encarregado de avisar nos xulgados de Ponteareas da morte a causa dun aborto mal realizado, chegando os viciños a dicir que o feto non saíra do corpo aínda que restos de placenta foron enviados ao Instituto Anatómico Forense. O levantamento do segredo sumarial aclarará as responsabilidades nesta morte. ◆

rei Alberto II. Os medios de comunicación situaron en primeiro plano o papel do monarca e convocaron unha manifestación co aparente e redundante obxectivo de opoñerse a alguén xa suficientemente detestado, despois das atrocidades que cometera. Que se procuraba entón coa marcha? O seu motivo esclarecéno os propios periódicos que, unha vez celebrada, destacan "a altísima participación, o seu carácter pacífico, de reivindicación

positiva a respecto das institucións e non un ataque directo contra a clase política, e o talante unitario da mobilización que foi capaz de romper en pedazos a barreira lingüística e a barreira da inmigración".

O Estado unitario sae reforzado do envite, pero só nos grandes titulares, porque outra vez a letra pequena levanta a sospeita de que o acusado teña relacións con altos cargos do propio Estado. ◆

PUCHEIRO

Deportivo-Canal +

Para a próxima tempada o Real Clube Deportivo da Coruña lucirá nas súas camisolas a publicidade de Canal+. A televisión do Grupo Prisa está disposta a pagar pola publicidade "o que o Deportivo pida", en palabras, seica, do propio Lendoiro. Non terá que puxar moito, pois xa hoxe a Sociedade Anónima Deportiva da capital coruñesa está en mans da televisión codificada. O Deportivo conseguiu 2.700 millóns de pesetas de Canal+ polos dereitos de retransmisións deportivas e aínda está disposto a investir outros 7.000 millóns de pesetas máis cara ás próximas tempadas. Todo ese diñeiro investirano en xogadores estranxeiros, até chegar, posibelmente ao número de 20. A televisión de Prisa, despois de que Antena 3 se fixese cos dereitos de Real Madrid, Barcelona e Atlético de Madrid, necesita unha equipa competitiva para facer frente aos seus rivais cando chegue a televisión dixital. O escollido foi o Deportivo, sen que importasen os enfrontamentos do PP, no que milita Lendoiro, co grupo de medios liderados por Jesús Polanco. Estamos a un paso de que ocorra como no baloncesto, que o nome oficial sexa o do patrocinador comercial ou peor aínda, en moitos casos o patrocinador e o propietario, sexan os mesmos. Os coruñeses poñerán de balde o Estádio. ◆



A. IGLESIAS

Mariñeiros mauritanos abandonados no porto de Vigo. Un grupo de 31 mariñeiros tripulantes dun barco mauritano permanecen no porto de Vigo desde hai máis de un mes sen ter máis asistencia que a proporcionada por asociacións humanitarias. A razón da situación é a falta de recursos do armador para reparar o buque e repatriar aos tripulantes. ◆

A Plataforma polo Ensino en Galego denunciará o incumprimento do ensino en galego

A Plataforma polo Ensino en Galego denunciará ante a Xunta aos centros de ensino que incumpran a lexislación sobre a presenza da nosa lingua no sistema educativo non universitario e mesmo recorrerá aos tribunais nos casos de inibición da Administración autónoma. Para a Plataforma, non hai excusa posible para aplicar a lei este curso posto que o decreto regulador xa foi aprobado o ano pasado. O decreto 247/95 que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística no ensino non universitario, adapta a lexislación sobre a lingua á Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo, LOXSE, e determina unha serie de áreas e materias que han ser impartidas en galego. A Plataforma está constituída pola Asociación Sócio-Pedagógica Galega, Nova Escola Galega, Mesa pola Normalización Lingüística e CIG, CCOO e STEG. Con esta medida os sindicatos amosan o seu compromiso coa lingua ao obviar calquer tentación corporativa e denunciar a aqueles que incumpran a lei, máis poder ser afiliados seus. ◆

A Lei de envases favorece a incineración

O proxecto de Lei de Envases e Residuos de Envases chega ao Congreso cando está piques de cumprirse o prazo fixado pola lexislación europea para a adaptación da Directiva 94/62/CE relativa a envases e embalaxes. Segundo Adegas, os obxectivos de reciclaxe máximo de 65% e mínimo do 15% para cada material poñen en dificultades a reciclaxe de papel e vidro porque agora xa chega ao 45%. Ademais, Adegas denuncia que se favorece a substitución de vidro e papel por outros materiais como o plástico. A opción polo plástico e a imposibilidade de aumentar a reciclaxe do papel e cartón trae consigo que a incineración sexa o método para desfacerse dese lixo. ◆

No Día polas Nacións Unidas lembran que a ONU non funciona

A data do Xoves 24 de Outubro, Día polas Nacións Unidas, foi aproveitada pola Asemblea Nacional de Obxeción de Consciencia, ANOC, para recordar que "foi criada para velar pola paz entre os povos da Terra, evitar os conflitos bélicos e as inxustizas mundiais". A ANOC lembra que, desde que foi criada a Organización das Nacións Unidas, houbo moitas guerras, o 20% da poboación recibe o 83% dos ingresos globais e o dereito internacional non se cumpre —por citar algúns exemplos. Para a ANOC a solución para acadar a paz debe ser desmilitarizar o mundo, repartir a riqueza e democratizar a ONU. ◆




Turismo Rural

GALICIA, PÓRTICO DA GLORIA

CENTRAL DE RESERVAS

981 / 54 25 27 - 54 25 28



TUR GALICIA

Secretaría Xeral para o Turismo

O vicepresidente admite no debate dos orzamentos que case non hai investimentos para o ferrocarril galego

Rodrigo Rato contabiliza como investimentos galegos os realizados nas infraestruturas de Castela

MANUEL SEOANE / MADRID

Por vez primeira os orzamentos estatais non especifican canto invisten en cada autonomía, facendo unicamente o cómputo global. Así mantéñese a incertidume sobre o financiamento autonómico e as comunidades do PP poden seguir coa súa campaña de propaganda interna. Pero, á hora de debater óllase como Rato considera como investimentos galegos os que se realizan en Castela, xa sexan nas autovías ou no ferrocarril, totalmente esquecido orzamentariamente no noso país. De momento, só os parlamentários do BNG se enfrontaron a Rato demandando máis investimentos na Galiza. Os socialistas limitáronse a facer declaracións públicas e os populares a apoiar ao Goberno central e xustificar a marxinação.

Os orzamentos "regresivos, social e físicamente, francamente discriminatórios a respecto das zonas máis desenvolvidas do Estado", como os calificou o parlamento galego, Francisco Rodríguez, non obedecen a unha política conxuntural, nen de axuste, nen ante un ciclo baixo da economía. Estamos, pola contra, fronte ao que o propio vicepresidente do Goberno central, Rodrigo Rato, calificou como "un novo deseño da política orzamentaria para o futuro", e, xa que logo, con vocación de permanencia. Rodrigo Rato atopou neste terreo o apoio sen fendas do PSOE. Josep Borrell -voceiro socialista ante a renuncia de Felipe González- clareou enfáticamente que o seu grupo comparte "os obxectivos dos orzamentos". A diferenza co Goberno central radica simplemente "nos meios e nos instrumentos para chegar a eses obxectivos".

Estabilidade macroeconómica. Así baptizaron a equipa gubernamental da dereita á súa política. Nunha primeira fase, orzamentos de 1997, o Estado axustará o seu déficit até acadar o 3% sobre o PIB, requisito previo para atinxir o dereito a entrar na Unión Económica e Monetaria Europea. Na segunda fase, o Estado debe minguar aínda máis. No horizonte, como recoñeceu o propio Rato, está atinxir o déficit cero: as administracións públicas deberán de cinguirse a cadrar balances como se se tratara de sociedades anónimas.

Borrell e Rato discutiron sobre o como, non sobre o que, co beneplácito da maioría dos seus correligionarios e meios de comunicación. O socialista reprochoulle ao conservador que privilexiara as rendas máis altas na súa contrarreforma fiscal. O popular censuroulle ao ex minis-

tro que non tivera tomado a tempo medidas suficientes para alixear o sector público.

Corpo a corpo BNG-PP

Francisco Rodríguez entrou no corpo a corpo con Rodrigo Rato cando defendeu a enmenda de devolución presentada pola BNG. Acusou ao Goberno central de hipotecar toda a súa política aos ditados de Maastricht. "O Goberno está preocupado de máis en facer un deseño de enxeñaría financeira, pero non en resolver os problemas cardinais da economía do Estado español", dixo o parlamentario galego. O voceiro do BNG botou en falta nos orzamentos "unha política verdadeiramente dirixida á creación de emprego, á potenciación do tecido produtivo e ao fomento dos intercambios comerciais en pé de igualdade". Rodríguez mostrouse favorable a considerar de xeito antidogmático todas as posibilidades, "mesmo a de quedar fora da Unión Económica e Monetaria.

E Galiza? Pois inexistente na práctica no proxecto dos orzamentos, segundo avaliou Francisco Rodríguez. "Aqui hai dous planos. O da propaganda e o da realidade", afirmou. No primeiro estarían os 76.000 millóns de pesetas que o goberno di que vai investir na Galiza. No segundo, "a teimuda evi-



Francisco Rodríguez.

entre a propaganda e a realidade débese a que se "computan como investimentos feitos na Galiza aqueles treitos das autovías que se executan fora do país".

No seu turno de réplica, Rodrigo Rato, lembrou a Francisco Rodríguez que o Estado "está a facer grandes esforzos investidores nas autovías galegas" e que "o programa de construción das fragatas F-100 en Bazán vai garantir un carga de traballo de 16 millóns de horas até o ano 2005". En troques recoñeceu que case non hai partidas consignadas para o ferrocarril.

B. LAXE

O non á OTAN de Suárez

O ex ministro de UCD, Marcelino Oreja, afirmou o Domingo día 20 de Outubro, na presentación do libro *As relacións exteriores da España democrática*, que Suárez sempre se opuxera á entrada do Estado español na OTAN. Diversos ministros, incluído el mesmo, responsable de Exteriores, eran firmes partidarios da entrada na Alianza Atlántica canto antes. Estas discrepancias, segundo as palabras de quen sería logo dirixente de AP, darian lugar a unha crise gubernamental e a súa saída do Gabinete. Sería aquí cando comenciaría a caída do propio Adolfo Suárez que daría paso á súa demisión. A luz destas afirmacións do dirixente do PP, enténdense episodios posteriores como o golpe de Estado do 23-F. A *Rede Gladio*, tiña como un dos obxectivos principais o de conseguir a entrada do Estado español na OTAN e o embaixador americano Thomas Enders, rematado o seu traballo en Chile, desprazouse coa toda a súa equipa a Madrid.

a nosa mellor literatura

50 VOLUMES COAS OBRAS MÁIS SIGNIFICATIVAS DA LITERATURA GALEGA EN EDICIÓNS COIDADAS E RESPECTUOSAS COS TEXTOS ORIXINAIS.
50 FASCÍCULOS ILUSTRADOS E COLECCIONABEIS COAS INTERPRETACIÓNS DE ACREDITADOS ESPECIALISTAS



Desexo subscribirme á colección historia da literatura galega editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Nome Apelidos

Enderezo Teléfono

Código Postal Provincia

Poboación Prezo da subscripción para o Estado Español 2.250 pta (2 fascículos + 2 libros cada mes) con 20% de desconto sobre o prezo de venda.

PAGAMENTO DOMICILIADO

Banco/Caixa de Aforros Titular

Conta ou libreta Poboación Provincia

Nº Sucursal
Sínvanse tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas (A Nosa Terra).

Data Sinatura

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado de Correos 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

Un proxecto da ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA e A NOSA TERRA



Simpatizantes sandinistas.

MUNDO CAL

Só cinco dos 23 partidos contendentes terán representación Os sandinistas terán na Asemblea 37 parlamentários fronte a 39 da dereita

◆ B.C. / MANAGUA

Os sandinistas terán na Asemblea 37 parlamentários fronte a 39 da dereita, un resultado que asegura de feito o seu protagonismo na gobernanza do país, a pesar das protestas por máis de setenta mil votos perdidos no recuento das candidaturas presidenciais.

Este resultado correspóndese co que obtiveran os sandinistas noutras instancias de poder decididas nas eleccións, o poder local entre elas. A maioría dos observadores internacionais dan por bon que o dereitista Arnoldo Alemán fiquese na presidencia cunha vantaxe de seis puntos sobre Ortega (54 fronte a 48) aínda que elegados do Estado español, Italia e Suíza areditados no Consello Supremo Electoral (CSE) solicitaron a revisión dos resultados.

Ortega di que non pode recoñecer un resultado construído sobre irregularidades a oito, da que non é a menor a detención de tres seguidores de Alemán que robaran as urnas dun coléxio. Coincide con el Guillermo Osorno do partido *Camino Cristiano*, que tivo o catro por cento dos votos e esixiu a anulación dos comicios despois de atopar 296 papeletas ao seu favor nun taxi e de advertir unha falla sistemática de papeletas de candidatos á presidencia que obrigou a moitos votantes a faceren até 17 horas de cola.

Outras opinións acrecentaron a violación das garantías de voto pois non se cumpriron os prazos establecidos pola lei no referente á publicación das listas eleitorais

e dos compoñentes dos coléxios.

Virxilio Godoy, do partido Liberal Independiente e Jorge Díaz, do Partido de Justicia nacional esixiron igualmente a anulación da consulta despois de descubrir que moitos presidentes de coléxios non remitiran actas á xunta electoral central senon telegramas nos que transcribían presuntamente as cifras das actas. De feito, moitos responsables de coléxios coidaron que era mellor burlar a lei que soporitar o escándalo producido pola tardanza dos datos. Os que peden a anulación suxíren que o retraso serveu como pretexto para toda clase de trapalladas. En Masaia, un candidato electoral levaba dúas urnas no seu coche. A dereitista *Radio Corporación* admitiu que un descoñecido deitara na entrada da emisora un paquete con actas eleitorais extraviadas.

Pais arruinado

Os sandinistas non só dubidan da limpeza de formas da votación senon que un país arruinado pola experiencia monetarista de Violeta Chamorro teña vontade de apoiar outra de mercado, máis cargada de bombo, de Arnoldo Alemán. Violeta chamaba a derrubar a inflación pola vía dun recorte da demanda nun mercado deixado aos impulsos do capital, sen intervención do Estado. Con máis de 800.000 parados sobre unha poboación de 1.200.000 en idade laboral, o derrumbe da produción nacional foi completo. A opción de Arnoldo Alemán é producir máis e aumentar as exportacións para endereitar a economía. A contradición é que son os san-

dinistas desde as cooperativas e as pequenas empresas os que poderían cumprir eses obxectivos e non Alemán que representa o capital especulativo, as privatizacións para beneficio de poucos e o seguimento preciso das receitas do FMI que teñen codenado ao país á fame. A defensa da produción propia está mellor representada polos sandinistas e así o creron moitos votantes.

Gioconda ordóñez da Fronte sandinista describía recentemente a situación do país como de "entrega completa ao Fondo Monetario Internacional e ao Banco Mundial. Dez anos de goberno sandinista cambiaron a estrutura social do país e 126.000 labregos recibiran terras dos latifundistas xunto de 80.000 familias urbanas. Nos últimos anos, Violeta Chamorroolveu unha parte destas terras pero agora Alemán quer *facer xustiza aos propietarios que perderon o que era deles*, aínda que negase ambiguamente en campaña nengunha intención de acabar co que queda de reforma agraria.

Coa composición da asemblea que resulta desta elección non será doado amortizar aínda máis as reformas dos sandinistas. A caída da educación e da sanidade nos tempos de Chamorro foi flagrante: No ano 89 o Estado investía 35 dólares por habitante na asistencia sanitaria pero no 95 baixaran a 14. Hoxe 600.000 rapaces, o 21 por cento da poboación escolar, carece de ensino e os profesores teñen un soldo que só lles chega para viviren unha semana. A taxa de analfabetismo que superaba o

50 por cento en tempos de Somoza e baixara ao 12 por cento cos sandinistas, está hoxe no 40 por cento. Un informe do Banco Mundial di que o 80 por cento dos habitantes do rural carecen de auga corrente e o 30 por cento non ten electricidade.

Por riba da agresión a todo o edificio de protección social sandinista, Violeta Chamorro (que desapareceu coa UNO do horizonte electoral) trouxo a corrupción, o clientelismo e o goberno arbitrario, con enorme desprestixio das institucións democráticas. De ser un país exportador de produtos agrícolas, Nicaragua importa alimentos e non hai banco que queira financiar a agricultura, o que produce que a os gandeiros prefiran trasladar a súa actividade á Costa Rica.

So cinco formacións políticas das 23 que presentaron candidatos á presidencia terán representación política. Un dos que fica fóra e Sergio Ramirez.

Postos a violentar o vocabulario político, se os *liberais* son os dereitistas de Arnoldo Alemán, as axencias de prensa informan sobre os resultados das segundas eleccións democráticas en Nicaragua, co que omiten as primeiras gañadas polos sandinistas nunha consulta ratificada por observadores de todo o mundo pero recusadas por Norteamérica.

Amáis de obter un resultado que os coloca no centro da actividade lexislativa do país, os sandinistas aparecen como unha fronte reforzada que deu chegada a un acordo cos que foran utilizados polos Estados Unidos para intervir na *contra*. ◆

Dúcias de presos mortos en Venezuela

A intervención da Garda Nacional venezolana nun cárcere de Caracas o Martes 22 de Outubro saldouse coa morte por asfixia de entre vinte e cuarenta presos. Non houbo motín, a Garda Nacional provocou os incidentes ao pechar a 54 reclusos nunha cela de 16 metros cadrados. Despois de protestar estes, tres policías lanzaron sendas bombas lacrimóxenas ao interior da cela, o que provocou unha explosión e un incendio posterior. Os presos mortos faleceron asfixiados polo fume do incendio. O Goberno recoñeceu a culpabilidade da Garda Nacional. A Fiscalía da República de Venezuela ten denunciado repetidamente as continuas violacións dos dereitos humanos nos cárceres. ◆

Chirac apoia o Estado palestino

O presidente francés, Jacques Chirac na súa visita a Palestina está a comprobar como os palestinos amosan maior capacidade para o diálogo que os israelíes. Nunha visita polos territorios ocupados, Chirac tivo que enfrentarse coa policía xudea para poder saudar aos árabes que se lle achegaban. Israel precisa dar unha imaxe de permanente violencia e inseguridade para xustificar a súa política



Jacques Chirac.

repre-siva, por iso a policía arro-deaba veementemente a Chi-

rac. Por outra banda, o presidente francés, nunha comparecencia ante o Parlamento palestino, mostrou a prol do Estado palestino pero, como aliado dos Estados Unidos que é, Chirac pediu que se "admitan as lexítimas aspiracións de Israel e súa seguridade". ◆

Bélxica toma as ruas para demandar xustiza polos asasinatos recentes

Os asasinatos de nenos executados por Marc Dutroux e as tramas de pederastas fixeron que centos de milleiros de belgas tomaran as ruas de Bruxelas o Domingo 20 de Outubro nunha mobilización coñecida como a *Marcha Branca*, que pasará á historia como a maior da postguerra. Flamengos e valóns pediron un cambio no sistema xudicial e o retorno do prestixioso xuíz Jean-Marc Connerotte para aclarar uns sucesos que provocan na sociedade belga a sensación de que a clase dirixente quer que pase desapercibida. ◆

Tínamos un problema e xa está solucionado
J.M. Aznar

O último número de **Asterix** vendeu 100 mil exemplares no Estado español. Vintecinco mil deles en **atalán**. Blanco Amor fixera unha tradución ao galego. Non moi boa por certo. Aquí queda aínda moito camiño.

Gil limpou Marbella. Botou aos moicanos, aos vendedores de quincalla e aos preas. Marbella está desinfectada. Agora progresan os *capo* da droga, con luva branca e armas automáticas. Hai asesinatos de película. Subiron de nivel.

Sobre o ILGA

Estiven lendo ao completo o artigo sen sinatura titulado "A norma móbil" que, no último número de *A Nosa Terra* (10 outubro), se insería na páxina 21. Estiven buscando e buscando as graves incoerencias e vacilacións normativas nos textos do Instituto da Lingua Galega (ILGA) que se anunciaban a bombo e prato na primeira páxina. Eu non vin por ningures esas graves incoerencias, senón máis ben *miudezas* que, a menos que un teña un ordenador na cabeza, pode ter calquera escribindo en calquer idioma por moi normativizado que estea. Vostedes mesmos, xa sen saír da primeira páxina deste número, empezan escribindo Occidente (cun só *-c-*) e de inmediato Occidental e Occidente (con *-cc-*).

Un non sabe moi ben por qué é odiado pola esquerda e pola dereita

En vez de dar acubillo a estas parvadas, mellor lles sería procurar non caer en castelanismos tan flagrantes como Moscú ou centinela (neste mesmo número). Desde fóra das disputas bizantinas de tipo ortográfico nas que semella estar esclerotizado o noso nacionalismo, vese ben ás claras que tamén para vostedes todo vale con tal de que sirva para criticar a ese ILGA que tanto odian, e un non sabe moi ben por qué é odiado pola esquerda e pola dereita.

Vendo a ampla cobertura que prestan vostedes a ese dicionario crítico de dúbidas e erros, resultado de andar mirando con lupa se aquí faltaba un acento, se aló sobraba unha vírgula ou se se hai erros de imprenta (que



se nunha páxina escriben *dende* e noutra *desde*; que atoparon un *circuito* e na norma ven *circuto*; que si *coordenar* en vez de *coordinar*... pero non terá esta nosa nación cousas máis importantes que solucionar?) a un venlle á cabeza aquela parábola do lixo no ollo alleo e da trabe no próprio. Alá vostedes se prefiren ir por este camiño en vez de facer un xornalismo serio. Moitas grazas. ♦

S. COUSELO REZA
 (MILLADOIRO-AMES)

Defensa do ensino privado

A equipa directiva do IB Uruguai de Vigo admira profundamente o ensino privado. Non só o imita constantemente na hora de controlar os alumnos/as, senón que mesmo lles di explicitamente aos mesmos que, de queren ser algo de proveito e conseguiren un ensino de calidade, cumpríralles acudir á privada.

O Martes 15 de Outubro os alumnos e alumnas do IB Uruguai decidiron secundar a folga en protesta polos recortes do goberno no ensino público para incrementar as axudas ao privado. Ao baixaren polas escaleiras, foron obrigados pola equipa directiva a subir de novo ás aulas. Unha vez alí, indignados polo atantado ao dereito á folga que veñen de sufrir, escoitan pola megafonía a voz ameazante do director, Alfonso Portas, lanzando o ultimato de que se alguén se atreva a saír da aula sería expulsado definitivamente do Centro.

Os alumnos e alumnas están

asustados e alporizados. Baixan dous representantes de cada curso co Xefe de Estudos para que se lles explique que unha folga é unha cousa moi séria e, en caso de realizárenla, deben aterse ás consecuencias. Ademais, engade o director, as medidas do goberno son moi axetadas e son en proveito de todos, pois no futuro, quen queira un ensino de calidade terá que acudir á privada, pois a pública servirá só de recolledeiro daqueles que non teñan interese en estudar. O abraio dos alumnos non ten límite: un director dun instituto público defendendo o ensino privado? Convocan un-

ha asemblea e barallan redactar un panfleto de rexeitamento de tal proceder, amais de acordaren unha folga específica do alumnado do IB Uruguai polo atentado á democracia e ao dereito á folga que veñen de aturar. O Xefe de Estudos, nametres, anda a escoitar detrás das portas que lle merecen desconfianza, como ten por costume. Non é a primeira vez que algún profesor suspicaz abre a porta e atopa a cara do Xefe de Estudos, que casualmente pasaba por alí ou ía dar algún recado.

Todo isto é un elo máis da política de amordazamento que hai tempo segue o instituto, afeito a esmagar e a queimar a todos os que non sexan afíns á ideoloxía peperiana imperante no Centro. Hai moitas xeracións de alumnos pisoteados e esnaquizados polas súas ideas que só poden dicir, cando deixan o Centro, o noxo que lles produce ese antro fascista. Noxo de persecucións, de control abafante que nos fai retroceder no tempo e que orixina que case todo o alumnado se traslade a outro Centro. O Uruguai arestora é, para os alumnos e para os profesores críticos, un cárcere. ♦

IRENE GARCIA PINTOS
 (SANTIAGO)

Carta ao Conselleiro de Educación

Os profesores e profesoras do Centro C.P. Porto-Cabeiro estamos preocupados pola ofensiva do Goberno do Estado, co consentimento calado da Xunta de Galicia, para desmantelar o sector público, tanto o industrial como o administrativo e educativo.

Neste contexto, o comezo deste curso está-se convertendo nun auténtico caos e polo tanto queremos facer-lle chegar as seguintes consideracións.

1º.— Manifestar-lle o noso malestar pola situación producida no Ensino no fin do curso pasado debido á política de presas e falta de información da Consellaría a respecto de todo o proceso de implantación da LOXSE.

2º.— Ano tras ano a Consellaría de Educación ven diminuindo o número de profesores e profesoras no Ensino Público. Este curso quedan sen colocar 308 interinos e interinas e do cupo de substitutos 74 persoas pasan de substitutas a interinas en Ensino Secundario, mentres que en Primaria máis de 200 substitutos quedan sen colocar.

3º.— Que durante os últimos anos os recursos materiais que precisamos nos centros públicos véñense reducindo sistematicamente, mentres se engordan as partidas destinadas aos centros privados.


4º.— Que nos vemos obrigados

Vémonos obrigados a aumentar o número de alumnos por aula

En Agosto de 1987 os vós norteamericanos de suministro á contra nicaraguana pasaron de un a tres diarios. O obxectivo de Reagan era que o o povo de Nicaragua comprendese que a eliminación dos sandinistas era un requisito previo para calquer esperanza de sobrevivir decentemente. Os meios de comunicación e o Congreso estaban enteirados, pero ocultárono. Cando o mercenario Hensen foi detido polos sandinistas que derrubaron o seu helicóptero, a CIA recoñeceu oficialmente a existencia de vós desde a base de Hopango, perto de San Salvador.

O abraio dos alumnos non ten límite: un director dun instituto público defendendo o ensino privado?

CANTINA MEXICANA



VIVA ZAPATA

RUA MARTIN CODAX VIGO

TRASPÁSASE
 LAVANDERIA
 TINTORERIA
 A PLENO RENDIMENTO
 NO CENTRO DE VIGO
 POR NON PODER
 ATENDELA

TELÉFONO
 (986) 41 03 21

Oferécese
 Hixienista
 Dental Titulado

A COMISIÓN

Chamar ao teléfono
 (986) 41 89 22
 de 21 a 23 horas

Hai máis contrabando na Galiza ou noutras partes?



S.F.

Ama de casa

Non sei, pero aquí hai bastante. Polo tabaco non censuro a ninguén, o que crítico é o do tráfico de drogas. O tabaco é unha forma de defraudar á Facenda, pero quen non quer fumar non o fai. Coa droga a cousa é peor porque remata por estragar a vida da xente. E unha cousa leva á outra; xa se sabe, pan para hoxe fame para mañán. ♦



Xosefa R.

Ama de casa

Hai máis. O contrabando nunca está xustificado, pero a xente ás veces bótase a iso. Tamén o defendo porque teño 3 irmáns sen traballo e se mos empregaran no contrabando de tabaco non me importaría. O que pasa é que se empeza co tacabo e se remata polo outro. Hai que verse na situación de cada quen, pero é ilegal e non paga a Facenda. ♦



M.C.

Pensionista


Supoño que hai outras zonas nas que as cousas están máis ou menos; ou nas que houbo contrabando antes que na Galiza. O contrabando é mau sempre; a droga é peor porque dá diñeiro pero tamén ruína e miséria aos que a toman. O tabaco non é tan nocivo como a droga, pero debemos gañarnos a vida de forma máis honrada e non de forma ilegal. ♦



Pilar Bueno Diaz

Ama de casa

Hai máis contrabando que en ningures, non hai máis que velo, e tamén hai drogaditos, non se pode negar. Sucede pola ma xente que hai, que se mete onde non debe. O contrabando é o peor. A xente pode vivir do que queira sen ter que recorrer a iso. O tabaco, non é tan ruín, pero a droga... a min por sorte ou por desgracia tócame perto. ♦



Sérxio Arauxo

Pintor

Non che entendo meu, pero hai bastante. O contrabando é mau máis dar cartos, é diñeiro fácil que corrompe. Esta xente encarece todo porque chegan e pagan por un solar a catrocentas ou cincocentas mil pesetas o metro, cando antes non era así. A vivenda vana subindo. É unha ruína e aquí en Vilagarcía quen máis ou quen menos vive diso. ♦

a aumentar o número de alumnos por aula, facendo caso omiso das xa insuficientes racións establecidas no calendario de aplicación da LOXSE e das recomendacións da Unión Europea sobre número de alumnos por aula.

5º.— Que nos vemos obrigados a suprimir optativas, informática e clases prácticas a pesar de seren necesarias e obrigatorias nas Probas de Selectividade.

6º.— Que se obriga o profesorado a impartir horario lectivo e materias afíns por enriba do disposto pola Consellería de Educación e mesmo a compartir centros situados a máis de 25 quilómetros.

7º.— Que a Consellería de Educación, fiel á súa política de desprestixio do Ensino Público, permita aos Centros Privados iniciar o curso na ESO dez días antes que nos centros públicos.

8º.— Que se recortan as clases dos alumnos de ESO co único obxectivo de aforrar en transporte e comedor. Así mesmo, a Consellería pon en marcha este curso sen enviar aos centros instrucións claras canto a horarios, gardas cos alumnos, etc., querendo obrigallos o profesorado a asumir traballos que non lle competen.

9º.— Que se negan Ciclos Formativos a centros públicos que o solicitan alegando falta de infraestruturas e se autorizan eses mesmos Ciclos a centros privados.

Por todo isto pedimos que esa Consellería mude o rumbo da política Educativa e afronte decididamente os problemas do Ensino, que nós concebimos como un servizo público. ♦

PROFESORES DO COLÉXIO PÚBLICO PORTO-CABEIRO (REDONDELA)

Tormenta de ideas

Desde *Polaroid* empecei a agardar da nosa literatura sorpresas. Nunca me deixaron indiferente os libros do seu autor, algúns son obras maiores, e agora veu este *Parado na tormenta* e xa tirou outra novela! Raios, lóstregos e tronos!, libro fácil e difícil que nos fai pensar sobre tantas cousas, os vivos debates literarios que abre case son nada ao lado doutras cuestións existenciais máis profundas. E canto máis o leo máis me intriga o autor, oxalá agora as ideas que aquí lanza sirvan para debatelas aproveitándoas e non no xeito da disputa de hai uns meses nestas mesmas páxinas. Endemais, as informacións que circulan sobre a súa persoa son tan contraditorias que parecen tratar de persoas distintas.

Así que, por qué non se plantea algunha editorial galega un estudo da súa obra? E aínda diría: para os que nos sentimos intrigados polas súas ideas, tan interesantes como raras, como di el, "extravagantes", por que non un libro de conversas a fondo ou algo así que nos retrate o suxeito e as súas ideas fundamentais? Algo como unha guía para viaxar pola súa obra. ♦

X.M. EIRAS MONTERO (COMPOSTELA)

Carga policial

Chegou ás miñas mans un tríptico da AMI no que convocaba a todos os mozos/as a unha manifestación á que decidin asistir. Estaba convocada para as seis

da tarde na Praza do Campo da Leña na Coruña. Cando nos fomos concentrando na praza viamos como ían chegando varios furgóns da policía, e se colocaban a ambos lados da rua pola que tiñamos que pasar.

Comezou a manifestación, e aínda non levabamos cen metros cando a policía sen previo aviso veu por detrás e empezou a mallar en nós. Algunha xente caeu ao chan, eu comecei a correr. Non me explicaba como podía suceder isto. Saíame o corazón de fora. Tiña moita rabia e medo, pero faltábame tempo para pensar porque a policía perseguíanos por toda a cidade para mallar en nós. Na Praza de Pontevedra volveron cargar. Detiveron a dúas rapazas menores de idade, a unha delas rompéronlle un dedo dun mocazo.

Por que sucede isto? Quen mandou bater en nós? Quen intentou parar a nosa liberdade de expresión? Porque uns policías violentos cargaron contra unha manifestación da mocidade? Hoxe a mañá falei cun rapaz do Instituto que milita na AMI e díxenlle que me gustaría entrar a formar parte desa organización da mocidade. ♦

CRISTINA MARTINEZ CES (FERROL)

Probas de subalternos

O pasado día 19 de Outubro celebrouse en Vigo e Coruña o exercicio Nº 2 das probas selectivas para o ingreso no Corpo de Subalternos da Junta de Galiza.

Convidaron aos alcaldes do Eixo Atlántico. A organización púxolle ás mulleres un autobús, para que fosen de **compras**, en cantos os varóns decidían o futuro.

Poucos saben que Paco Lobatón foi militante da Liga Comunista Revolucionaria. Igual que o actor Paco Echanove. Agora non se sabe onde está.

As telenovelas cairon da tavela televisiva. Os que vian a **perdición** nos dramallóns venezolanos poden ficar tranquilos. Se cadra dentro dun par de anos deixan de poñer constantemente partidos de fútbol.

DE LAGE

minerais ourives

MINERAIS, FÓSILES, CONCHAS, GEMAS
COLECCIONISMO DA NATUREZA

Rua do Vilar, 29 • Telf. (981) 58 28 33 • Compostela

PRESENTACIÓN

EN

FERROL

DA

"HISTORIA DA LITERATURA GALEGA"

XOVES 24 DE OUTUBRO AS 20 HORAS

NA GALERIA SARGADELOS

COA INTERVENCIÓN DE

XOSE RAMON FREIXEIRO MATO

ALBERTE ANSEDE ESTRAVIZ

Organiza
A.C. Medulio

A situación española non se pode comparar coa francesa que xerou, hai agora un ano, un forte movemento de contestación. Os "sindicatos, chamados maioritarios, á veces parecen pendentos só da televisión e das sucesivas administracións". Quen isto afirma é o xornalista e profesor de París Edgar Roskis, no último número de *Le Monde Diplomatique*. ♦

as e nom como borregos.

O máximo responsable desta boa mostra da concepción que tem o goberno do PP dumha Administración Pública ao servizo dos cidadáos/as, foi o conselleiro da Presidencia, o incluíto Dositeo, com a inestimável e nom precisamente desinteresada ajuda da empresa privada META Consulting, elegida pola Junta para a organización e logística das provas de acceso á Administración, e que, polo "brilhante" labor realizado vai cobrar umha suculenta quantidade de millóns (vinte millóns de pesetas!!) sufragados, como sempre, polos cidadáos/as, incluídos por suposto os sofridos opositores que tiveron a desgracia de terem de suportar semelhanche espectáculo surrealista.

O desenvolvemento dos acontecementos foi como segue:

a) A hora de abertura das portas para os opositores, establecida por anuncio no DOG para as 8.00 h. adiu-se até quase as 9.00 h., já que a empresa organizadora fixo acto de presenza no recinto das oposicións passadas as 8, quando já havia longas colas de opositores fóra do recinto, aturando um espeso nevoeiro.

b) Umha vez abertas as portas,

procedeu-se pola empresa a identificar e "acomodar" aos opositores. Quando já está todo listo, atopáronse com que as "tablinhas" habilitadas para a realización dos exames nom chegavam para todos/as. Problemas com as Matemáticas dos responsábeis da empresa, que conheciam perfectamente o número de opositores aprovados no 1º exercicio; ou um exemplo claro de apropiación indevida de beneficios pola via rápida do aforro cutre??? O mosqueo dos opositores logicamente vai em aumento.

c) Com o ambiente mui caldeado xurde a 1ª e brillante solución de emergencia: A empresa começa a repartir entre os opositores auténticos "tochos" de aglomerado, mui próprios para trabalhos de carpintaria, mas totalmente inadecuados para escrever algo sobre eles. Os opositores, logicamente, negam-se a usá-los, e os assobios e protestos vam em aumento.

d) Os tribunais, perante o perigo cariz que están a tomar os acontecementos, adoptou a postura de comunicar aos opositores (com a postura contrária da CIG, por ser completamente irregular) que o exame se realizaria em duas tandas: primeiro os opositores com "tablinhas", e posteriormente



(prévio ilhamento num local á parte, custodiados polos guardas de seguranga) o resto. O protesto é geral e os opositores/as negam-se totalmente a isso. O ambiente caldease mais e hai ameazas de plante geral.

e) Como nova e desesperada medida de emergencia, atópase umha brillante solución: "O Milagre da multiplicación das tablinhas". Procede-se á rachadura das "tablinhas", por procedemento artesanal, em duas metades dissimétricas que som repartidas entre os opositores (com pitelos incluídos), que nom acabam de crer o que están a ver os seus olhos. Os protestos continúan.

f) Por fim, com esses precários médios, o exame dá começo em Vigo (ao igual que em Corunha, cujos opositores tiveron de aguardar todo esse tempo a que se solucionassem os problemas de Vigo, com os conseguintes protestos da gente) ás 11.33 h., quando a hora establecida no DOG era as 10.00 h., depóis de continuos protestos, ameazas de impugnación, rachadura de exames e problemas de megafonia (continuos durante todo o proceso, pola falta de previsom á hora de contratar umha equipa adecuada, com o que parte dos opositores nom escutavam nada). Na confusom reinante, a gente começava antes de tempo a fazer o exame, e a copiar indiscriminadamente.

dos lógicos nervos do momento. Nada disto existiu, porque neste País já se sabe que nunca passa nada... que o Patrom Maior nom quer que tenha pasado. E assi, o Gabinete de Intoxicación, Propaganda e Psicotrópicos da Junta deleitanos ao dia seguinte, através dos seus bem subvencionados médios de comunicación (?), com o parte oficial da jornada: "Fuentes de la Xunta (seique as únicas que manam neste País) destacaron que la absoluta normalidad presidió el desarrollo de esta fase de las oposiciones". Estamos a falar de acontecementos diferentes? Sem comentarios.

A CIG denuncia publicamente estes factos e exige a imediata depuração de responsabilidades. Ou o conselleiro Dositeo Rodríguez procura os culpábeis ou ele mesmo deveria presentar o seu cese inmediato... Contratar com empresas privadas a realización de funcións próprias da administración e para os que conta com meios suficientes e, polo que se vé, muito mais capacitados, leva irremediavelmente a este tipo de situacións, onde o ánimo de lucro se impom para obter ganhança económica a custa de por em perigo a limpeza e credibilidade dum proceso selectivo. ♦

Um verdadeiro caos organizativo, como podem testemunhar os quase 7000 opositores presentes

HISTORIA UNIVERSAL



2 LIBROS CADA MES

vinde descubrir a aventura máis grande do mundo

BOLETÍN DE SUSCRIPCIÓN

NOME _____
 APELIDOS _____
 ENDEREZO _____ C.P. _____
 TELEF. _____ POVOACIÓN _____
 N.I.F. _____

Suscríbome á HISTORIA UNIVERSAL da que reciberei 2 números cada mes ao prezo de 450 ptas. cada exemplar (prezo especial para suscritores).

PAGO DOMICILIADO
 BANCO/CAIXA DE AFORROS _____
 CONTÁ/LIBRETA _____
 TITULAR DA CONTÁ/LIBRETA _____
 Nº SUCURSAL _____ POVOACIÓN _____
 PROVINCIA _____
 CÓDIGO CONTÁ CLIENTE _____
 Entidade: [] Sucursa: [] D.C. [] Nº conta: []

Sérvese tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo a miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados no seu Banco/ Caixa de Aforros por PROMOCIONES CULTURAIS GALEGAS S.A. (A NOSA TERRA).

ATTE.
 SINATURA

ENVÍA ESTE BOLETÍN A:
 A NOSA TERRA, COLECCIÓN "HISTORIA UNIVERSAL"
 R/ PRÍNCIPE, 22 BAIXO, VIGO
 OU CHAMA AO TELEFONO 986 43 38 30

Em fim, um verdadeiro caos organizativo, como podem testemunhar os quase 7000 opositores/as presentes em Vigo. Mas para a Junta de Galiza, criadora do engendro, todo isto foi umha alucinação colectiva, produto

A ALDEA GLOBAL

está aberta ás vosas colaboracións, débense incluír o nome e apelidos.
Os textos non deben exceder as 45 liñas.

Envíos a:
**A ALDEA GLOBAL
 A NOSA TERRA**

Apart. 1.371 36200 Vigo
 ou através do Fax:
 (986) 22 31 01

ALBERTE VARELA TOBIO
 REPRESENTANTE DA CIG NO TRIBUNAL Nº 2 DE ACCESO AO CORPO SUBALTERNO DA JUNTA

A literatura e as novas tecnoloxias centraron o XIII encontro Galeusca

Escritores galegos, bascos e cataláns reuníronse en Andorra

• M.V.

O val pirenaico de Andorra acolleu os días 18, 19 e 20 a XIII edición do *Galeusca*, pertinaz desafío de tres culturas históricas á hexemonía do castelán. Andorra reunía ademais o atractivo de ter por lingua oficial o catalán que, deste modo, é recoñecido, sequer simbolicamente, nos organismos internacionais nos que esta pequena comunidade ten representación. Por parte galega asistiron trece autores e dúas autoras. As novas tecnoloxias non asustán aos escritores. A procura dun estilo propio, obxectivo de todo creador, non é accesíbel ao sistema redundante das máquinas. Abrense, iso si, novas vías de difusión.



De esquerda a dereita, Cesáreo Sánchez, Alfonso Álvarez Caccamo, Rafa Villar e Manuel Forcadela.

O primeiro bloque temático levaba por título: *A literatura na era cibernética. Unha reflexión sócio-cultural*. A conferencia de apertura correu a cargo dun autor galego, Manuel Forcadela. A xornada do sábado estivo centrada na *Transmisión oral e as novas tecnoloxias. Aspectos antropolóxicos*. A conferencia foi impartida por Txema Larrea do País Basco. O Domingo, o catalán Jaume Fuster abriu unha xornada adicada aos *Novos públicos e os soportes de edición*. Da parte galega presentaron comunicacións Antón Castro, Luisa Villalta e Vicente Aráguas.

Ainda que este tipo de debates

adoita a provocar a polarización entre os partidários a fondo das novas tecnoloxias, fronte aos temerosos de que estas acaben por suplantar o papel do libro, houbo unanimidade á hora de considerar que era necesario tanto apoiarse nos novos medios, como convencerse de que estes non ian relevar ao libro, insustituíbel á hora de levar á cama, en palabras de Antón Castro. Outra das conclusións que se tiraron é a de que cómpre "desdramatizar" o fenómeno. O euskaldun Iñaki Zabaleta encargouse de facelo coas estatísticas na man: Nun país desenvolvido como os Estados Unidos só o 30% das persoas posúen ordenador e

apenas unha ínfima minoría dos usuarios de *Internet* teñen intención de facer uso desta vía con fins literarios. O cambio xa que logo non será tan rápido, nentan intenso como se pensa.

Manuel Forcadela sinalou que "o visual non vai ser remprazado polo escrito", como algúns parecen temer, esquecendo que as pantallas están cheas de letras. O poeta e narrador vigués apuntou que un ordenador é capaz de extraer a estrutura de calquer obra e "repetir o esquema, aínda que sen chegar ás últimas consecuencias". Iso demostraría que a sustancia da literatura non reside aí, citando a Todorov para

lembrar que "o único que teñen en común todos os escritores é que usan palabras". Forcadela recordou tamén que a pragmática da lingüística, o feito de que cada palabra adquira un significado diferente segundo o seu contexto, non é accesíbel ás máquinas. "A emoción que pode suscitar un texto —engadiu— non se encontra entre as potencialidades dos ordenadores".

Milagres cun magnetófono

O encontro analisou tamén as posibilidades de plaxio e mesmo de atribución de textos dun autor por outro, grácias ás autovias da información. Un problema de non doada resolución.

A respecto da transmisión oral e as novas tecnoloxias, o poeta Cesáreo Sánchez sinala o paradoxo de que grande parte da literatura oral galega se esteña a perder, "máia que para recollela só faga falta un pequeno magnetófono".

Na era das telecomunicacións outros autores fan notar os déficits de bibliotecas e o difícil acceso a moitas publicacións fundamentais, a cuxo encontro o investigador peregrina por arquivos, sorteando pexas e pregando favores. Tratan con iso de salientar que a tecnoloxía é útil, sempre que exista previamente unha vontade de facer uso dela, poñéndoa a disposición dos usuarios. ♦

O LEITOR VIRTUAL NON EXISTE

LAURA MINTEGI

Na miña opinión, a tecnoloxía, illadamente, non ten excesiva influencia no traballo literario, como tampouco é decisiva no momento da súa difusión. Se o libro non está en perigo de desaparición, importa ver como se plasman no texto as influencias que exerce a comunicación nunha época na que a súa presenza é tan relevante.

Ao meu xuízo, a cibernética pode influir de tres maneiras tanto na sociedade como no traballo literario: no formato, na estrutura e na linguaxe do traballo.

O formato, como a estrutura e a linguaxe, alixerouse. A impresión que máis calou na época da comunicación é a da difusión. A impresión de que calquer cousa pode chegar a calquer lugar, que o criado aquí pode aparecer aló, lonxe do ámbito, as intencións e as experiencias que o criaron. E o primeiro elemento de análise que aparece é o problema das referencias, referencias ben distintas dun lugar a outro.

As acedas discusións a respecto do contido e a forma hoxe están esquecidas. *Que* escribir ou *como* escribir. A disputa non era vanal, xa que agochaba o problema do compromiso da literatura. Pero aínda que latexa, non centra a discusión actual porque ambas posturas achegáronse. A preocupación hoxe, en

troques, é *até onde* escribir.

A primeira tentación é o achegamento ao leitorado hipotético e, daquela, facilitar a lectura. Precísanse novos e máis amplos códigos, procurárase a simplicidade na lingua, os topos comúns, fáceis de comprender e se incluíra a imaxe na busca de certo grafismo. É dicir, buscarase historias e descripcións comprensíbeis por un macro-leitorado potencial, aínda que ignoremos a difusión final.

As consecuencias serán evitar e eliminar a polisemia, con correspondencias únicas entre imaxes e palabras, con asociacións de ideas comúns e interculturais, e a lingua tomarase denotativa en prexuízo da connotativa.

O mesmo podemos dicir dos temas. Rexeitados os localismos, os temas «internacionais» serán os elixidos, deixando a un lado o intercambio de culturas, xa que o desexo de difundir non facilita o intercambio nen a difusión cultural, senón que fomenta a difusión sen límite dunha soa cultura. Non é mestizaxe, é colonización.

Ante a necesidade de adecuarse, algúns elementos aparecen como gañadores e outros como perdedores. Os gañadores: o léxico común, a narración tradicional, o grafismo e a linguaxe

denotativa. Os perdedores: a descripción preciosa, a polisemia, a imaxinación, a narrativa, o lirismo e a linguaxe connotativa.

Leitor virtual = non leitor

Se todo este esforzo é ampliar o número de lectores, pode ser van. O leitor virtual non existe, como tampouco os suxeitos das estatísticas. Os números só ofrecen perfís hipotéticos. O leitor non é unha unidade de medida, senón unha persoa completa situada nun lugar e momento concretos. Esa persoa quer ler algo dalgún lugar e dalgún momento localizábel.

De modo que aínda que non saibamos *até onde* podemos escribir, si deberíamos saber *desde onde* e que iso poda ser recoñecíbel polo entorno. Por iso a cada paso son máis recoñecíbeis as historias locais e particulares.

A tendencia dos escritores das linguas minorizadas é dupla, é máis, pode ser simultánea e contraposta nun mesmo autor. Sinte a tendencia á globalización e pode centrar os seus temas en localismos buscando tamén a complicitade do leitor das antípodas para chamar a súa atención. ♦

Extracto da comunicación apresentada pola escritora vasca LAURA MINTEGI

LOIS DIÉGUEZ

Este canto deixa-nos a impotencia. Cantar é, nestes casos, tan doroso... mais resulta unha miga aliador. Só unha miga. É o vello conto da escrita e a súa función terapéutica. Acaso, a palabra, o desafogo, non o teñen?

Canto a *Cuca*, logo, a muller, a amiga, a compañeira que despedimos na tarde fría e chuviosa do outono ourensán. As cerdeiras avermellaran a follas, e os viñedos. Repousa, agora, perto da tumba de Blanco Amor, ao que leu con devoción. A *Cuca* fixo tantas cousas boas que até as autoridades de unha e outra cor estiveron ausentes na despedida. Diredes-me que non era ela concelleira, nen deputada, nen profesora de universidade. Certo. Pero o seu traballo, desde moi nova xa, permitiu que hoxe haxa as institucións que hai, e os postos polos que tanto se lean; e mesmo loitaba desde o leito onde nos últimos meses o mal a postrara, para que isto da democracia se convertese en feito real. Por iso non había autoridades, nen cantores, nen predicadores, ocupados eles nas súas conferencias de salón, nas garabatas ou na arañeira do poder. Ao fin, o traballador sempre é o esquecido.

Pero había amigas, amigos que, ao final, son quen responden. *Temita*, *Aurora*, *Manoli*, *Merche*, *Branca*, *Teresa*... tantas que sería imposible nomear. Coa súa dor e co desexo de que aquilo fose un soño. As mulleres sempre foron máis consecuentes. Ali se via. *la-se-lles* unha parte delas mesmas.

Cuca representa a loita sen tregua. Discutiamos posicións ideolóxicas coincidentes nuns aspectos, diverxentes en moitos, pero entendiamos-nos bárbaro. O comunismo unia-nos na súa filosofía. A lectura, a pintura, Quessada, De Dios, Virxilio... Que escura se quedou Auria na tardiña. Penso que a coherencia é o mellor testamento para deixar, aínda que xa non se leve nesta Europa perdida na confusión da rapiña e do puñal. Hai centos, miles de persoas que deben a súa rebeldía — condición fundamental para se mostrar humano — á actividade da *Cuca*. A súa humanidade rebordaba como unha fervenza. Fumaba sen descanso. Din que o cancro ten que ver con iso, mais meu pai nunca fumou e tamén morreu del. Como disfrutabamos as comidas de *Temita* ou da *Dolores*, os viños da *Manoli*, os paseos por Lampazas e Rocas. Despois, acalorados, enfrontabamos as nosas dialécticas.

A *Cuca* corre na noite ourensá espallando octavillas do PC. Quen o diría, tan nova. Ceiba-se do lastre dunha educación submisiva. Escandaliza a súa liberdade de muller. Espaventa a nebra ourensá para mudá-la en sol. Desde o seu piso alto tan sacrificadamente gañado, espregita o futuro. Hai unha sombra nos seus ollos e aparece unha miga de acedume. O futuro. Vemo-la ali, asomada á baranda da terraza, e mira-nos. Sorri, como sempre, e fuma, fuma. "Subide!", berra.

Auria xa non será o que foi. ♦

■ Esmorga para os galegos na Suíza

A Federación de Sociedades Galegas na Suíza celebra por primeira vez en Berna a Gran Festa Foliada o día 30 de Novembro, das seis da tarde ás tres da mañá. A denominada gran esmorga vai estar acompañada de grupos folclóricos das asociacións organizadoras e de orquestras. Serviranse pratos galegos e prométense prezos económicos. Ademais, concursos de historia e magosto. O lugar é a Aula Primarschule-Schliern, en Berna. Ao seguinte día, primeiro de novembro, as sociedades galegas terán un xantar de irmandade. ♦

■ Xornadas da lingua en Betanzos

O 16 de Outubro, cunha mostra de debuxos de Xaquín Marín, deu comezo a cuarta edición das Xornadas da Língua, organizadas pola asociación cultural *Eira Vella*. O Xoves 24, o profesor Henrique Monteagudo fala da "Actualidade do galego e vintecinco anos do Instituto da Língua Galega" e, ao seguinte día, Venres, haberá unha mesa redonda sobre "O galego no ensino" coa participación de representantes da consellería de Educación, Federación de APAs, CIG e A Mesa pola

Normalización Lingüística. Os actos teñen lugar ás oito e media na aula de Cultura do Liceo de Betanzos. ♦

■ Komando Kutxarilla, a revista do Comité Anti Sida

Komando Kutxarilla é o nome da revista que, desde hai meses, ven editando o Comité Anti-Sida da Coruña Casco e que agora remata como unha publicación autónoma xa que o colectivo que a facia pasará ás páxinas da revista de Casco. *Komando Kutxarilla* acolle nas súas páxinas artigos e as impresións de persoas que sofren prisión, sida ou as dúas á vez. A revista faise eco das reivindicacións dos comités anti-sida en relación ao suministro de metadona nos cárceres e do illamento que padecen os presos FIES (Ficheiro de Interinos de Especial Seguimento). As vivencias dos reclusos son narradas para reclamar a liberdade e o respecto aos dereitos humanos. ♦

■ Magosto folk en Cuntis

O día 25 de Outubro celébrase o III Magosto Folk de Cuntis, organizado pola asociación cultural *O Meigallo* e pola asociación de

■ Fanzine das Xornadas do Cómic de Ourense

Se *The Yellow Kid* marca oficiosamente o comezo do cómic, este ano é o centenario do mesmo e o fanzine das Xornadas de Ourense ten un especial recordo para o aniversario. Despois do remate das celebracións das Xornadas de Banda



Deseñada, moitos dos acontecementos que ali tiveron lugar e moitas das monstras de animación que se expuseron son recollidos no fanzine, publicación oficial do evento. Miguelanxo Prado fala de Daspastoras, recóllese o máis destacado da *expofanzines*, entrevístase ao portugués Fernando Vieira e diferentes debuxantes presentan as súas viñetas. Como a festa da banda deseñada, o seu reflexo, o fanzine, fuxe de toda institucionalización e participa da multiculturalidade. ♦

pais e nais *O baño*. O programa comeza cunha obra de títeres do grupo *Kaos* seguida da celebración dun magosto no coléxio *Don Aurelio*. As nove comeza a noite folk coas actuacións de *Muxicas*, *Dhais* e as pandereteiras *As revenidas de Vila Xoán*. ♦

■ O Movimento Defensa da Língua non quer violencia

A denuncia que membros do Movimento Defensa da Língua fixeron no Congreso do Instituto da Língua en Santiago tivo un carácter simbólico, nunca violento, segundo aclaran nun comunicado referíndose á súa irrupción no acto celebrado o 20

de Setembro. A un mes do acontecido, desde o MDL aseguran que non culpabilizan ao ILG das agresións sufridas, senón a uns "exaltados", así como dalguns insultos como "portugueses de merda" e ameazas de profesores a alumnos. De calquer xeito, desde o MDL consideran "cfnico" que o ILG fale de tolerancia xa que "só

um lusista se inscreveu neste congreso e, por unha vez, acitaron a súa comunicación, aínda que esta tivo que ser lida a unha hora tam inoportuna como as nove da manhá". ♦

■ Xornadas sobre Otero Pedrayo

Durante os días 24, 25 e 26 deste mes desenvólvese en Santiago e Traslalba as "Xornadas ao redor de Otero Pedrayo", cando o pasado Abril cumpríanse vinte anos da súa morte. Especialistas na obra deste autor reuniranse nestas xornadas organizadas pola Asociación de Escritores en Língua Galega. Entre os participantes atópanse Roberto Vidal Bolaño, Manuel María, Margarita Ledo, Xosé Manuel Beiras, Francisco Fernández del Riego e Manuel Guede. ♦



Otero Pedrayo.

Xornadas de reflexión literaria no número mil de Xerais

Os día 26 fállanse os premios Xerais e Merlín

O Martes 22 Francisco Fernández del Riego marcou o punto de partida dunha semana de actividades literarias para celebrar o número 1.000 da Edicións Xerais. Exposicións, conferencias, debates, teatro e presentación de novidades dirixidas a adultos e escolares formaron parte desta celebración. Unha das monstras, *Xerais 1.000: 1979-1996*, constitúe un percorrido polos feitos máis salientábeis da historia da editorial. As actividades terán o seu punto forte na entrega dos premios Xerais de novela e Merlín de literatura infantil.

O xurado da XIII edición do Xerais de novela está formado por Xosé Lois Romero Falque, Xoán Acuña Pérez, Margarita Vázquez Zegrí, Pilar Díaz de Bustamante, Cristina Grimberg e Xosé Cid Cabido. Desde o día 19, xa están eleixidas as obras finalistas: *Novela peregrina*, *Never more*, *Morgana* e *Hoxe vai moito frío*. Tamén o xurado do Merlín fixo o propio e a escolla foi *Garatuxa*, *Leziñán*, *Ora Marítima* e *Farrapos de gaita*. Neste caso, os integrantes do xurado son Carmen Pérez Sangiao, Raquel Pérez Tato, Gael Pérez Traba, M^o Xosé Navarro, Miguel Vázquez e Helena Pérez.

Pero este é o punto final dunha semana de actividades que se abriu o día 22 de Outubro coa conferencia *O libro galego: de onte a hoxe*, por Francisco Fernández del Riego. O mesmo día tiveron lugar as inauguracións de tres exposicións: a que recolle a historia de Edicións Xerais, cunha especial relevancia para os premios, cuxa andaina comezou no ano 1984 en Vigo, voltando á cidade doce anos despois. Na sá dos Peiraos *A ilustración na colección Merlín*, recolle sesenta cadros de ilustradores que acompañaron os textos para nenos e nenas. Esta mostra xa fora presentada noutros lugares da Galiza. A terceira exposición ten como referencia á cidade co tema *A industria editorial viguesa* e está instalada no primeiro andar da Casa da Cultura. Percorre a edición desde 1823 en Vigo con especial atención ao libro galego.

Desde Xerais reseñan "xoias bibliográficas" como *Novena del Santísimo Cristo de la Victoria*, impresa por Pascual Arza, dono do primeiro negocio de impresión de Vigo ou *Diccionario de escritores gallegos*, de Manuel Murguía, do obradoiro de Xan Compañel. Tras a Guerra do 36, apa-



recen editoriais como *Monterrei*, *Galaxia*, *Penzol*, *Castrelos* e *Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos*. A actualidade do mundo editorial do Vigo de hoxe faise con nomes como *Obradoiro*, *Ir Indo*, *Nigra*, *A Nosa Terra*, *Címio* ou *Nova Galicia*.

Tempo de falar do libro

Non foi Fernández del Riego o único que falou de libros nestas xornadas. O Mércores 23 reuníronse o crítico Xosé Manuel Eiré, e os catedráticos Camiño Noia e Anxo Tarrío tentando

dar respostas á pregunta *Cara onde vai a narrativa galega?*, coa moderación de Xosé Ramón Pena. O chamado boom da literatura infantil tamén ten a súa mesa redonda na que participan o Xoves 24 os autores Finna Casalderrei, Agustín Fernández Paz e Xabier P. Docampo. Coa presenza da novelista catalana Isabel-Clara Simó, o vallisoletano *Prémio Nacional de Literatura* Gustavo Martín Garzo máis Suso de Toro e Manuel Rivas celébrase o debate *Para que hoxe a literatura?*. Victor F. Freixanes é o encargado de moderar.

Chegar ao título número mil é para Xerais motivo de abondo para analizar a súa pegada editorial na Galiza, centrando os actos en Vigo, cidade na que está asentada. O teatro apresetouse como novidade na celebración xa que a aula de Teatro de Pontevedra representou obras de Andersen para escolares, que tamén foron visitados polos principais escritores infantís do país. O fin de festa, na noite do 26 na Zona Franca de Vigo. Ali vaíse saber quen son os afortunados nos premios Xerais e Merlín. ♦

Leituras

conta de libros

Brava tralla bravú

Título: Fridom Spik. Autor: Santiago Jaureguizar. Editorial: Edicións Xerais.


Pasou sen ruído. Moito máis vista foi a irregular Todo a cen, do mesmo autor e publicada no mesmo ano. Seria polo chamativo deseño da portada, ou polo que fose, ou porque ás veces (moitas) a vida é inxusta, ou porque non escoitamos ben cando nos falan ao ouvido. E non había razón literaria que o xustificase.

Tralla brava, auténtica arroutada, lume que queima o peito, iso son os vintenove relatos breves que poboan Fridom Spik. Jaureguizar contra o mundo e a repunancia. O que se vén chamando literatura bravú. Que, a xulgar polas mostras, merece toda a atención do que está destinado a estoupar a acomodaticia droga que nos corroe o interior. Que a opción entre literatura claramente social e literatura con finalidades puramente estéticas, está por resolver e mantennos en permanente estado de desacougo, incerteza. Cal é a que convén? Esa é a pregunta. Mentres tanto esquememos que non son antiléticas. Deambulamos. Tran-

sitamos de experiencia en experiencia, de fórmula en fórmula. Procuramos novos horizontes sen mirar onde temos asentados os pés. E facemos novelas grandes, cheas de grandes ideas, pero a literatura galega de hoxe debe responder de algo máis que ideais por moi indispensábeis que sexan na nosa vida. E facemos novelas grandes procurando outros camiños e outras maneiras, pero esquecemos de onde, cómo e para qué partimos. Botamos grandes partidas de tute subhastado e non hai superficie que sosteña os nosos naipes, xogamos no aire. Chamémoslle crise de crecemento. Tanta ansia por medrar fai que non miremos o chan que nos sostén.

Facilmente se comproba que o grande problema da literatura galega é a sociedade galega. Que necesita unha literatura nacionalista que á vez é insuficiente para acceder á literatura nacional, unha literatura nacional que nunca poderá estar formada unicamente por escritas de grande valor estético e nada máis.

Jaureguizar logra algo ben difícil: sintetizar en poucas liñas o estado e historia de calquera contemporáneo



Desde logo, non vou caer na boutade de dizer que Fridom Spik é a primeira obra narrativa que reflicte sobre a vida de todos os días. É evidente que outros o fixeron antes, sabémolo todos. O grande mérito de Fridom Spik está en que que o lector é incapaz de sustraerse ao impacto de cada unha das narracións, que o obrigan a pensar e pensar nos demais. Unponse a ler e rapidamente ve que non hai ningún tipo de oportunismo, que a mensaxe séntese e dóese, proe como carbón aceo no peito e hai que ceibar. Pois velai van vintenove berros adocidos. Mellor dito, trinta, que o posfácio? onde se presentan narrador e obra é unha parada obrigada e non debe seccionarse do corpus

narrativo. A axilidade, a seguridade coa que seleccionan os feitos que marcan unha vida, a expresión correcta, contida e eficaz, fan de este posfácio a verdadeira carta de presentación. Onde se reclama e inscribe motu próprio na literatura bravú. Literatura merecente de máis serio e concienzudo estudo do que nestas breves liñas podemos apontar. É preciso retroceder no tempo, buscar antecedentes e debuxar a liña deste tipo de narrativa. O que é seguro é que non se trata dun procedemento mimético a partir da música. É algo moito máis fondo, nada frívolo. A tralla, a arroutada bravú, semella máis unha necesidade de expresión da ánima que precisa romper, fitar e abrir no ceo berros perguntando quen son eu.

Hai unha fácil e óbvia liña que une as Cousas de Castelao cos relatos de Fridom Spik. Salvando distancias e diferencias estilísticas, Jaureguizar logra algo ben difícil: sintetizar en poucas liñas o estado e historia de calquera contemporáneo. Para iso escóllense case sempre feitos, actos que por si mesmos caracterizan a persoa e o seu entorno. Non hai a delicadeza de Cousas, pero si a denuncia, e unha sensibilidade rara e exquisita. O lirismo que tinxe a escrita de Castelao vese aquí desprazado por unha feroz e expeditiva exposición. Se Castelao vivise hoxe, ben se che había sentir como un calquera de estes canochos que saben que Jimmy Hendrix tamén comía cachelos. Ah, e se se que ren paralelismos, mesmo gráficos hainos: aínda que non acompañen a cada relato, salferidos aparecen unha serie de deseños a primeira vista curiosos e impactantes, pero que no fondo actúan de remanso que obriga a repensar o camiño andado polas augas.

Evidentemente, esta literatura bravú, na escrita de Jaureguizar, ten sinais de identidade propios, marcas distintivas que tamén se manteñen en Todo a cen: elimínanse as máiusculas que comezan cada párrafo, procedemento simple que mesmo reforza a tese de que cada relato semella arrincado da realidade. Menos espectacular, por máis habitual é o recurso ao período breve, ou o estilo indirecto perfectamente integrado no texto, a temporalidade discursiva perfectamente encadeada o recurso á adxectivación imprescindíbel e claramente identificadora do momento histórico (o que supón unha selección lingüística acertada e moi transparente no seu significado, sen polisémias que estorben, é unha temática de hoxe contada con expresións de hoxe.


Un apontamento: o antes dito serve para descreber Fridom Spik ou Todo a cen, non toda a literatura bravú.

Na mesma colección (Ferros), temos tamén a Xurxo Souto e os seus toques: A tralla e a arroutada. Unha colección pouco divulgada e, polo visto, merecente de maior difusión. Aínda por riba, formato de peto e versión económica. Leituras impercindíbeis para quen queira estar na vangarda.

XOSÉ M. EYRÉ

Teatro de Ramón Valenzuela

Luis Pérez Rodríguez, estudoso da obra dos galegos no exilio, é o encargado da edición de AS BÁGOAS DO DEMO, da autoria de Ramón Valenzuela. Esta libro, publicado por Edicións do Castro, resgata a única peza teatral de Valenzuela, estreada en 1964 no Centro Galego de Bos Aires e dirixida por Eduardo Blanco Amor. A obra, na que se mantén fidelidade ao texto, reflexa para o emigrante, segundo Pérez Rodríguez, "unha Galiza tanxíbel e recoñecíbel, visualizada nas Terras da Ulla. O mundo rural, coa súa propia dinámica, pouco esperanzadora para cambios sociais, impón a súa propia lei. Os personaxes están sacados tamén desa realidade. O tolo, o caciño, o demo, a meiga e o pobo, que é testemuña pasiva no decorrer dos acontecementos".



História social da narrativa

A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social é o título do libro que apresenta Xoán González Millán en Xerais e que analiza o salto cualitativo da literatura desde o fin da ditadura paralelo á transformación social. Características destes anos son a consolidación de autores con obra anterior, a relevancia da novela sobre o relato, a expansión da literatura infantil e xuvenil e a introducción dos espazos urbanos no ámbito literario. Un percorrido polos textos que se publicaron neses anos amosa a renovación do discurso literario, obxecto de estudo do autor.




Guía práctica de Galiza

Federico Cocho de Juan escribe a Guía práctica de Galicia. Rutas para viajeros, dividida en perfil do país, itinerarios e información práctica. Rotas dirixidas a quen, de fóra ou dentro da Galiza, estea interesado en descubrila, ademais de información da historia e costumes do país. A guía, ilustrada e moi traballada, está editada por Ronsel.

Idolatria de Ricardo Beiras

Dentro da colección A Illa Verde, Espiral Maior publica Idolatria de Ricardo Beiras, que tamén este ano escribiu, en narrativa, O rectángulo de sol. As tres divisións, Esperanzas, Derrotas e Ectoplasmas amosan a busca dunha interlocutora.



Premios Xerais XIII Premio Xerais de Novela XI Premio Merlin de Literatura Infantil Vigo, do 22 ó 26 de outubro 1996. A list of names of authors and winners for the XIII Premio Xerais de Novela and XI Premio Merlin de Literatura Infantil is displayed in a stylized font, arranged to form the shape of a tree. The list includes names such as Ana Fernández, Fernando Paz, Ferrero, Etxebarria, and many others. At the bottom of the list are the logos for Xerais and 1000.

Leituras

Serpe

Título: Alta Casa.
Autor: Helena de Carlos.
Editorial: Espiral Maior.

Helena de Carlos, tras ir dando a coñecer paseniñamente os seus poemas nas páxinas de revistas literarias (*Dorna, Festa da palabra silenciada, Ólissos*), achéganos agora o seu primeiro libro individual —*Alta casa*—, publicado dentro da colección de poesía de Espiral Maior. Aposta o editor por unha autora que, con elegancia clásica, nos convida a percorrer as diferentes estancias desa *alta casa* que conforma a existencia humana. Circularmente, partiremos da barbantina casa petrucial para, transcurrido o periplo que anuncian os últimos versos do primeiro poema —*“pasar a cancela/ e saír/ na procura do eco batente da verbena”*—, voltar á mesma envellecidos pola experiencia. Pero a diáspora, malia necesaria, é dolorosa.

*Eu amábate.
E afastada de ti a dor é tan perfecta
coma a da carne onde non rompe o dente que
quere nacer,
coma a da alma que non dá botado fóra as ás
que un día a levarán lonxe de aquí.*


Abandonando a casa natal, o eu poético feminino deixa atrás as vivencias destinadas a inicialos misterios do camiñar. Estas,

co paso do tempo e o afastamento físico, van adquirindo a categoría de recordos latentes. Mais, por moi longos e flexibles que sexan os fíos tecidos pola memoria, chega o día en que o peso da saudade domina o eu poético e chámalo a iniciar a volta. Alguén —ser carente de entidade física— espéao na casa, no lugar primixenio e entoa un reclamo imposible de desofr:

*Foi alí onde vivimos,
na alta casa, e alí esperarás por min,
(...)
Sei que ti estarás
na alta casa.*

En chegando á casa o eu poético entretense en recordar, a modo de biografía, lugares, persoas e horas que marcaron a súa existencia. Sempre de fondo atoparemos un lugar para a tristeza, unha sombra que acompaña os pasos deste ser, un eco do río e os desexos explícitos por rememorar a infancia como tempo da felicidade. Voltando ó punto cero da existencia, ó lugar da partida inicial, esa casa que acolleu o noso primeiro alento, maniféstase no eu poético un-

Con elegancia convidanos a percorrer as diferentes estancias desa alta casa da existencia humana



ha depuración catártica que o deixará purificado perante novas rutas que, non podía ser doutro xeito, emprender desde a casa: *“agora volvo aquí, / ó lugar do que se parte, / ó lugar do que sempre / se pode partir”*. Só agora é quen de trazar internamente o seu camiño cara a madurez. Na chegada pode albisicar cantas diferencias presenta coa nena que segue xogando nos cuartos de antano, mutacións xa insinuadas no momento da marcha pero só patentes desde a lucidez que lle proporcionarán o tempo e a idade.

*Podo dicir que non fomos xa os mesmos
no camiño de retorno, pero non o sabemos
aínda. Foi máis tarde cando todo empezou.*

A volta á casa non implica só aceptar os efectos do paso do tempo sobre un mesmo senón

reencontrarse coas vellas sombras. Espertando do soño feliz dunha existencia que se desexa eterna, o eu poético debe enfrontarse a unha realidade ineludible que nos acompaña desde o berce: a morte. E faíno dun xeito submisivo sen revoltas estériles —*“Non teño nada que lle criticar á morte. / Tamén outras veces esa man de papel/ ciscou polo chan as cartas esquecidas”*— pois conformase con ter disfrutado o don da vida: *“aínda que sexamos soños / e pase tamén a noite, / era xa importante ter estado, / ter pasado por aquí”*. As sombras vánselle manifestando claramente ó eu poético quen, malia ter sido sempre acompañado por elas, non é consciente da súa presenza ata agora. Mais, que diferente é a sombra da primavera sobre uns corpos xoves abertos ó amor, exterminando a súa individualidade para trascenderse no outro,

*crueldade da camelia
e desta primavera festexada que alenta a sacrificio
e a gato, e guliña,
e a corpos que se esquecen
na raíz precisa
daquilo que ó morrer procura a vida.*

respecto á que chega a traición, con nocturnidade, para xear as fontes da vida, a aleivosa presenza que nos mergulla no frío:

*E os nosos membros van tamén medrando
en sombra
e nun frío que nunca fará nada quecer,
e por iso as sombras son xa parte da nosa propia*

sombra,
esa que se nos revela cara á noite.

E, sobre todo, canta dor hai no recoñecemento da próxima fin, na entrada no mundo sombrizo da nada levados da man da sombra branca, estarrecedora como ningunha outra. Esa sombra feminina que nos liga ás nosas antepasadas nun destino común de sofrimento:

*Cando a sombra é de muller
hai algo máis que enche de dor a distancia.
Falan dela en feminino
apelativo agarimoso, branca sombra.
(...)
Pero ela, a sombra branca,
afástase xa máis soa ca nada,
máis indefensa ca nada ante as aristas do xeo
máis vulnerable ca nada
fronte os espazos de formol nos que repousa
unha noite*

Entón o río-serpe fará fulxir as súas escamas para conducírnos, nun traxecto sen cansanzo, ata a alta casa que repousa á súa beira. Pois, ese río que nos envenena de nostalxia o sangue non é máis que unha prolongación da casa: o camiño de auga que marca o curso da nosa existencia.

*Poida que deas moitas voltas, pero ó final
alí estará sempre Barbantes, xa sexa
que ves de dobrar a curva onde o río se derrama
igual ca un reptil de carne xenerosa
ou ben que fatigado
chegues da morada do sol*

TERESA SEARA

Música


A Galiza viva da Quenlla

Título: A casa que nunca tivemos.
Autores: A Quenlla.
Editorial: 2001 Producións Artísticas.

Quenlla, no dicionario, significa “camiño difícil, en pendente”. Este grupo presentou o seu novo traballo en Santiago. Titúlase “A casa que nunca tivemos”. É a loita de Galiza, nación, por existir. Sexa algo difícil ou doado é algo que late nas cancións do grupo.

Viven aínda nó popular. Escoitándoos, nada do noso povo morreu. É certo que fóra da música pódese pensar de forma pesimista. Pero non na canción. Non na arte. O grupo aposta polo sinxelo. A emoción. Algo tan pequeno e tan grande. Quizáis a razón da vida.

Viviron a dor, a censura. E aínda así non morreu a súa liberdade. O libre das súas verbas e sons. Das súas interpretacións. Da súa frescura. Seguen vivos como segue viva Galiza. E para buscala, se a perdemos, podemos ouvir o que cantan, o que din, o que tocan. Case parece música dun soño, dun conto. Porque é moi alentador para ser real. É unha fiestra ao pasado, aos alicerces. Unha páxina libertaria de poesía.



O seu compromiso é sincero porque fan rir, chorar. Como todo o que é de verdade. Non é un “produto” musical para exportar nas tendas e mercar e vender. É algo máis. Forza de sangue, de raza. Non falar por falar. Que é o máis estúpido da sociedade de hoxe. Aínda teñen alma, humanidade.

Reclaman aínda a espiritualidade das aldeas. A plenitude de vivir en soedade co campo. Esa existencia triste. Por miserenta, sen cartos. Pero que imprime forza espiritual en todos nós. Non fan de voltar ao carro, ao traballo duro, á inxustiza. Queren non olvidar ese epi-

sódio. Da nosa carne. Unha parte da nosa historia. Estivo nos nosos pasados. E está en nós. Non somos fillos abandonados. Os galegos nacemento dun povo.

Cantan ledas cancións. A ironía de rirse do absurdo —e cruel—. De negalo. De cuspirle. E fan chorar sempre, por agachar tanta bondade. Tanta limpeza. Tanta gorxa ferida que non por iso non fala. “Quenlla” pode ser un camiño difícil pero non imposible. Nada está perdido. Os povos non desaparecen. Quizáis se agachan ou os maltratan. Pero os galegos seguimos vivos. Polo menos, iso se sente escoitando o seu último traballo.

“A casa que nunca tivemos”, o título do último que nos din. Falan dunha casa de pedra, grande e rexa. Esa casa simboliza todo o que podemos conseguir se erguemos o ánimo. Se conseguimos existir sendo o que somos. E aínda que non fosemos galegos que seríamos? Ren. Do mundo? Sí, pero de que “mundo”? Do estúpido, o inhumano? Ou iso ou a casa na néboa da Quenlla. Un soño? Non, moito máis.

O disco novo presentouse no teatro Principal de Santiago. Nos palcos unha parella de mozos, nun intre, beilaban sentados cos brazos. Ao son da música folk. Imaxe “surrealista”, extraña. Quizáis os tempos cambien. E as cidades entendan ao campo. E o rural se integre na cidade. Co idioma ancestral. Cos sentimentos remotos. Co herdo. Coa vida nas veas de quenemos somos galegos. Por orgullo. Pero tamén porque é o que somos. ♦

“Quenlla” pode ser un camiño difícil pero non imposible. Nada está perdido. Os povos non desaparecen

LUPE GÓMEZ

conta de discos

Modernidade étnica

Título: Mayoiga.
Autor: Himekami.
Editorial: Liricón-Sonifolk.

Música excesivamente tecnificada para o que pretende ser, en forma de lenda, crónica da paisaxe do labrego xaponés. Por algo, nipón é o músico artífice de tal maravilla: Yoshiaki Hoshi, máis coñecido por Himekami co produtor desta que, agardamos, sexa obra postrímera da *new age*, pura sofisticación instrumental, na percura dunha beleza aséptica, por máis que deixe entrar no seu son instrumentos acústicos coma o buzuki, cítara, mandolina ou percusión. Naturalmente, Himekami leva o protagonismo da produción: subprogramación e manipulación. ♦

Título: A Divina Comedia.
Autor: Marco Ambrosini & Katharco Consort.
Editorial: Liricón-Sonifolk.

Ambientación cribel de *A Divina Comedia* de Dante Alighieri. A música do período renacentista déixase notar de fondo nesta obra de Marco Ambrosini, compositor e multi-instrumentista, vencellado a distintos grupos de música medieval, dos que herda o son de gaida, zanfonia ou viola de gamba, sen duda a instrumentación máis próxima á época que pretende re-criar. Pero como estamos na recta final do século vinte, a modernidade da sonorización midi tamén se deixa notar, en forma de saxo e clarinete. Pero o aire de misterio venlle dun tambor baixo no que descansa a continuidade da obra. Se alguén dixó que a “nova era” era a reprodución de sonoridades antigas con instrumentación actual, eiqui teñen unha boa demostración. ♦

X.M.E.



En *Natura de animalhas* vostede aposta por abrir un diálogo coa lírica medieval que rompa as barreiras académicas.

Ese é o obxectivo, creo que a literatura medieval aínda hoxe ten unha vixencia case absoluta, continua falándolle aos nosos sentimentos, emocións, intelixencia. Ten unha comunicabilidade asombrosa, moitos dos xogos de palabras dos poetas satíricos galego-portugueses aínda están hoxe viventes, hai uns xogos de lingua viva que aínda son habituais, por exemplo, a identificación do corvo co crego. Aí está tamén a nosa forma de amar que, máis evoluir, conecta facilmente co amor das cantigas. Certo é que ten certas dificultades, hai unha distancia de lingua, de contexto socio-cultural... pasaron setecentos anos, pero a súa lectura sigue sendo fascinante e non só en círculos universitarios. Hai tendencia a reducir a lírica medieval a eruditos e eu defendo todo o contrario. É certo que canto maior tempo pasa é máis difícil, pero na lírica galego-portuguesa hai un elemento a maiores que tamén está a influir no seu abandono que é a falta de memoria colectiva.

Fala mesmo con ironía dos estudos académicos dos que di que deben ser "universitariamente confidencias por obra dalgún nefasto, e nefando, fado".

Intento meterlle un pouco de ironía porque estou farto de que a literatura medieval, que para min é unha paixón, se queira reducir aos círculos universitarios, ao que chamamos pasto filolóxico da peor especie. É verdade que hai xente que estudou a literatura medieval e que xa o fixo con outros ollos, intentando transmitir emoción, o que é o fenómeno literario, agora, incluso eses intentos aparecen dentro do mundo pechado universitario, de especialistas, de congresos... Eu quixen fuxir diso, quixen transmitir emoción, o que é a literatura.

Tivo distinta sorte a lírica trobadoresca na literatura portuguesa?

Tampouco aí foi estudada o suficiente nen recibiu o trato que merecía, pero o caso é diferente porque a literatura portuguesa ten unha riqueza posterior tan grande despois da lírica medieval que até certo punto é relativamente comprensible. Só nas últimas décadas hai unha volta á lírica galego-portuguesa tanto en Portugal como no Brasil ou noutras zonas. No caso da literatura galega é máis difícil de entender porque a súa poesía medieval é unha das grandes xoias literarias da cultura universal. Tamén é certo que a literatura medieval só se coñece desde hai algo máis de un século na Galiza, e fóra dos círculos universitarios, comézase a coñecer agora.

Na literatura galega sucederon os chamados Séculos Escuros.

Foi a perda de poder político, todo un proceso de silenciamento do poder galego en todos os sentidos e a partir de aí se explica que desapareza a produción. Este tipo de literatura necesitaba dos mecenas, ao desaparecer o mecenazgo faino tamén a literatura trobadoresca; perdendo o poder pérdese calquer posibilidade


É autor de *Natura das animalhas*

Carlos Paulo Martínez Pereiro

'A literatura española apropiouse da lírica galego-portuguesa anulando os elementos diferenciadores'

♦ CARME VIDAL

Con *Natura das animalhas*, Carlos Paulo Martínez Pereiro presenta aos lectores unha "impar zooloxía imaxinaria, que, como ao vello Plinio, o convenza de que "nada do que podemos imaxinar é increíble". Co ánimo de demostrar que se pode ser riguroso dentro dun "relativo antiacademicismo", este destacado investigador da nosa literatura medieval, farto xa de que se queira reducir a súa "paixón" aos círculos universitarios, presenta en *Edicións A Nosa Terra* o seu Bestiario medieval da lírica profana galego-portuguesa, o "caderno de campo dun naturalista literario". O autor —que colabora na colección *A Nosa Literatura* e ven tamén de publicar en Laiovento un ensaio sobre Almada Negreiros— explica, dentro dun manifesto lusismo, as razóns que o levaron a publicar por primeira vez na normativa oficial.



ANXO IGLESIAS

de de nuclear unha literatura culta como esta que ven a continuación da época altomedieval, tempos nos que a nobreza galega tivo unha grande importancia e se estendeu por toda a Península, feito que, xunto ao centro que era Santiago de Compostela e a propia calidade estética dos textos explican un fenómeno literario tan peculiar como este.

Chegou a nós a literatura medieval via os estudos de literatura española?

O que fixo até agora a literatura española, ademais de darlle un papel secundario, foi apropiarse dela

como se non tivese un claro elemento diferencial que pertence a outra lingua, outra cultura, tal como acontece coa literatura mozárabe. A lírica galego-portuguesa apareceu dentro da literatura española nun afán totalizador e non se lle daba a entidade e a independencia que ten e así chegou a nós desde os libros de texto do ensino.

Rachar inercias

O proxecto *A Nosa Literatura* no que vostede participa rompe esa inercia de vernos con ollos de fóra?

Para min o seu mérito é que des-

de hai moito tempo é o primeiro proxecto realmente colectivo que existe, con aportacións de moitos autores e con moitas maneiras de ver literatura, pero sempre desde unha perspectiva propia, vista desde nós mesmos.

Desde o seu punto de vista de lector e estudioso, como explica a ausencia da literatura portuguesa no ámbito cultural galego?

Non o comprendo, creo que debía ter máis presenza ao estar aí á beira e ser por riba fascinante, pero o fenómeno vai unido ao xeito de como se difunde a literatura en xeral. É fácil ver como chegan os éxitos editoriais aquí, através dunha serie de medios de comunicación que se difunden no país e que filtran outros medios, normalmente ingle-

ses ou franceses, que difunden éxitos editoriais. O descubrimento de Lobo Antunes através das traducións ao español de *Sirueta* deberíanos sorprender. Rubén Fonseca dentro da literatura brasileira acabará chegándonos tamén a través doutras culturas. Autores de literaturas que teñen máis ou menos os mesmos problemas que ten a literatura galega, como poden ser os cataláns ou bascos, o primeiro que comentan é a vantaxe de ter unha cultura ao lado como é a portuguesa, é un privilexio do que non facemos o suficiente uso. Vai unido a unha especie de lusofobia que existe, algo realmente peculiar. ♦

Cara unha confluencia na norma escrita

Natura de animalhas é o seu primeiro libro publicado en normativa oficial.

Son un lusista convencido apesar de ser certo que este libro está publicado en normativa oficial, dentro dunha serie de pasos que se veñen dando para ver se renunciando no que é a práctica, non nos principios, podemos ir dentro dunha certa racionalización a un lugar de confluencia, conseguir que se mantéña nun extremo alto que pode ser a solución.

Foi difícil este paso?

Para min si, moito. Houbo un grupo grande de xente que queimamos esforzos en conseguir que se confluise no que se chamou normativa de mínimos. Sempre defendín que o mellor lugar de confluencia era unha postura intermedia entre a norma oficial e a tendencia a maiores cotas de aproximación ao portugués. Agora vese como a xente foi cedendo ante o poder absoluto que se exerceu con extrema dureza, outros foron cedendo porque era unha situación moito máis cómoda. A iniciativa de *A Nosa Literatura* foi tamén un detonante para que isto acontecera, colaborando nun proxecto colectivo que a min me pareceu extraordinario e unha vez dado ese paso xa non lle via moito sentido a publicar de distinta maneira. É unha situación esquizofrénica: sigo convencido do meu lusismo e continuo asombrándome a min mesmo ao estar a utilizar unhas pautas que non comparto en absoluto.

Non é entón un paso sen volta?

Cunha situación da lingua cada vez máis deteriorada damos este paso, esperando que a medio prazo as cousas se podan reconducir, que se poda discutir sabendo tamén que non é só un problema de ciencia. Somos moitos os que dimos este paso e o lóxico sería confluír nesa banda alta da normativa oficial, iso é factíbel e sería unha maneira de racionalizar a situación despois acontecer até agora un totalitarismo absoluto. Estamos nunha situación absurda na que parece coma se os problemas do galego fosen só estes, cando temos outros moito máis importantes. Houbo moi pouca xenerosidade por parte do poder establecido. ♦

Xenreira grava o primeiro disco tras un ano de concertos

O traballo, de Edicións do Cúmio, conta coa produción de Kaki Arkarazo, guitarrista de Negu Gorriak

♦ A. ESTÉVEZ

O grupo Xenreira, da Estrada, pasou estes días polo estudio de gravación para preparar o que será o seu primeiro disco. Hai algo máis de un ano que este grupo deuse a coñecer ofrecendo concertos por todo o país mesturando músicas con arreendo a ska. Troula e baile son os efectos que buscan no seu público aínda que non se esquecen das letras porque "para facer música por facer non servimos". Para o disco, que corre a cargo de Edicións do Cúmio, os de Xenreira contan cunha produción de garantías: Kaki Arkarazo, guitarra e produtor de Negu Gorriak e a persoa que está detrás dalguns dos grupos máis interesantes do Estado.

Marcos, Sebi, Balboa, Silvério, Maki, Xurxo e David son Xenreira. A formación variou desde o primeiro concerto que deron, nunha festa nos pavillóns do Burgo, xa derrubados, en Santiago de Compostela. Foi en Xuño de 1995 e foron o último grupo que tocou nos pavillóns naquelas festas que duraban até o mencer. O guitarrista faleceu días despois e entrou Gustavo, que os acompañou na gravación do single *Rock Parrulo*; na Sá Nasa e no concerto que alí compartiron cos italianos de *Banda Bassotti* apoiando a reivindicación das familias e amigos dos presos políticos. Xurxo, a máis recente incorporación, colle a guitarra neste disco, que ten que estar na rua antes de rematar o ano.

"Sempre nos chaman para tocar. Tocamos nun sitio e, se lles gos-



Os membros de Xenreira xunto ao produtor Kaki Arkarazo, terceiro pola esquerda.

A. IGLESIAS

tas, fálalle a outra xente de ti", conta David, o cantante, que explica que non se gaña diñeiro máis que se fagan moitos concertos. "As veces pérdense cartos incluso, pero o normal é que cubras gastos", di. Acaban de chegar dunha mini xira por Cataluña, acompañados de *Inadaptats*, *Potato* e *Speereth*. "O público non é tan receptivo como na Galiza pero foi unha boa experiencia", di David, que como o resto dos membros de Xenreira consideran ao público galego o que máis conecta cos grupos. Tamén tocaron en Xixón, nun concerto organizado pola *Rash* (Red and Anarchist Skin He-

ad). "Pero nos concertos na casa é onde o pasamos mellor", sinala Xurxo, o guitarrista.

O disco, un empurrón

Máis a cantidade de concertos que tiveron, os de Xenreira din que prescindiron de ter nengun intermediario. "Decidimos a onde imos dun xeito asembleario pero non queremos que unha soa persoa nos dea ordens ou que se quede cunha porcentaxe, explica David. Sen embargo, si que entenden que, cando chega certa popularidade, é preciso que alguén se faga cargo desa tarefa. "É frecuente que se libere a

un membro da banda para levar as actividades de *manager*, cun salario. Trátase dunha relación de igual a igual, na que unha persoa cobra un fixo por traballar connosco. Alguen que poida encargarse de comprobar as condicións nas que tocamos, que nos poida alugar unha furgoneta para desprazarnos. Unha persoa que sexa unha máis e que pida o xusto", explica.

Xenreira caracterízase por seguir a pegada da música ska, aínda que neste disco aseguran que a mestizaxe está asegurada, e por unhas letras que reflecten a preocupación social e que

deixan claro o carácter de grupo nacionalista. "Nós facemos letras para toda a xente, para que se sintan identificados con nós. Nas cancións contamos o que acontece na Galiza, que é o que nos gusta e non nos gusta, problemas extensíbeis, moitas veces, a outros lugares do mundo. Non tocamos por tocar", di David. Sobre a importancia do disco, en Xenreira teñen claro que para dar un brinco é necesario. "O disco serve para comezar a rodar. Nós tamén queremos distribuílo nos concertos. De facelo, pedimos calidade", comenta o cantante que se refire á presenza nos estudos de Kaki Arkarazo, baixista de Negu Gorriak, compañeiro de Reixa en *Nación Reixa* e produtor de *Los Enemigos* e *Del Tonos*, por exemplo. Arkarazo é un dos produtores máis innovadores e creativos de todo o Estado. Dentro de Xenreira, valoran moi positivamente o traballo que durante tres días xuntounos no estudio. "Nós queríamos que viñera Kaki Arkarazo, aprendes moito con el e imprime no resultado final a súa creación", di.

O recoñecemento dos povos, unha sociedade xusta sen clases e a loita constante son os preceptos deste disco, para o que os da Estrada aínda están a debatir o título. Nos doce temas, algúns xa coñecidos para os que os viron no directo, mesturan rock, folk, hard-core, "en resumo, todo o que define ao rock irmandiño". Antes do Nadal, poderase comprobar o resultado deste traballo con novos concertos de Xenreira. ♦

Eloi Lozano, director do Ourense Film Festival

'A TVG só encarrega traballos ás produtoras dos xornais'

♦ PAULA CASTRO

Apresentou entusiasmado, a principios do mes de Outubro, o que sería o festival de cinema da Galiza, o *Ourense Film Festival (OFF)*. Partía da idea de organizar un evento no que se desen a coñecer ao país as producións cinematográficas independentes que se realizan a nivel internacional. Ao tempo, o cinema galego podía lanzarse ao exterior. Hoxe, Eloi Lozano amósase canso de loitar contra muiños de vento, contra o que el mesmo denomina como grupos de poder que só promocionan a aqueles aos que lle teñen que pagar favores.

Como xurdiu a idea de organizar o Festival de Cinema de Ourense?

Hai moito tempo. Na Galiza non había nengun festival destas características, presentámos o proxecto ao concello de Ourense e pareceulle boa idea.

Para celebrar unha mostra de cinema son precisos moitos cartos, como se conseguiron os orzamentos necesarios?

Atopámonos con moitos problemas e coa oposición de políticos e de xentes da cultura, pensadores. Mesmo houbo entidades culturais que se opuxeron ao

proxecto, como o Consello da Cultura. O concello de Ourense correu con todos os gastos e a Deputación provincial de Ourense e a Xunta puxeron cantidades simbólicas.

Aínda que no OFF hai unha representación do cinema galego, son moi poucas as películas que se presentan; cal é a situación na que se atopa a produción cinematográfica do país?

O problema é que apenas hai produción cinematográfica e a que existe atópase con grandes trabas. Aos organismos institucionais non lles interesa esta industria. A TVG, como organis-

mo público, debería ter unha grande responsabilidade na promoción da produción propia, igual que as outras entidades culturais públicas. Pero estas institucións, en lugar de apoiaren o cinema do país, boicotean o pouco que se fai. Non se encarrega nada e cando se fai é para pagar favores. Na Televisión Galega criouse un Departamento de Producción Allea co fin de promocionar estas realizacións, pero, sen saber por que, desapareceu. É un país comprado, submetido. Non depende da tua valia saires adiante.

Sen embargo, cada vez se fala máis dos grandes avances que está vivendo a industria audiovisual galega...

O primeiro que hai que dicir é que o audiovisual galego case non existe. Non hai máis que ver cal é a xeografía destas empresas, como se nomean os directores. Noutros países hai empresas que viven das súas producións, aquí só hai que mirar cantas empresas existen e cantas sa-

en adiante realmente. A nivel institucional non se promove o investimento en longametraxes galegas. A TVG nen sequer ten guionistas propios.

Subvencións ao cinema galego

Considera logo que a industria audiovisual debería estar subvencionada para poder saír adiante?

As axudas ou as subvencións axudan moi pouco. Sería máis positivo que se solucionasen os grandes problemas económicos cos que nos atopamos con contratos e fórmulas financeiras asequíbeis. Eu, desde logo, prefiro un contrato. Tamén parecen positivas as subvencións *a posteriori*, tal como se recollen na Lei de Cinematografía de España. Ti fas unha película e cando acadas unha porcentaxe determinada en taquilla podes recuperar en base a unha subvención parte do investido. Hai que ter en conta que o cinema é unha industria de alto risco.

Servirá este festival para incentivar a produción cinematográfica propia?

Desde a organización preténdese que os produtores galegos podan recoller exemplos das monstas que se presentan. Por iso adicamos unha sección especial ao cinema lusófono e galés. Neste último caso estamos a falar dun cinema que se fai nun país máis pequeno que o noso e que está saíndo adiante. Penso que se pode considerar como o paradigma de como se deben facer as cousas. É unha produción cinematográfica nunha lingua minoritaria, o galego, e que está fortemente apoiada desde a televisión pública. Os seus obxectivos están dirixidos a conquistar os mercados exteriores. Mesmo chegaron a ter unha película nominada para os Oscar. Pero non sei se realmente servirá para incentivar a produción nacional, porque os que terían que ver estes exemplos non están interesados. ♦

OPINIÓN

FORA HEIDEGGER DA CULTURA GALEGA

Hai prestixiosos artiguistas que, aínda que non o parezan, son tan mono (*teima*)ticos e terri (*bilis*)imos que basta con ler os títulos dos seus artigos para saber o que encerran dentro. Se ás veces os lemos até o final non é máis que por corroborar as sospeitas, reforzar os prexufos e ter onde fozar un pouco. Como somos algo porcos, se non queren que focemos, pois que non se expoñan en público. Claro que podemos equivocarnos e malinterpretar o escrito. Nese caso aplicámoslle a presunción de culpabilidade ao obxecto criticado e xa está. Aínda que a maioría das veces o punto final deixa en nós unha indignación peor do que sospeitábamos polo título. *Teimas e bilis* que todos temos.

Como exemplo do que digo, aí está o artigo de hai uns días en *El País* firmado por García-Sabell baixo o título "O escéptico furibundo". O comezo non ofrece dúbidas, parece unha declaración de guerra: "Quen non se ten atopado coa figura do catequista ao revés, co descrido absoluto que trata de levamos, case pola forza, e sempre con estilo obsesivo, á súa privada forma de negación totalizadora". Unha pequena mostra de pérolas expresivas utilizadas polo emérito contra os que defenden con paixón que non acreditan no misterio nen no trascendente, dá unha idea do feroz artiguño: "A súa actitude é a do improprio por vía do exabrupto. Representa o escepticismo a garrotazos dialécticos", "éntranlle furores homicidas", "individuo embravecido, violento desenfreado, desquiciado", "encadeamento cego a manías, negación pola negación", etc. Que barbaridade, mira que entrarlle furores homicidas. Hai moito monstro sanguíneo e pouco dialogante no mundo. Grazas ao celo fustigador do emérito todos sabemos quen son os escépticos furibundos que non acreditan no misterio, nen no trascendente. Están perfectamente identificados, hai nómina escrupulosa. E con que sosego, bondade, mansedume, bonomía e compostura están tratados pola pluma do esgrévio ex-delegado. Virtudes todas elas propias dos que si cren no misterio e no trascendente.

Afinal do artigo expón o que el chama un modelo concreto e certo. Tratábase dun mestre nunha pequena vila de Galiza (que casualidade). "Era un escéptico frío, implacábel, inflexíbel e de calculada conduta". Unha vez á semana, concluída a clase, exclamaba ante os alumnos: "Nenos, non hai Deus". E o coro infantil respondía: "Nunca o houbo!". Veñen logo un-

EMILIO CID

'Antes chamábanche roxo ou subversivo, agora excéptico furibundo ou perfecto idiota'



Martin Heidegger.

has liñas onde fala de Nietzsche, san Agustín e, faltaría máis, de Heidegger. Atrás queda aquel *Grial* dedicado a Heidegger e onde Ramón Piñeiro falaba da pegada deste na cultura galega. Ríos de tinta teñen corrido sobre a militancia NAZional-socialista do filósofo alemán e o emérito séguese citando coma se nada, impunemente. E acaba: "E agora pergúntome, cando aqueles nenos xa deben ser adultos, seguirá resoando nos seus ouvidos o "Nunca o houbo!" infiltrado na súa comovedora inxenuidade?". Isto xa recorda aqueles tenebrosos exercicios espirituais cos que nos torturaban os servidores da igrexa e que tan ben desorebeu Joyce nun dos seus libros.

Pois así están as cousas. Xa non podemos descreer, nen debater con paixón, nen enfurecernos, que nos bota unha prédica o preceptor académico e espiritual e nos propina un coscorrón filosófico co volume de "O Ser e o Tempo" de Heidegger. Apaña librazo, descrido, que é un descrido, e se non che chega co Ser toma outro co Tempo. Claro que si, temos que mantermos sosegados, propiciar o diálogo e afastar o escepticismo. Eles poden dicir o que queiran, que sempre serán os bons. Para iso falan desde o poder, desde o púlpito, desde a "bondade" incuestionábel. Nós, os outros, nunca deixaremos de ser os ruíns. Falamos desde a rúa, desde o resentimento, desde a "maldade" intrínseca.

Aí tendes senón o discurso dos populares en Ourense: "Somos galeguistas construtivos fronte a de alboroto". Pero como se poden proclamar construtivos despois do seu presidente Fraga facer apoloxía do terrorismo de Estado nunhas declaracións que o delatan. Pero que construción se pode esperar desta xente, de que (GAL)iza falan, que estado de terror leva o seu mentor na cachola. E aínda os seguen enchendo de votos. Galiza pródiga, Galiza meiga. Xa vedes, eles son os construtivos, os altruistas, os benefactores. Nós, os outros, en troques, somos os do alboroto, os destrutivos, os integristas, os furibundos. E se non che chega co que pensan de ti, co que che chaman, ven o Alvarito Vargas Llosa e dous máis e espéstanche "perfecto idiota", e tan tranquilos. Antes chamábanche roxo ou subversivo, agora escéptico furibundo ou perfecto idiota. Se non lles dá por chamarche esquerdista trasnoitado, energúmeno, fanático, fundamentalista ou cousas piores. Coa chea de fundamentalistas do

diñeiro, do armamentismo e da morte programada que hai nas Casas Brancas, nos Vaticanos, nos Foros Internacionais do Capitalismo Selvaxe ou nas Xuntas Militares dos desaparecidos. Pero a eses non llo chaman, non teñas medo, porque tamén son construtivos. Por máis masacres e xenocídios que teñan cometido ou apadriñado.

Xa sei que aquí ninguén convence a ninguén, nen falta que fai. Por iso mesmo focemos coma porcos e busquémoslle as cóxegas á linguaxe, que eles xa lles teñen moi buscadas. E por que non, tamén aos exabruptos e aos garrotazos escépticos. E se non lles gusta, tampouco a nós nos gusta o deles.

Cago no Heidegger do carallo e en todas as xerarquias celestiais e filosóficas que inspiraron a barbárie nazi e mesmo algúns aspectos do galeguismo piñeirista, tan do agrado do home da academia e dos relembrados, do sumo pontífice da cordura orteguiana.

Cago na Nova Orde Internacional —ese Vaticano das finanzas, da hexemonía militar e do pensamento único— á que se acollen os García-Sabell e os Vargas Llosa para divulgar panfletos apestos, fustigar a quen se declara descrido, berrar como o peor dos dogmáticos contra quen non profesa a trascendencia misteriosa, nen o integrista neoliberal, e botar sentencias desde o sillón azul no que se sentan e sinten como deuses bondadosos de aspecto pero implacábeis de feito.

Pasarán os anos e seguiremos lendo con pracer e proveito a Rosalía, Castelao, Otero, Ferrín, Valle, Marcial Suárez, Cortázar, García Márquez e outras estirpes sobranceiras. A García-Sabell e aos Vargas Llosa —esas bagatelas heideggerianas e popperianas— nunca os lermos de verdade, todo o mais olláremolos de esguello como quen olla un ninguén e dedicármolle un pensamento adocido, apenas unha muxica de comprensión. Enxurradas de noxo, xestos de ignorancia, ollares de desprezo é o que nos producen as aguias reais do pensamento académico, único, débil, ou como lle chamen. Séguense aferrando fa (*nazi*)camente a *O Ser e o Tempo* como se a xerazón do *Terra e Tempo* non irrompera liberadora hai xa trinta anos.

Claro que somos ruíns, malvados, furibundos e fundamentalistas. Nen máis nen menos que García-Sabell, Fraga, o Papa, Clinton e quen se poña diante. ♦

CONFUSA HOMENAXE CINEMATOGRAFICA

Leo no número 746 de *A Nosa Terra* que a Deputación Provincial de Ourense e o Cine-Clube Carballiño queren rendirle homenaxe no vindeiro ano a cinco cineastas nados naquela provincia e xa desaparecidos. Os nomes de Isaac Fraga, Antón Román, Cesáreo González, Xosé Suárez e Carlos Velo veñen a formar parte así de esa xa longa morea de eventos de ese tipo que enchen papeis e cubren certo expediente de galeguidade, sen importar para nada as diferencias máis que notábeis entre os homenaxeados. Aquí parece que todo vale e a ninguén lle importa, polo menos aos organizadores, que as personalidades citadas (dubidoso calificativo para algunha delas) non teñan nada que ver entre si, máis ala de ter nacido na provincia de Ourense. Todo se mete nun mesmo saco e ninguén escoita as seguras protestas que desde o seu silencio eterno a ben seguro estarán a facer Xosé Suárez ou Carlos Velo por ter que compartir mesa e mantel con compañeiros de viaxe-homenaxe tan pouco desexábeis como Fraga, González e Roman. E non serve o pretexto da paisanaxe: iso é unha coartada moi pobre que non deberían esgrimir os organizadores (suponse que expertos desde as plataformas empresariais cineclubistas do Carballiño) a non ser que se pretenda cair, a pouco que se olle de cerca, no absurdo e no sen sentido máis evidente. Porque, que teñen que ver tres franquistas convencidos, aduladores da ditadura e propagadores altamente cualificados no campo do cine, da España da

CELSO X.
LOPEZ PAZOS

'Que ten que ver Isaac Fraga exhibidor do cinema franquista, cunha figura exemplar como Carlos Velo?'

"unidad de destino en lo universal", "martillo de herejes y espada de la Cristiandad", con Suárez e Velo? Que ten que ver un home como Isaac Fraga, un dos máis significados exhibidores cinematográficos do cinema franquista, monopolizador e destrutor de toda competencia no ramo, secuestrador perpetuo de fitas comprometidas e estrangulador sistemático de calquera proxecto innovador ou minimamente culto saído de empresarios convencidos de que o cinema é negocio pero tamén arte, cunha figura exemplar como Carlos Velo, antifranquista e republicano que desde o seu exilio en México fixo un cinema que polo seu valor estético e político, mereceu ser citado, nada menos, que por Georges Sadoul no seu *Diccionario de Cineastas*? Que une a un documentalista tan militante da Terra, xenial fotógrafo e comprometido antifranquista como Xosé Suárez, cun home como Cesáreo González que a máis de avispado Pigmalión de Joselito ou Marisol, substituíu a *Cifesa* no posto central do cinema franquista para facer todos os xéneros do cinema español baixo a ditadura tanto sexan as "películas imperiales" tipo *Bambu* ou relixiosas *La Reina Santa* ou españoladas, modelo Carmen Sevilla ou Lola Flores? Que une a Antón Román, un dos principais artesanos do cinema da ditadura, apreciado e recompensado tanto polas súas exaltacións dos valores oficiais do réxime (*Escuadrilla*, *Boda en el infierno*, *Los últimos de Filipinas*) como pola súa sinxela ilustración dunha tradición cultural

premeditadamente inmobilista (*Lola Montes*, *La casa de la lluvia*, *La vida encadenada*...) co Carlos Velo esencial documentalista da España da preguerra civil, gañador do primeiro premio da Expo de París de 1937 coa súa *Galicia* (a mesma Expo onde Picasso ensinou ao mundo o seu *Guernica*) e ilustrador único do universo dos touros na súa espléndida *Torero*?

Que une ao Roman colaborador do guión de *Raza*, co Velo ilustrador do discurso de Allende aos estudantes da universidade mexicana de Guadalajara ou co Velo documentalista homenaxeando a León Felipe ou conselleiro de produción do *Nazarim* buñueliano? Non importa. Para certos organizadores as ideoloxías e as traxectórias vitais e intelectuais son accidentes da natureza; o importante é o territorio onde se nace. Certamente, empregando ese criterio ninguén se podería extrañar se a algúen moi intelixente se lle ocorriese algunha vez facer un homenaxe conxunto (se cadra organizado pola Deputación Provincial de Lugo e a Asociación de Historiadores de non-sei-que) a García Valiño, Camilo Alonso Vega, Millan Astray ou o mesmísimo Francisco Franco e tamén a Enrique Lister, Santiago Alvarez, Caridad Pita, Benigno Alvarez, Osorio Tafall, Suarez Picallo, Martínez López ou Manuel Castro sob pretexto de que todos combateron na guerra civil e todos eran galegos. ♦

Celso X. López Pazos é historiador e crítico de cine

O GAITERO SOLITARIO

O bimilenario e a invención de Galicia

MANUEL RIVAS

Como os nosos historiadores románticos, Vicetto ou Murguía, eu sempre pensei que Galicia nacera canda a creación do mundo. "Galicia era un vrexel nascido das mans de Deus". Parecíame moi convincente esa imaxe de Sumo Facedor a modelar as rías cos dedos, xogando como un nenno na poza dunha barreira.

Co dedo furabolos ía Deus facendo un sulco longo e por alí entraba a auga e así, nun plisplás, xurdiu o río Miño. Coa palma da man alisou unha parte e tarareou como un feliz albanel que receba co esparabel: "¡ Cha, cha, chá, Terra Chá!". E logo, como lle collera aprezo a aquel currunchiño da barreira, o Grande Conselleiro de Ordenación do Mundo púxose a facer moitas curvas e altibaixos coas xemas dos dedos e os cotenos da man.

"Os que vivan aquí vanno pasar coma Deus", dixo Deus, que xa

cavilaba en inventar uns trasnos contadores de contos, tocadores de gaita, aguardenteiros, e moi bos vaqueiros e pescadores de fanecas.

Deus, como os nosos historiadores románticos, era un soñador. Iso explica, por exemplo, que creara gratis a luz, sen os encoros e os recibos de Unión Fenosa.

Este, o momento da fundación de Galicia por Deus, era o imaxinario que nos aloumiñaba e que nos daba acougo no infortunio histórico. Non eramos exactamente o pobo escollido pero case case. Eramos un pobo escollido, apañadiño. Por moitas reviravoltas que dera a historia, aí estabamos, quentiños na lareira do noso currunchiño da barreira. Certo que perdimos naqueles intres que puideron ser a segunda refundación de Galicia, a dos homes libres. Por exemplo, cando os Irmandiños (o seu le-

ma "Deus e os Irmáns Galegos"), no mesmo tempo en que os vaqueiros suízos ergueron a súa Confederación Helvética e lle deron unha patada no cu aos caciques feudais. Perdimos pero aquí estamos, liando nas hebras da melancolía e da liberdade.

Pois agora resulta que non. Resulta que Galicia vai cumprir dous mil anos e que se preparan foguetes e alboradas para o tal Bimilenario. Como a festa é de moca, non vai haber moitas eivas. Ademais, así collemos carreiriña para o Ano Santo e o 2000 e o que se epaña por diante.

A tese que xustifica o Bimilenario é a de que Galicia xurde coa Gallacia romana. Iso é como soter que Walt Disney inventou a lámpara de Aladino.


-Home, non me negarás que a pegada da romanización foi decisiva

-dime o amigo historiador-. Pareces o poeta tolo da aldea de Asterix e Obelix. Ademais dous mil anos, son dous mil anos. Moito pedigrí. Fíxate os da Padania. Andan a deseñar identidade como quen corta un traxe de Armani. A ver, ¿cando se fundou Galicia?

Entón cóntolle a miña visión do grande día da fundación de Galicia. Sucede que Bregán, recién chegado, untou con queixo de montaña unha mazá tres-en-rama. Mordeu, saboreou e exclamou: "¡Galicia!". O certo é que dixo iso e non, por exemplo, "¡tache boa!". Se non, chamariámonos Tache Boa. Podería ter dito outra cousa. Pero non. Mordeu a mazá untada en queixo e dixo Galicia.

-¿E iso cando foi?-pregunta vacilón o amigo.

-Non o sei. Pero moito antes de que Rómulo e Remo mamaran dos tetos dunha loba. ♦



Carlos Blanco

'Os novos soportes non fan que os afeizoados á lectura abandonen o libro'

Que está a ler?

Estou lendo un libro ao que lle levaba tempo con ganas: *Querida amiga*, de Marina Mayoral, unha escritora que me engaiola. Normalmente sempre teño nas mans máis dunha lectura pero como, neste caso, tiña moi atrasada esta, adfcome a ela.

Que recomenda para ler?

É difícil facer recomendacións porque a lectura é un acto bastante persoal pero se alguén quere pasar un anaco agradable ten que ler o último libro de Carlos Casares *Deus sentado nun sillón azul*. Somos moitos os que o estamos a ler e ademais sempre é bon ler en galego.

Como influen as novas tecnoloxías no mundo do libro?

Hai anos deuse a irrupción dos ordenadores, que mudou a produción dos libros dun xeito positivo. Foi beneficioso en canto modificou o xeito de traballar, de escribir e maquetar. En relación a soportes como o CD-Rom, aos editores galegos non nos afecta tanto. Primeiro, porque un soporte ao que aínda non podemos acceder. En segundo lugar, é un soporte adecuado para obras de grande volume como dicionarios enciclopédicos pero coller un libro continúa a ser un acto íntimo e quen é un afeizoado á lectura non prescinde del.

É un bon negocio editar na Galiza?

De bon non ten nada, o que si é certo é que é un negocio especial. Aparte de que unha empresa editorial precise uns dividendos para seguir adiante, hai unha forte componente cultural, unha educación dos editores, afortunadamente.

Por que Edicións do Cúmio se diversifica coa música?

Parécenos interesante achegar á cultura popular á xente e un dos xeitos máis normalizados hoxe en día é a música, sexa en compacto ou en casete. A música chega a moitas persoas e non é tan complicado editar discos. É certo que a produción moitas veces ten que facerse fóra de Galiza pero a matriz está aquí. Cada vez hai mellores estudos de son e profesionais neste terreo. ♦

Editor, (1934- Meira).

Director, Edicións do Cúmio.

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Unha casa de cine

Contábame un amigo que en México, perto da fronteira cos Estados Unidos, estivo nun lugar de casas de pallabarro moi caleadas, nas que non vivía alma nacida, aliñadas a ambas as dúas beiras dunha rúa sen asfaltar que remataba nunha igrexa, asemade, totalmente pintada de branco. É unha preciosa aldea típica, que aínda que non é adecuada para a vida actual, conserva as formas de cando estaba habitada, hai bastantes menos dun século; e a pesares da soidade en que hoxe en día se envolve, por estar tan ben cuidada, nunca se ten a idea de que sexa unha desas aldeas pantasma, abandonadas e abocadas á ruína e o esquecemento.



O milagre, para que se conserve así, débese a uns señores de Hollywood, que lle pagan aos propietarios das cachoupas para que as manteñan en bo estado e a punto para cando teñen que rodar algún western. E eles felices, porque lles dá a oportunidade de manter en pé as casas dos seus antepasados, e con elas o espírito deles.

Desde que o home tratou de ter un lugar propio no que acubillarse coa súa familia, a casa foi o patrimonio máis apreciado, tanto daquel que herda, como do que se decide a formar un fogar. Cantos paisanos non emigraron para ter a súa propia casa, e cantos, non se atreveron a casar por non ter unhas paredes propias. Cantos fillos, netos,

sobriños e demais familia acolleron a velliños que non tiñan quen os coidase, a cambio desa cláusula testamentaria que se fixo famosa entre nós: "a casa para quen me coide".

Na casa operouse unha evolución constante, pola que se adaptou, non só ao terreo, senón tamén ás formas e aos usos de cada época; nela, tiña que caber a familia, pero tamén os animais e os aparellos, formando parte do fogar; ela ten que prestar seguridade e gardar secretos e intimidades de porta para dentro, e ao mesmo tempo, ten que abrir ao exterior ocos polos que comunicarse co entorno.

Co tempo, cada tipo de casa

foi mudando de forma, foi engadindo dependencias, adquirindo novos espazos, usando novos materiais de construción, pero só as Pallozas dos Ancares e o Cebeiro, co seu teito de colmo e os muros de cachotería se mantiveron sen grandes variantes construtivas, e ate hai moi poucos anos, dentro delas, revoltixaban os cativos, sentíase a calor e o baño dos animais dentro da corte, que formaba parte da casa como unha habitación máis, fumegaban as pallas do teito cos fumes da lareira e sentíanse, sen maiores preocupacións, os fortes ventos da serra batendo nas súas paredes redondeadas, que non lle ofrecen resistencia ao aire.

A única evolución que tivo a palloza foi o engadirlle un piso ás máis grandes, pero agora, os seus moradores, que reclaman o dereito a vivir na modernidade, tamén queren ter luz eléctrica, un cuarto de baño con bañeira de auga quente e corrente, unhas habitacións amplas e luminosas... e a Palloza, que non ten nada disto, vese abocada ao abandono.

Non ten a modernidade nengunha solución para que os veciños das serras orientais vivan coas comodidades que se merecen, sen aniquilar estas construcións etnográficamente tan valiosas e cheas de lembranzas?

Estou seguro de que estas casas, co seu misterio encerrado nesa forma entre primitiva e práctica, tamén se conservarían se aquí houberse unha industria do cine facendo películas como as de vaqueiros, nas que un home sae a tiros contra outro que roubou o marco dunha leira, a dun lobishome que viola sen pudor a unha fermosa doncela que logo se transforma no máis detestábel ser que habita nas montañas do Courel; ou unha dun trasno que entra pola cativa fiestra, e despois de engaiolar a unha moza cos seus ollos verdes, déixaa en cinta, e a xente compadécese dela e fai un esconxuro.

Imaxinádesvos cantas películas se podían facer se houberse unhas subvencións de cine? ♦

Misturan a alta tecnoloxía e o traballo artesanal

Mobles para o mundo desde A Estrada

♦♦ PAULA BERGANTIÑOS

A alta tecnoloxía e o traballo artesanal mistúranse na fábrica de mobles da Estrada *Maria Martínez Otero S.A.* Con máis de cincuenta anos de antigüidade, esta empresa vende desde hai tempo os seus produtos alén das nosas fronteiras. A entrada dos seus mobles en países como Estados Unidos ou Grécia vai parella á filosofía empresarial de que o encargo individual prima fronte á produción en serie.

Criouse xa no 1941 como empresa familiar e, agora, os seus produtos están a chegar a mercados como os de Portugal, Bélxica, Franza, Grécia, México ou os Estados Unidos. O investimento en maquinaria máis avanzada é, para Xosé Manuel Durán, vicepresidente desta empresa fundada pola súa nai, unha condición indispensable para poder colocar os mobles no mercado e seguir a ser competitivos. "Como non traballamos na fabricación de mobles en grandes series —explica— necesitamos máquinas moi eficientes e facilmente programábeis que fagan posíbel un cambio rápido de modelaxe, evitando os tempos mortos".

Pero a inclusión da alta tecnoloxía non matou a un traballo artesanal que aínda pervive fidel á tradición, pois é o que demandan os mobles nos que o deseño complica a forma. Actividades como encolar, pegar ou bernizar, seguen a facerse en moitos casos manualmente. "O funcionamento de máquinas como o robot de bernizado, cunha capacidade para o tratamento de até trescentas pezas por xornada, —explica Henrique Loureiro, encargado de persoal— moitas veces tamén vai en función da demanda". Loureiro chegou á empresa hai máis de trinta anos e o seu traballo foi parello aos cambios no proceso de fabricación. "Cando eu entrei



Zara é unha das empresas que surte as súas franquicias con mobles da Estrada.

A. PANARO

—conta— a fábrica estaba situada no baixo dunha vivenda da propia vila. Eramos nove traballadores nun local que media perto de seis metros de ancho por doce de longo, e as máquinas de que dispoñamos eran unha serra de cinta e unha lixadora de man".

Deseño e fabricación

Nas instalacións de hoxe, ás aforas da Estrada, a empresa acolle as actividades de deseño e fabricación. A planificación dos mobles como traballo a desenvolver incluíuse desde os anos sesenta. "Neste departamento —explica Xosé Manuel Durán— tamén se fixo necesaria unha progresiva modernización. Contar cun centro de deseño asistido resulta indispensable para poder seguir a competir no mercado".

Cadeas de tendas como *Zara*, *Pull&Bear* ou *Motto*, mercan os seus mobles nesta empresa da Estrada para utilízalos nas súas

franquicias. A venda faise por encargo, sexan empresas ou particulares, comprendendo unha ampla oferta de todo tipo de mobles escolares, para hostalaría, o fogar ou oficinas. O vicepresidente de *Maria Martínez Otero S.A.*, Xosé Manuel Durán, reconece que as grandes cadeas comerciais son clientes moi importantes. "Actualmente —explica— estamos tentando chegar a novos países através de vendas a empresas que están montando novas tendas de franquicias".

A madeira foi, desde un comezo, a materia prima fundamental, pero o deseño fixo necesaria a ampliación da fabricación a outros materiais. "Había xa 15 anos que *Maria Martínez Otero S.A.* traballaba con ferro para facer bancos de escolinos e cadeiras —explica Henrique Loureiro— e hai un ano, aproximadamente, que incluímos o aluminio e o vidro para a elaboración de mobles como mostradores e mesas".

Un negocio durante a postguerra

Se por algo se caracteriza a vila estradense é polo volume de empresas adicadas á carpintería. Nos anos da postguerra xermolaban multitude de obradoiros adicados á fabricación de camas torneadas. A destrución de vivendas durante a guerra facía dos leitos un produto que se vendía con facilidade. "Un aprendiz —explica Loureiro— logo de pasar algun tempo nun taller, decidía montar o seu propio taller con un ou dous compañeiros, por consideralo moi rendíbel. Así foron multiplicándose as mablerías. Hoxe, de cada tres portas que dan á rua, unha pertence a unha fábrica de mobles". Na década dos cuarenta mercar unha cama torneada supuña un custe de doce pesos. Na compra estaban incluídos os dous longueiros, un cabezal, os pés e mesmo o metálico. Hoxe hainas que chegan a valer medio millón de pesetas. Daquelas a maioría era madeira galega, hoxe impórtase de fora. ♦

Poder pegar

MANUEL CIDRAS

Cóntame uns amigos, naturalmente indignados, o que lle sucedeu a un fillo seu que, logo de ser vítima dun pequeno incidente de tráfico provocado por un vehículo de certa Policía Local e comoqueira que o rapaz non adoptase unha actitude abondo sumisa, foi conducido polos axentes ás dependencias policiais e, alí, recluso nun retrete, déronlle unha malleira.

Non se trata de crear unha alarma innecesaria, pero sucesos coma os que relato ou outros semellantes, tais como detencións arbitrarias a mans de policías desairados, non son tan infrecuentes como se poida pensar. Calquer pode pasar unha noite nun calabozo se se comporta diante dun axente da autoridade de xeito que, no particular criterio deste, sexa constitutiva de desobediencia ou desacato. O abuso é a forma cotián desa outra violencia da que fala a prensa, terrorismo de *bodeguilla* pero sen *bodeguilla*, sen siglas, sen fondos reservados e sen documentos segredos.

O xeito máis xenuino de verificarse o poder é esencialmente corporal: mallar no corpo do sometido, privalo da súa liberdade de moverse, marcalo cun estigma (a cabeza rasurada da muller trasgresora, a marca do escravo). Por iso cando se resinte o principio de autoridade, a forma máis doada e evidente de restabelecelo é por medio de procedementos tan físicos coma aquel que comentamos, así no espazo privado como no público: a bofetada do pai, a torta do mestre, a malleira da policía, o trancazo do carcereiro.

A fin de contas, e a pouco que se rañe, poder-poder é poder pegar, e o demais é apenas autoridade moral. ♦

OFERTA EN VÓS

IDA E VOLTA

Buenos Aires	115.000 ptas.	Amsterdam	48.700 ptas.
Buenos Aires	106.000 ptas.	Bogotá	109.900 ptas.
Buenos Aires*	122.000 ptas.	Asunción	123.000 ptas.
*(Con hotel en Amsterdam)			
São Paulo/Río	85.000 ptas.	Montevideo	120.000 ptas.
Athens	59.000 ptas.	Bologna	49.600 ptas.
Toronto	85.000 ptas.	Frankfurt	50.700 ptas.
New York	75.000 ptas.	Cairo	76.000 ptas.
London	33.000 ptas.	Macau	125.000 ptas.
Santiago de Chile	115.000 ptas.	Zurich / Geneve	49.900 ptas.
París	29.000 ptas.	Johannesburg	143.000 ptas.
Lima	115.000 ptas.	Montreal	85.000 ptas.
Oslo / Stockolm	70.000 ptas.	Miami	95.000 ptas.
Milano / Roma	49.600 ptas.	México	115.000 ptas.
		Nairobi	117.500 ptas.

SÓ IDA

Buenos Aires	77.000 ptas.	Colonia	47.700 ptas.
São Paulo / Río	69.000 ptas.	Stuttgart	42.000 ptas.
Amsterdam	39.000 ptas.	London	26.000 ptas.
París	19.900 ptas.	Milano	36.500 ptas.
Genève	37.000 ptas.	Dublin	43.400 ptas.
Frankfurt	37.000 ptas.	Montreal	51.000 ptas.
Zurich	36.900 ptas.		

MINHÓ EXPRESSO

VIAGENS

SAIDA DO PORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 - FAX 23 798
VALENÇA DO MINHO

VOLVER AO REGO

O PP de Madrid ven de consagrar o matrimonio civil. O de Galiza non o podería facer, hipotecado como está polo Opus Dei. Hai protestas: o *lepenismo* ancorado nas polainas de Aznar. A irmá de Fraga defende os valores da familia. Esquece que a familia está machacada polo alcol que é consecuencia do paro. Bótanlle en cara a Cascos o dos 22 anos da noiva. El cando menos casou. O máis frecuente é telas como queridas vergonzantes. Se o 90% dos ministros fosen mulleres, se cadra algunha botaba un mozo de 22. É un problema de poder, non de valores familiares. ♦